

Os armadores galegos celebran o resultado negativo do referendo

Noruega rexeita o paraíso da UE

A agricultura e a pesca de Noruega gañaron o referendo contra a reconversión prevista por Bruxelas. Os dous sectores só significan o 1,7 e o 0,6 por cento do produto nacional, pero representan unha forma de vivir e de cultura povoacional que democráticamente queren conservar como parte central da súa identidade.

Kohl celebra con Gro Brundtland, o rei sueco e os parroquianos da UE, a deglución de Noruega



Polémica sobre a carta da Académia Española

Cela e Torrente rectifican, pero a Xunta non

(Páxina 23)

ALÉN DA AVENTURA


Carlos Vila Sexto

Unha novela de acción e aventuras, gañadora do V Premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís, que revela a un dos nosos autores máis novos e prometedores.



Lois Tobio: 'O nacionalismo hoxe é máis realista que no 36'

Lois Tobio é unha das persoalidades máis importantes do nacionalismo, que veu trunca a súa carreira de diplomático por ser leal á República. No exilio americano foi o encargado de darlle senso legal ao Consello de Galiza, en estreita colaboración con Daniel Castelao que confiaba plenamente nel. Nos próximos días vai saír do prelo das Edicións do Castro, *As décadas*, un monumental libro de memorias no que Tobio entrega a experiencia de toda unha vida co pensamento en Galiza. Preside na actualidade o Seminario de Estudos Galegos. (Páxs. 16 - 17)



Ao PP estóupalle nas mans o conflito de Guixar

O problema do lixo, un barrio tradicional marxinado e a postura eleitoralista e ambigua do PP prenderon o lume no barrio vigués. O conflito que en primeiro lugar ia dirixido contra o goberno municipal (no que o PSOE comparte o poder cos nacionalistas) está a volverse estes días contra o propio Partido Popular que ostenta a maioría na empresa encargada do lixo (SOGAMA), así como na Comisión Provincial de Meio Ambiente e na Consellería de Obras Públicas que preside Xosé Cuiña. (Páx. 13)

Ocidente declara a guerra suxa a Arafat

A prensa internacional empéñase en destacar as diferencias xurdidas entre Hamas e Al Fatath (partido de Arafat) como o grande problema palestino que pode impedir o asentamento deste povo na súa terra. A visión dos palestinos é moi outra: a verdadeira causa está na lentitude da aplicación dos acordos. (Páx. 18)

Alunos de Vigo obteñen prebendas do reitor a cambio de votos

O Colectivo Independente de Estudantes ten un poder decisivo tanto na Xunta de Goberno como no Claustro da Universidade de Vigo. No Claustro acumula o 70% dos postos reservados a estudantes e na Xunta de Goberno ten 19 dos 20 representantes. (Páx. 5)

VIII Congreso da UPG

Bautista Álvarez: 'Tomaremos San Caetano cos votos'

"Imos tomar San Caetano, mal que lles pese, con Beiras á cabeza e un povo imenso a rebenotar urnas con votos nacionalistas, canso de zares que ademais de comer prebendas engullen as palabras". Con esta expresión, Bautista Álvarez recolleu os máis fortes aplausos dunha rexovenecida militancia que o pasado fin de semana celebrou en Santiago o VIII Congreso da UPG. (Páx. 7)

A UE nomeara xa a un noruegués Comisário de Pesca nun último intento de convencer aos nórdicos

A agricultura e a pesca noruegas non queren ás multinacionais

G. LUCA DE TENA

Nun esforzo para engadar ao eleitorado noruegués, a Unión Europea pegou un pincho anti-democrático e nomeou comisário de pesca a Thorvald Stoltenberg, que comezou reinar antes da coroación mentres Madrid gardaba un irritado silencio. Pero nen esta escandalosa precipitación, nen o listón levado dos subsidios, nen privilexios como o do comercio do alcol convenceron aos nórdicos das vantaxes de Maastricht.



Os labregos noruegueses votaron polos que defenderon a súa forma de vida e non polos que lles ofreceron máis subsidios.

O glaciar do Nigardsbreen é unha das 24 gallas de xelo que baixan desde a cuiña do Jostedal. A branca garlopa central anda case o paso dun home cada corenta e oito horas. Hai quen gasta a noite completa ben abrigado, ao pé dunha fogueira, para escoitar como a quilla do carambo vai rañando penedos no seu camiño cara o val.

Tor Brostiguen, secretario político de *Nei Teil EF* (*Non á Unión Europea*), a activa fronte contra a anexión, compara a estratexia conxunta do podente señor industrial de Noruega e da Comisión Europea, co andar do glaciar noruegués. Pola mañá, o goberno de Gro (Guro) Brundtland sementaba unha pedra do fondo do glaciar e ao mencer aparecía remoida como xabre.

bard, que os noruegueses requirían como área económica exclusiva. O ministro de pesca Jan Henry Olsen aguantou a porta pecha a pesar da couces de Portugal, Grécia e España. Quen cedeu finalmente non foi Olsen senón Kohl que rodeou a casa e ofreceu aos mediterráneos negociar cos rusos (que comparten Svalbard con Oslo) para estirar as cuotas de bacallao banda. As protestas dos do Sul esvaeceron en cousa de horas.

Outras agriculturas marxinais terían saído de apuros por menos do que se concedeu a Noruega pero os seus representantes en Bruxelas calaron.

Despois foi o protocolo do gas. O aspirante reclamaba o control exclusivo das solicitudes de exploración na súa área, que os ministros de enerxía da UE concederon. A explicación oficial foi que Noruega tiña necesidades particulares. Como se sabe, o país reborda gas e petróleo.

Primeiro foi o caladoiro de Sval-

(Pasa á páxina seguinte)

Non tolea quen non p

Cando Noruega escolleu en 1905 arredarse de Suécia, os diários do Malmö calificaron aos seus viciños de envidiosos, ensimesmados, illacionistas e tolos. Para os suecos era de cativo xuízo aquilo dos labrego/mariñeiros da Mar do Norte volverse sobre si propios e dar as costas a unha oportunidade de mancomunarse para avanzar.

No ano 1972 os diários da CEE repetiron xuízos dasta caste ao Noruega votar contra a asinatura do Tratado de Roma. Por fin, en 1994 os sócios de Maastricht non se recatan en chamar montaraces á xente de Norge ou Noreg, segundo as dúas normativas aínda sen carta de oficialidade do idioma noruegués.

Polo visto moitos observadores de categoría da Europa ofendida polo portazo de Noruega coinciden en explicar que foi a poboación labrega e mariñeira a que virou o leme para o *non*. Os galegos decimos que non tolea quen non pode, e tanta insistencia dos oráculos da Europa rica por volverlle o xuízo aos paranoicos dos fiordos ben merece unha explicación.

¿Como pode ser que a agricultura e a pesca noruegasas que só representan o 1,7 e o 0,6 do Produto Interior Bruto levanten unha marea de opinión tan inexorable contra Maastricht en competencia coa podente industria do país escandinavo, de certo interesada en estender os seus intercambios cos doce?.

Os noruegueses están orgullosos de ter un pasado comun con Europa pero saben que a súa identidade depende da diferenza. A terra fértil é pouca, a agricultura é mínima se se compara coa de Holanda, por exemplo, pero a relación entre a identidade nacional e as formas de

(Ven da páxina anterior)

Os panos quentes de Bruxelas para empatar a Política Agraria Común co campo noruegués levantaron un coro de agráviros. O goberno de Brudtland esixía por moitos anos que as fortes subvencións do Estado ás leiras frias e sen sol do fondo dos fiordos fosen compatíbeis cos subsidios da UE. En principio lograron sete anos de franquicia. Outras agriculturas marxinais terían saído de apuros por moito menos pero os seus representantes en Bruxelas calaron pola presión combinada de Suécia, Austria, Finlandia, Dinamarca e Alemaña.

Por fin Alemaña tirou da manga un as: nomear anticipadamente para a carteira de pesca a Thorvald Stoltenberg. O nomeamento quedaba presuntamente embargado até o ingreso de Noruega pero Kohl animou a Stoltenberg a entrar en materia de contado. Ao mesmo tempo, Bruxelas recoñeceu que Noruega non entraría na Unión Económica e Monetaria por moito tempo, coñecido o artellamento da co-

roa co dólar por causa dos prezos do petróleo.

Sorrisos paternalistas

O glaciár lambuzaba todo. Javier Solana alternaba desmentidos atrapallados con sorrisos paternalistas (a Unión é o único importante), para negar agráviros comparativos. Aínda así, os barcos pesqueiros con pavillón español seguían en corentena até Xaneiro do 96.

Pero a pesar destas tragadeiras, a oposición norueguesa melloraba nos inquiritos. O discurso da agrarista Anne Lahnstein no se centraba na comparación da renda dentro e fóra da UE, senón na defensa da cultura de Noruega. "A liberalización económica que defende a UE non conduce a unha sociedade mellor -comenta Arne Vinje, portavoz do Sindicato de Granxeiros e Pequenos Agricultores de Noruega (NBS), que participou activamente na campaña do referendo-; a liberalización leva máis ben á homoxenización. Cultural e socialmente

(Pasa á páxina catro)

Alemaña tirou da manga un as: nomear anticipadamente para a carteira de pesca a Thorvald Stoltenberg.



Arne Vinje, portavoz do Sindicato de Pequenos Agricultores e Labregos da comarca de Telemark. A NOSA TERRA

Guro Fjellanger,

secretaría da frente política Neil Til EF

'Se coidamos a baixura, o emprego mantense e a pesca non marcha'

A organización *Non a Unión Europea (NTEF)* nacera en 1990. No momento do referendo é a formación política máis ampla de Noruega con 160.000 contribuintes, 440 delegacións locais e unha activa mocidade. Guro Fjellanger é a secretaría xeral da NTEF.

Neil Til Ef (Non a Unión Europea) dixó durante a campaña do referendo que Noruega ten características diferenciais que non se poden reconciliar co tratado de Maastricht. De que características se trata?

Noruega é diferente porque é grande e somos poucos. Un dos obxectivos trazados despois da II Guerra Mundial foi vivir en todo o país. Dentro da estratexia da Guerra Fria interesaba sobre todo a defensa do territorio. O problema é que o terreo cultivábel non é moito e está espallado por toda a xeografía entre vales, ao pé dos lagos e na costa. Menos do tres por cento da superficie total está en explotación. En termos de auto-suficiencia, as explotacións agrícolas non atinxen nen o cincuenta por cento pero son fundamentais para manter a distribución da poboación; o país tal como hoxe o coñecemos. Doutra parte, a loita de Noruega por ser unha nación vai unida á idea democrática, ao convencemento de que ten que ser a poboación a que decida o futuro do país. Nós non tivemos a penas aristocrática. O orgullo da xente mariñeira mantense intacto e arrítase sempre que tratan de cambiarlle a súa forma de vida tradicional.

Outros Estados de Europa fixeron caer esas diferencias dentro do concepto de Áreas Menos Favorecidas.

Teña en conta que para a maioría dos noruegueses a Unión Europea é só un sistema económico. As razóns de explotación económica e de obtención de beneficios, sen máis, non nos compensa. Os criterios de subvención das áreas menos favorecidas entrañan sempre desemprego alto e rendas baixas. Aínda nas partes máis pobres de Noruega somos máis ricos que nas áreas menos favorecidas da UE.



SIDSEL JØRGENSEN

Pero a integración de Noruega no Espacio Económico Europeo (EEE) non tivera oposición.

Dentro da Área Europea de Libre Comercio (EFTA) podemos exportar practicamente todo menos o peixe. Está ben: sacrificaremos os mercados posibles do peixe pero conservaremos o resto. A cambio non estaremos administrados desde Bruxelas por xente non elexida democráticamente nen nos mandarán ordes desde ese Banco Central que non controlan nen os parlamentos de cada país asinante de Maastricht. No que se refire á pesca, a nosa experiencia

demostra que cando coidamos a baixura, con barcos pequenos e autosuficientes, o emprego mantense e o peixe non marcha. Isto é moi importante para os pequenos asentamentos da costa que viven entre a baixura e a agricultura. O mercado da UE é importante para a pesca industrial, pero en Noruega son moitos os que cren que é mellor conservar os postos de traballo que aumentar as capturas. Sabemos por experiencia que no mar, unha maior produción significa menos postos de traballo e menos pesca. Quería perguntarlle por certo, onde empregan vostedes aos pescadores galegos que perden o posto de traballo?

on pode

estabelecerse no territorio e dialogar coa natureza son intensas, vivas. Non sinten a cultura labrega e mariñeira como un recambio senón como acervo que os mantivo unidos e os fixo progresar por séculos.

A poboación de Noruega ben se amañaba para vivir coa chaira de Oslo, a comarca do Ahrkus. Esta utopia negativa, implícita no discurso de Maastricht, é a que os moveu a recusar o ingreso. Queren ocupar o seu país, vivir nese mapa disperso de pequenas vilas de beiramar e ao pé dos lagos, que só ten comparanza en toda Europa coa distribución demográfica da Galiza.

Agudamente sinten que a palloza de Maastricht pode ser lucida por fóra pero non lles vai protexer da coriza. As decisións do Banco Central non van pasar polos seus consellos aldeanos, nen sequer polo parlamento de Oslo. Desconfían dunha macro-agricultura que reborda tóxicos e ten, precisamente por iso, rendabilidade como para esmagalo. Saben que a pesca sempre volve cando quer o goberno e a experiencia corrobóralles que os seus caladoiros nunca rematan se as artes son de baixura e remo e se defenden dos grandes arrastreiros.

Os armadores galegos tamén celebran o ensimesmamento noruegués, no canto duns acordos sobre caladoiros intermediados por Alemaña con promesas no ar e a ameaza do peixe escandinavo entrar á competencia do noso.

Só o goberno de Madrid lamenta, como fixo o de Stocolmo hai 89 anos, que estes labregos teimudos ridiculicen a utopia trapalleira, horterá e máis falsa que un peso de cartón, de Javier Solana e outras choronas desta hora.

A NOSA TERRA

JA TIL FOLKESTYRE!
EF-unionen har ingen demokratisk tradisjon og bygger på helt andre prinsipper enn det norske folkestyre.

NEI TIL AUKA FORSKJELLAR!
EF-unionen virker ein teltos økonomisk politikk på alle medlemsland. Medlemslandene står ikkje fritt til å velje nasjonale verkemiddel mot den veksande arbeidsleda. Presset mot vekselskurs og lønns- og vekselskurs aukar også.

JA TIL ANSVAR FOR MILJØET!
Etter andre marknader lever EF-unionen fisk og fiskeindustri og fiskeindustri i Europa. Tradisjonelt og fiskeindustri har alltid vært en del av EF-unionen som trykter for å bli en del av vekselskurs og lønns- og vekselskurs.

NEI TIL EF

(Ven da páxina tres)
iremos perdendo o que nos fai diferentes. Hai que ser diferentes para sobrevivir. No senso ecolóxico a diversidade de Noruega é a que deu orixe á súa cultura, lingua e formas de vida".

Os que fixeron campaña contra o ingreso comparan a progresión da morrena de Maastricht e a súa formidable dotación económica coa teimosía dos que defenden granxas pequenas. Unha guerra agrarista? Vinje, os compañeiros da fronte *Nei Til EF* e os centristas, non din que non. O seu discurso incorpora con todo elementos ecoloxistas, acrecentados polo orgullo de vivir dun xeito distinto. "A UE defende a racionalización económica e a concentración. Non entenden que en cen quilómetros de costa teñamos trescentas pequenas poboacións que viven da baixura e do campo e necesitan cada unha delas instalacións portuárias. Isto parécelle un estrago. Pero nós somos así. Senón, isto non sería Noruega senón Estados Unidos".

O Ministro de Agricultura español acolleu o non como un desastre; a Cooperativa de Armadores como unha boa nova.

O ministro de Agricultura do Goberno central acolleu o non como un desastre para a pesca española. Xosé Ramón Fortes, presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo dixo que a derrota de Brundtland no referendo era unha boa noticia. "Polo menos declarou- detense o proceso de desequilibrio cara o Norte". Os armadores consideran que o goberno de Oslo leva meses interferindo, coa axuda de Alemaña, as negociacións dos caladoiros do Canadá. Para eles, o cacarexado lote de bacallao das Svalbard estaba aínda no ar porque dependía do compromiso dun terceiro (Rusia) que libraba de responsabilidades a Oslo neste capítulo central das negociacións para o ingreso.

Os turistas levantan o campamento do glaciar. A acústica da manta de xelo é espectacular pero a paisaxe branca sucédeuse a si mesma. O troll (trasgo) noruegués tamén chouta pola noite pero a luz do abrente convérteo en penedo. ♦

O discurso da agrarista Anne Lahnstein non se centraba na comparación da renda, senón na defensa da cultura de Noruega.

Ottar Brox

'O que quería a UE era coller aos 95.000 pequenos granxeiros e reducilos a 5.200'


O sociólogo e economista Ottar Brox, peza central do Instituto Noruego para o Desenvolvemento Rexional, de Blindern, di que a agricultura tradicional e a pesca de baixura aseguraron a continuidade do seu país, ameazado polos partidários de industrializar a toda costa. Brox é popular en Noruega por textos de divulgación como *É viábel unha agricultura de minifúndio* (1989) ou *Os pescadores de Terranova na era industrial. Socioloxía do dualismo económico* (1972).

Moitos elementos da oposición de Noruega ao Tratado de Maastricht fan pensar nunha guerra agrarista. Os sócios da UE sorpréndense por esta loita nun país industrializado

O do campo noruegués non é un asunto doado de entender para os de fóra. Quen coñece a historia británica pode imaxinar como sería hoxe a paisaxe inglesa, galesa e escocesa se durante a revolución industrial tivese requerido o apoio dos foreiros da Terras Altas para se manter no poder. Desde comezou a modernización de Noruega, a comezos do XIX, quen gobernou o país foron sempre os labregos, da súa man ou delegadamente. E aínda que a influencia política do campo xa non é o que era os gobernos de Oslo non teñen máis remedio que respectar a distribución da poboación. Isto enténdese mellor se consideramos o que pasou cos parques industriais cos que os social-demócratas quixeron a final dos 60 acelerar a industrialización e liquidar a agricultura e a pesca de baixura. A idea fóra importada de Inglaterra para acelerar a concentración da poboación. Fixese que a planificación governamental precisaba que como mínimo os parques industriais tiñan que ofrecer 1.500 postos de traballo, que obviamente había que roubar da agricultura e da pesca. Pero os políticos locais fixeron da necesidade virtude e os cartos para concentrar poboación serviron derradeiramente para fixala no seu territorio. Isto é o que Robert Merton chama *esnaquizamento de obxectivos*. Os partidários da UE representaban un novo intento de despovoar o campo e isto torceu o cerne do país que é o seu xeito de situarse no territorio.

O non da poboación da beiramar foi calificado de conservador polos social-demócratas do Goberno

Poderíamos encher varios libros cos laios dos industrialistas noruegueses que se sentían frustrados pola oposición popular á modernidade fabril. Moito se ten falado da tendencia romántica ou pastoral da literatura de Noruega, e tal se lle achaca por exemplo ao Nobel Knut Hamsun. Pero o escepticismo antimodernista tamén se deu desde o goberno, como no caso de Christian Michelsen, que foi primeiro ministro cando a secesión de Suecia, no 1905. O de-



O economista Ottar Brox coíde que a eficiencia da pequena agricultura é superior á da grande.

PER STÅLE BUGJERDE
senvolvemento material da economía norueguesa foi moi influenciado polo ludismo activo. Por exemplo cando os pescadores da baixura destruíron unha factoría baleeira en Mehamn (Finnmark) no ano 1903. A protesta populista de carácter espontáneo contra a tecnoloxía moderna tivo finalmente unha expresión institucional e freou de feito a modernización da principal industria exportadora de Noruega. Eu coído que o anti-modernismo, sobre todo a resistencia labrega, o que fixeron foi potenciar o crecemento económico de Noruega e a modernización tecnolóxica.

Como?

Os labregos que viven entre a baixura e a agricultura, o que vostedes chaman *traballador simbiótico*, opúxose á explotación industrial da pesca litoral e o resultado foi un retraso relativo do sector da pesca. Pero non por iso se retrasou o crecemento económico senón ao contrario. O capital da familia Kaarbo, por exemplo, ao non poder medrar nas pesqueirías por oposición dos da baixura, foise para os estaleiros en Harstad.

E como cambiou o campo con ese crecemento?

Durante os 80 todo o mundo parecía dacordo nun aspecto: o principal atranco do crecemento industrial era a dispoñibilidade de man de obra. Pero o campo non daba o seu voto por un goberno que fixese tal política. Os gobernos social-demócratas naceron da oposición desde a base á concentración industrial e o desmantelamento do campo. O que pasa é que así que chegaban a Oslo os representantes desa corrente de opinión cambiábanse para o que cha-

maban *planificación industrial*. Afortunadamente, o poder local frustrou sempre aos planificadores. A ameaza máis grave foi a dos cartos do petróleo, que comezaron a anestesiar con subvencións aos inimigos da modernidade. O anuncio da chegada da Política Agraria Comunitaria tivo o efecto de revelar o que pasaría co país a prazo curto. A maioría dos noruegueses comprendeu que apoiar a política de subvencións para o campo era votar polo liquidacionismo, acelerar a morte da gallina dos ovos de ouro. Porque iso foi para Noruega desde os sesenta a defensa da súa forma de vida e de asentamento sobre o territorio. A perspectiva dun Tratado de Maastricht que dese prioridade ás forzas do mercado foi como un arreguizo.

Pero vostede defende a subvención para o campo

As pequenas granxas de Noruega non poderían vivir sen axuda porque non soportan a competencia das grandes industrias agrícolas. O que eu proponho é coller a renda nacional e compartila con eles para manter o noso estilo de vida, a cultura, a forma de ser de Noruega. O que quer a UE e reducir aos 95.000 pequenos granxeiros que viven explotando unha meia de 12 vacas en 5.200 con 40 vacas. Para Noruega esta concentración forzosa significa despovoar ao país. Para granxas grandes xa temos as e Dinamarca, Holanda e Alemaña, que non saben como parar a salmonella e moitas outras merdas. A calidade está no noso tamaño. Que soluciónen eles os seus problemas de contaminación, contáxios e adulteracións por medicamentos e hormonas antes de vir predicarnos rendabilidades. ♦

A segunda negativa

Noruega é o segundo Estado escandinavo que consulta por dúas veces aos seus cidadáns a comenencia de ingresar na UE. Dinamarca votou a primeira negativamente e asentiu na segunda. Noruega recusou a unión en 1972 (53,5 por cento) e en 1994 (53).

No ano 73 asinou o tratado do Espacio Económico Europeu (EEE), que foi corroborado por todos os sócios da Area Europea de Libre Comercio (EFTA) agás Suíza, polo que ten amplo acceso aos mercados do continente.



En Novembro de 1992, o Goberno social-demócrata cumpriu novamente os trámites para asinar o Tratado de Maastricht. No Parlamento (Stortinget) votaron a prol 111 membros e en contra 54. Con todo, inquiritos de opinión sinalaban que o 55 por cento estaban en contra do acordo con Bruxelas e só o 35 a prol.

Pouco despois de ser elexida a actual primeira ministra Gro (Guro) Brundtland proclamou que durante o seu mandado non habería cambios de importancia na relación coa UE. Con todo, o Parlamento votou a anexión ao EEE en Outubro de 1992, o que se consideraba un paso irreversible cara o Tratado de Maastricht.



As reformas constitucionais requiren en Noruega dous tercios da cámara e dúas lexislaturas sucesivas. O Parlamento actual votou varias enmiendas constitucionais para eliminar atrancos cara o ingreso na UE. Aínda así, o traspasso de soberanía a institucións supra-estatais só podería completarse desde o Parlamento co 75 por cento dos votos. ♦

CONFLICTOS NA UNIVERSIDADE

O Colectivo Independente de Estudantes consegue impunidade a cámbio do seu voto Pacto entre o reitor de Vigo e alumnos impede a participación e a transparencia na Universidade

■ XAN CARBALLA

O Colectivo Independente de Estudantes (CI) ten un poder decisivo tanto na Xunta de Goberno como no Claustro da Universidade de Vigo. No Claustro acumula o 70% dos postos reservados a estudantes e na Xunta de Goberno ten 19 dos 20 representantes de alumnos.

O equilibrio entre as forzas da equipa reitoral actual e da oposición facilita que o CI desenvolva un papel de bisagra que condiciona severamente unha acción de goberno cuxas características son escasa transparencia na xestión e falta de participación da oposición.

A xénese da Universidade de Vigo incidiu directamente na composición dos órganos de goberno que a rexen na actualidade. A Plataforma Conxerxente da Universidade de Vigo, na que está integrado o Reitor Xosé Antonio Rodríguez Vázquez, formouse como oposición á xestión da anterior equipa de Luis Espada Recarei.



Reunión entre a equipa reitoral da Universidade de Vigo e estudantes opostos ás directrices de organización das Delegacións de Alumnos.

O CI naceu da agrupación de numerosos independentes que se apresentaron como resposta aos Comités Abertos de Escola e Facultade (CAEF). Unha vez pasada a consulta, o labor proselitista de alumnos autoproclamados independentes, pero vencellados ao Partido Popular, conseguiu integrar a un bon feixe de representantes no CI, unha formación que enarbola a bandeira da despolitización. Contodo, hai un grupo de representantes independentes que

non están alineados co CI e que, desenganados tras un intento de satelización por parte dese Colectivo, comezaron a ter certa coordinación cos CAEF, sobretudo para reivindicar, fronte ao CI, espazos de representación que lle son vedados.

Precisamente un pacto entre o CI e a equipa reitoral estivo a piques de alumear un sistema de representación de alumnos que foi calificado polos CAEF e os independentes de vertical e de ase-

mellar un sistema de democracia orgánica. As directrices de funcionamento das Delegacións de Alumnos, que ían ser debatidas na Xunta de Goberno da Universidade do Martes 22, foron retiradas da orde do día pola intervención dun numeroso grupo de alumnos entre os que estaban independentes e membros dos CAEF. Finalmente o CI, tras acusar aos CAEF de fascistas, rematou por aceptar abrir un proceso de negociación que conducise á elaboración de novas directrices.

A chegada das directrices á Xunta de Goberno coincidiu coa denuncia dos CAEF sobre supostas irregularidades practicadas nas Delegacións de Alumnos na xestión, por parte do CI, do orzamento das Delegacións.

De alumno a profesor, via equipa reitoral

Celso Campos Bastos representa o pelotazo impulsado grazas á súa ascendencia entre algúns grupos de alumnos e o seu compromiso coa equipa reitoral ac-

tual. Ademais de ser un coñecido dirixente de Novas Xeracións do PP en Ourense, Campos Bastos, diplomado en Ciencias Empresariais e Informática de Xestión no Cámpus de Ourense, foi opositor tanto no Claustro Constituinte como na Xunta de Goberno da Universidade de Vigo nun proceso controlado por Luis Espada e persoas do entorno do PSOE.

Hoxe os servizos prestados á oposición de Espada significaron para el obter unha praza de Axudante de Escola Universitaria, acadada fronte a outros moitos candidatos de maior capacitación, mellor curriculum e máis experiencia.

Na súa elección pesou a realización dunha traballo sobre transportes que dirixiu o profesor Manuel Pérez Cota, xefe do Departamento de Linguaxe e Sistemas Informáticos. Pero non foi o resultado da investigación o factor determinante, senón a relación de Celso Campos con Manuel Pérez Cota, xa que este último, xunto cun *fontaneiro*, Francisco Vázquez Núñez, formou parte fundamental do tribunal que concedeu a praza. Tamén acumula o posto de asesor do Vicerreitorado de Inovación Educativa e Estudantes. ♦

Premiar fidelidades con asesorías e bolsas

Hai dúas figuras na Universidade de Vigo que explican o modelo de xestión que practica a equipa reitoral, eis os *fontaneiros* e os *bolseiros*. Os *fontaneiros* non son unha invención do reitor Xosé Antonio Rodríguez Vázquez, senón que representan toda unha tradición na Universidade galega. Os *fontaneiros* son asesores especializados nas áreas relacionadas co vicerreitorados aos que son asignados; pero en círculos universitarios, e sobretudo entre o Colectivo Nacionalista, discútese tanto a preparación dos asesores para desenvolver o labor para o que foron designados como a necesidade dos mesmos.

En efecto, a maioría dos oito vi-

cerreitorados da Universidade de Vigo teñen un asesor, pero as máis das veces non xustifican unha ocupación real.

No fondo, os *fontaneiros* responden a unha estrutura clientelar no seo do corpo docente universitario, di o Colectivo Nacionalista e nomeadamente Xerfa, a plataforma nacionalista dos profesores. Os favores e as fidelidades son compensados con *fontanerías*.

A falta dun modelo transparente de xestión da reitoría da universidade viguesa provoca que as asesorías sexan repartidas sen o control do resto da comunidade universitaria. Contodo, sábese que María Páez de la Cade-

na é asesora do Vicerreitorado de Investigación, ao igual que Beti León Fong, que tamén é Responsábel dos Servizos Xerais da Universidade. Celso Campos Bastos é o asesor de Inovación Educativa e Estudantes. No vicerreitorado de Profesorado e Organización Académica hai outros dos asesores: Francisco Vázquez Núñez e Enrique Buch. Dous arquitectos son asesores do vicerreitorado de Planificación e Alberte Ruiz De Samaniego é o asesor en Relacións Exteriores.

Bolseiros

Outra figura que podería rachar o equilibrio universitario é a das bolsas de axuda á docencia, os


seus beneficiarios son coñecidos como os *bolseiros*. Estas becas, de 300.000 pesetas anuais, foron aprobadas no meio dunha intensa polémica na que os CAEF acusaron ao reitor de crear un novo posto para repartir clientela a prezos ridículos.

O baixo salario facilitaría aos Departamentos facerse con profesorado barato, composto por universitarios de últimos cursos. Os novos ensinantes liberarían de traballo a algúns departamentos, o cal suporía un favor político por parte do reitorado.

Entre os alumnos becados tamén habería gratitude cara ao reitorado. O Mércores 30 remataba o prazo para a presentación

das solicitudes a bolsas e os alumnos non tiveron un coñecemento preciso das prazas ofertadas porque non estaban rexistradas e correspondían aos Departamentos facer as propostas das persoas a becar diante das autoridades universitarias.

Na Universidade da Coruña os CAF tamén denunciaron a intencionalidade partidista dunhas recén criadas axudas de colaboración para estudantes relacionados coas comisións de cultura de facultades e centros universitarios. O reparto de 37 axudas de 60.000 pesetas irían destinadas a "gratificacións económicas para estudantes fieis á política reitoral" e penalizaría aos estudantes organizados. ♦



Xamón Galego

LOURIÑO

O SABOR DE GALICIA

GRUPO *coRen*

7 DIAS

Os viciños do Zondal peden responsabilidade aos de Guixar

Os Montes Viciñais e o Centro Cultural de Valadares, o barrio vigués onde está situado o vertedoiro do Zondal -cuxa capacidade hai dous anos que está esgotada, aínda que continua en funcionamento-, pediron á Comisión de Afectados pola Construción da Empacadora de Guixar "ser responsábeis, obxectivos e rigorosos coas declaracións para non criar enfrentamentos inútiles entre cidadáns do povo de Vigo". Hai que recordar que a Comisión de Afectados chamara falaces aos de Valadares por pedir o peche do Zondal e explicar as razóns para facelo.

En Valadares recordan que levan 30 anos suportando un vertedoiro "descontrolado que non reúne nen as mínimas condicións técnicas nen ecolóxicas", de maneira que entenden que "calquer solución sempre serán mellor que a que temos agora en Valadares".

Denúncian á editorial Planeta por discriminación

O pasado 12 de Novembro a editorial Planeta, nun acto de promoción realizado nun hotel de Compostela, expulsou a un neno que acodia na compañía da nai, pola súa condición de fillo de separada, segundo denunciou o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller, Alecrin. O neno foi invitado ao acto, no que ían entregarlle un regalo, através dun folleto que esixía que fose con el "exclusivamente matrimonios", e foi coa súa nai, separada do pai do rapaz. A expulsión produciuse indicando que o regalo era só para fillos de matrimonios convencionais. Alecrin apresentou denuncia por vulnerar dereitos fundamentais recollidos na Constitución.

España envia avións a Bósnia contra o acordo do referendo da OTAN

O Estado español enviou avións militares para intervencións bélicas en Bósnia. A misión contradí o acordado no referendo da OTAN, que establecía que o Exército non participaría en operacións militares fóra das súas fronteiras. Segundo o Goberno, os avións van a Bósnia para dar cobertura ás tropas da ONU, aínda que o Goberno norte-americano deu por feito que en realidade é unha misión da OTAN ao afirmar que non



convén unha derrota da tamén chamada Alianza Atlántica.

O PSOE rexeita a cesión do Hospital Militar coruñés á Xunta

"Os planos de Defensa en relación ao Hospital Militar coruñés supoñen o peche e en relación ao de Ferrol a redución de 300 camas, o que prexudicaría gravemente á área sanitaria coruñesa", indicou no Senado o popular Xosé María Hernández Cochón, que pediu no pleno da cámara alta que o Hospital Militar da Coruña continuase no sector público e que fose cedido á Xunta.

Fraga reúne con Pujol

No día de onte, o Presidente da Xunta, Manuel Fraga, e o da Generalitat, Jordi Pujol mantiveron unha reunión. Ambos aseguraron que non se trataba de ningunha estratexia de achegamento entre os dous partidos que representan. Fraga declarou que non levaba ningunha mensaxe do Partido Popular. Jordi Pujol asegurou estar máis perto de Manuel Fraga que do PP, xa que o Presidente da Xunta considera o debate do modelo autonómico como un proceso aberto cando José María Aznar aposta publicamente por pechar o proceso autonómico. Por outra parte, o Presidente da Generalitat afirmou, nunha emisora de rádio, que seguiría dando o seu apoio ao goberno de Felipe Gonzalez máis "certas deslealdades de membros do PSOE", porque o primeiro é manter a estabilidade.



XURYO LOBATOVOS NOTICIAS

Hernández Cochón apresentou esta posibilidade através dunha emenda ao Proxecto de Lei da Xerencia de infraestruturas da Defensa, que foi rexeitada polo PSOE e CiU.

Campaña para a liberación dos insumisos presos

A Asemblea Nacional de Obxección de Conciencia está a levar adiante unha campaña para demandar a liberación dos tres insumisos galegos presos e a despenalización da insumisión. A campaña desenvólvese entre o 28 de Novembro e o 3 de Decembro.

Primeiro ministro comunista no reino do Nepal

O Secretario Xeral do Partido Comunista Nepali Marxista-Leninista Unificado, Man Mohan Adhikari, de 74 anos, foi nomeado primeiro ministro do Nepal o pasado Martes, 29 de Novembro. O novo primeiro ministro foi nomeado polo rei Birendra, despois de gañar as eleccións lexislativas.

Redución salarial e de plantel para salvar Iberia

Despois dunha folga completa dos traballadores de Iberia, o pasado Luns 28, que paralisou o tránsito aéreo en todo o Estado; na madrugada do Martes, a dirección de Iberia e os sindicatos chegaron a un principio de acordo para a compañía afrontar a crise, que contempla unha redución salarial e de plantel.

Os soldos baixarán en torno a un 8,5% (3% para os máis baixos e 15% para os máis altos) e nos dous anos vindeiros haberá conxelación salarial. En canto aos 5.400 despedimentos previstos, eses serán substituídos por baixas voluntarias e prexubilacións, até sumar unha redución de 3.500 postos de traballo. Ademais, os traballadores recibirán os atrasos adebedados. O acordo aínda ten que ser submetido a referendo.

Entregados os Premios Galiza de Comunicación

O Venres 25, na illa da Toxa, produciuse a entrega dos Premios Galiza de Comunicación deste ano, coa presenza do Presidente da Xunta, Manuel Fraga. Ao redor de corenta traballos aspiraban a acadar algun galardón. No apartado de mellor labor en medios impresos, o premio foi para Leoncio González, xefe da sección de Galiza e Marítima en *La Voz de Galicia* e, ademais, comentarista habitual do xornal.

O galardón á mellor produción radiofónica foi para o espazo de humor *Corre Carmela que chove*, dirixido por Siro López e que se emite en *Radiovoz*. O premio para o apartado de televisión, levouno *Xabarin Club*, o espazo dirixido por Suso Iglesias, que está acaparando a audiencia infantil. Outros galardóns foron á mellor labor de comunicación para a Asociación da Prensa de Vigo, presidida por Fernando Ramos, e o premio á iniciativa xornalística foi para *O Correo Galego*.

O xurado, presidido polo secretario xeral de Comunicación da Xunta, Xesus Perez Varela, estaba composto por Manuel Fernández Areal, Agostiño Sixto Seco, Xosé Otero Pombo, Luis Pousa, Alfonso Sánchez Izquierdo e Fernando González Macías.

Os viciños denuncian a destrución do patrimonio en Nocedo do Val

A construción dunha casa social en Nocedo, no municipio de Castrelo do Val, significa para os viciños o fin do patrimonio histórico co que contaba a parroquia, segundo informa Xoán Carlos Silva. O lugar elixido para ubicar o edificio é o recinto onde está a única fonte da aldea. As obras da casa social están sendo executadas pola actual equipa de goberno que preside o alcalde do PSOE, Raul Fernández. Este, ademais, anunciou, que vai construír unha praza de touros na aldea.

Os viciños non se opoñen á construción dunha casa social senón a que esta se leve a cabo atentando contra o patrimonio cultural e natural e así o denunciaron diante do servizo provincial de Patrimonio Histórico. Pedro Díaz, un dos denunciados, manifesta que o único que queren é defender a cultura galega e que lles extraña que Raul Fernández, un profesional do ensino, destrua os espazos emblemáticos da aldea.

Os viciños afirman que coa anterior equipa municipal chegouse a cementar a base escalonada dun cruceiro barroco e que, posteriormente, quedáronse sen unha rectoral do século XVII e derrubouse o forno comunal. Aos viciños parécelles "aberrante" que, por riba, o alcalde proxecte construír unha praza de touros. Os denunciados afirman que Raul Fernández raia no caciquismo por ilegalizar a xunta comuneira e impor os criterios da asociación de viciños da cal non se coñece nen o número de socios nen os seus procedementos estatutarios.

Carlos Bueren de operación antidroga na Galiza

Na madrugada do Mércores 30, o xuíz Carlos Bueren levou a cabo unha operación antidroga na Galiza na que resultaron detidas trece persoas da Coruña, Cambados, Bueu e Cangas. Esta rede está acusada de introducir neste ano dez toneladas de hachis no Estado. Sete dos detidos foron trasladados á Audiencia Nacional. Todo apunta a que a operación siga aberta por posibles contactos dos detidos con redes de Catalunya e Canarias.

GALIZA E MUNDO

PROCESOS CONGRESUAIS



ANDRÉS PANARO

Bautista Alvarez apresentou a Beiras como o "próximo presidente de Galiza"

A UPG identifica progreso social con nacionalismo

M. VEIGA

"Imos tomar San Caetano, mal que lles pese, con Beiras á cabeza e un povo inmenso a reventar urnas con votos nacionalistas, canso de zares que ademais de comer prebendas engulen as palabras". Con esta expresión, Bautista Alvarez recolleu os máis fortes aplausos dunha rexuvenecida militancia que o pasado fin de semana celebrou en Santiago o VIII Congreso da UPG.

Os dous eixos das ponencias aprobadas no congreso foron a dedicación "plena e absoluta" da UPG ao traballo na fronte nacionalista que é o BNG e a presentación do nacionalismo "como única vía para conseguir o progreso do país". Precisamente *Nacionalismo, forza de progreso* foi o lema do encontro. Nas ponencias aprobadas realízase unha distinción entre os conceptos de *modernidade* que "lexitima a penetración do capital trasnacional" e *progreso* que significaría "o desenvolvemento das forzas produtivas autóctonas". Precisamente, á defensa dos sectores produtivos propios, tanto na agricultura, como na pesca ou na indús-

tria, dedicou a UPG unha boa parte das súas ponencias que acadaron a práctica unanimidade dos militantes, como demostrou o escaso volume de enmendadas.

Tamén se encargou de matizar a ponencia aprobada a capacidade "limitada" pero importante dos resortes de que dispoñe o goberno galego para ser usados en defensa do país. A Xunta, vense a dicir, só terá sentido o día que esteña gobernada polos nacionalistas.

Congreso de recuperación

A UPG, que este ano celebra o trinta aniversario da súa fundación, viu neste congreso as súas filas renovadas (a militancia medrou un 25% desde o congreso anterior, segundo fon-

tes do propio partido) no que podería ser interpretado como síntoma de recuperación despois de que a caída dos reximes do Leste fornecese unha atmósfera social arisca cara os partidos de matriz ideolóxica comunista.

A UPG, que nestes anos rexeitou as mudanzas programáticas solicitadas desde os diversos baluartes do poder, recibe agora os bríos ideolóxicos da recuperación da esquerda en países como Alemaña do Leste, Polonia ou mesmo Rusia, após da súa frustrante *pasada* polo liberalismo occidentalista.

Pero non son estas, con todo, referencias que abundan nas ponencias da UPG. Este partido ten como eixo do seu pensamento a contradición centro-pe-

ria, renovada agora moi visiblemente con críticas ao goberno mundial, non eleito, que obedece ás siglas de FMI, GATT ou Banco Mundial. A UPG situa ao nacionalismo como espinaza do seu ideario, até afirmar que en Galiza non é real unha esquerda que non se vertebrar ao redor dun "proxecto de liberación nacional".

Razóns do medre do BNG

Non faltaron, no informe ao Congreso realizado por Bautista Alvarez, as alusións ao crecemento das expectativas do BNG. O éxito da fronte nacionalista non depende, segundo Alvarez, de deseños eleitorais, nen de favores de ninguén, senón "da ausencia de ambigüidades á hora de fixar posicións a respecto dunha integración euro-

pea na que Galiza cumpre o papel de bode expiatório".

O Presidente da UPG foi modesto nas súas valoracións e non mencionou, por exemplo, que as posicións que hoxe defenden amplos sectores da sociedade galega, desde empresarios a laborais, a respecto da CE (ver outras informacións deste número) foran anunciadas con claridade hai máis de tres lustros polo nacionalismo.

Alvarez que defendeu a candidatura de Mella nas pasadas eleccións europeas, dedicou varios párrafos do seu discurso a criticar ás forzas da "esquerda española" que non son capaces de arrombar dunha vez a "concepción burguesa do estado".

O presidente da UPG despexou calquera tipo de dúbidas sobre a unidade do nacionalismo, sobre o "exquisito respecto á súa pluralidade" e saudou a Xosé Manuel Beiras, quen representou ao BNG no congreso, como o "próximo presidente de Galiza". Tamén tivo palabras especiais para os membros recentemente incorporados de Unidade Galega, "aos que recibimos -dixo- non só como compañeiros, senón como amigos".

Por último realizou unha alusión ao sindicalismo para felicitar pola unidade das dúas centrais sindicais, "un día rotas por erros humanos que non deben voltar a repetirse". ♦

Beiras desminte a existencia de discrepancias no BNG

Beiras agardou a este octavo congreso da UPG para ofrecer o seu contundente desmentido ás recentes especulacións xornalísticas que falaban de enfrontamentos no grupo parlamentario frentista. "Os inimigos comprenden, dixo, que o BNG é o grande adversario e iso está a producir crispación nalguns centros de poder". Tamén se referiu ás relacións internas no seo do BNG, sinalando que se "estaban a aplicar con éxito os principios de convivencia". "Somos, engadiu, lucidamente consententes de que eses principios son básicos para o proxecto e o futuro, non xa do BNG, senón deste país".

Máis preciso fora ainda Bautista Alvarez, na xornada anterior, ao apuntar os que, ao seu modo de ver, son os motivos concretos das especulacións que arrodean periodicamente ao BNG. "As direccións de certos medios de comunicación -dixo- movilizan as súas reservas de ataque cando as sondaxes detectan incrementos de voto para o BNG". ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Xaquín Acosta
Conseilleiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Vogais: Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Alberte Ansedo, Xosé M^a Dobarro e Manuel Veiga.
Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Lucá de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: Ricardo Sandoval e Merche Vázquez (A Coruña), Xavier López (Compostela), Carme Carballo (Ourense), Carme Vidal (Pontevedra), H. Sanfiz (Ferrol), F. Arzardo (Lugo), X. Castro Ration (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortega), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), H. Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Paon (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Manuel

Pan (Bergantiños), Daniel Lázaro, Pepe Rei (Euskadi), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugiado (Asturias), Begoña Moa (Alemaña), Gonzalo Nuno (Porto), Axenda: Iago Luca.

Colaboradores: Paula Castro, Arantxa Estévez, Manuel Vilar, Xosé Cid Cabido, Pilar Piñeiro, María Alonso, Viki Costas, Avelina Barreiro, Lino Braxe, Primitivo Carbajo, X.C. Garrido Couceiro, Naniña S. Castroviejo, Anxo Salgado, Amanda Álvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacío, Xurxo Estévez, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, César Varela, X. Fernández Mateo, Antonio Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña.
Internacional: Xúlio Ríos, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú.
Literatura: Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. Música: Xoán M. Estévez,

Xiño Peña, Xoán Manuel Carreira, Oscar Losada. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova. Cinema e Televisión: Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Arquitectura: Práctico Lizancos. Historia: Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Démi Álvarez, Voz Noticias, El Progreso.
Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreira, Carlos Silvar, Gonzalo, Xúlio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel.

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreira.

Subscripcións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rúa do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo). Apartado postal 1371.

Teléfonos:
Administración, Subscripcións e Publicidade (986) 43 38 30.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

PROCESOS CONGRESUAIS

Alonso Montero entra no Consello Nacional electo na IV Asamblea Esquerda Unida espera dar o 'grande salto' nas municipais

■ CARME VIDAL/COMPOSTELA

Esquerda Unida confluirá con Unidade da Esquerda Galega nas próximas eleccións municipais co fin de se converter no "referente da esquerda nacional galega". A organización política liderada por Anxo Guerreiro lanzou, na IV Asamblea Nacional que se ven de celebrar este fin de semana en Compostela, duras críticas contra os proxectos do PS de G-PSOE e do BNG, que segundo sinalaba a súa ponencia política son inviábeis "como alternativa política ao Goberno do PP".

EU definiuse como a organización que tenta aglutinar "ao conxunto da esquerda real e nacional galega", toda vez que o PSOE "non representa un proxecto político transformador" e o BNG impulsa a unidade do nacionalismo (non de esquerda), un proxecto comun susceptible de ser compartido pola esquerda, o centro e a dereita nacionalista". Nesta orde de cousas os termos do discurso de E.E. camiñaron cara a superación da dicotomía entre forzas nacionalistas e non nacionalistas, xa que "esta división limitou no pasado e segue a limitar hoxe o avance da converxencia de forzas sociais e políticas de esquerda, e por conseguinte, é un sério atranco ao proceso de construción dunha alternativa á dereita e ao centralismo na Galiza".

Na assemblea, na que foi eleito novamente Anxo Guerreiro como Coordinador Xeral, fixouse como punto de mira as próximas eleccións municipais nas que EU espera dar o "grande salto" para "fregar o avance do PP na ocupación do conxunto das institucións galegas". Conta participar EU nunha alternativa política plural fronte ao goberno



Anxo Guerreiro cre que baixo o concepto de esquerda deben agruparse tanto os nacionalistas como os que non o son.

ANDRÉS PANARO

de Fraga xa que "acabou a ensoñación do bipartidismo na Galiza, non hai un só partido que sexa capaz de desprazar a meio prazo ao PP, ten que ser unha alternativa plural".

Integración de UEG

Os delegados asistentes á IV Asamblea de EU aprobaron o acordo de integración de Unidade da Esquerda Galega ao tempo que instaron ao Consello Nacional entrante a "facilitar a entrada a calquer forza que coincida co proxecto de EU". O voceiro de UEG, Carlos Vázquez, anunciou que o 17 de Decembro a assemblea desta organización es-

tudiará o acordo marco de confluencia e sinalou que convén esta unión pola aportación da cultura de esquerda e porque para este país é imprescindible unha alternativa de esquerdas que asuma a realidade nacional".

Anxo Guerreiro salientou que esta integración é só o comezo de novos pasos para asumir o papel de "referente xenuino da esquerda nacional galega" e seguir confluindo con "persoas e forzas políticas que desde a esquerda non se ven reflectidas hoxe no PSOE, nen no BNG".

O profesor Xesus Alonso Montero entrou a formar parte do

novo Consello Nacional e foi felicitado por aclamación polos delegados asistentes á Asamblea por ter acadado recentemente o Premio á Criación da Xunta de Galiza.

As liñas políticas marcadas por EU pasan por un cambio na política española de carácter progresista e de esquerdas capitaneado por Izquierda Unida xa que, segundo sinalou Guerreiro, "non é serio pensar Galiza fóra das ordenadas político económicas nas que ten que defenderse".

No entanto, na ponencia política de EU houbo tamén lugar a autocrítica da organización nas

que se lamentaba a pouca conexión social e mobilización da afiliación e a escasa presenza nos movementos sociais. Foi igualmente aprobada unha moción que pide o uso do galego en todos os documentos internos.

No acto de clausura participou, por Izquierda Unida, Angel García Castrillejo, que manifestou que o "proxecto de carácter federal de IU aspira a ser a forza hexemónica da esquerda e a gobernar o país". Estiveron tamén como convidados un representante da Coordinadora de ONGs e da Plataforma do 0,7 que destacaron a participación de IU nas súas campañas. ♦

POLÍTICA INSTITUCIONAL

A XUNTA, ENGANO TRAS ENGANO

A. EIRÉ

Alá, naquel tempo no que Fraga Iribarne era o xefe da oposición en Madrid, gostaba moito de dicirle ao PSOE aquilo de "vostedes só acertan cando rectifican". Hoxe non se podería afirmar o mesmo do seu goberno na Xunta pois, aínda que tenten rectificar, xa non teñen volta atrás.

Catro foron os exemplos que, nos últimos días, poñen de manifesto esta afirmación. O primeiro e máis grave, refírese á data final do remate das autovías. Tres anos estivo a Xunta a negar a evidencia e a maioría dos medios de comunicación a tratar de convencer aos cidadáns das bondades de asinar o protocolo con Madrid. Mesmo Xosé Cuiña era quen de acudir á comparanza dos seus atributos masculinos cos de Borrell para comprometerse a rematar as autovías en 1995. Agora a Xunta reconece que é imposible cumprir os prazos. Cuiña empra a Madrid a non retrasar o final das obras máis

de 1997 e, desde a súa capital, contestan que xa cando rubricaron o protocolo "quedou claro que era imposible cumprir os prazos que nel se contemplaban". Engano.

Desde hai anos víñase denunciando a política clientelar na implantación de parques empresariais ao chou, mentres os xa construídos estaban completamente vacíos. Despois foron os empresarios, por boca do seu presidente Antonio Ramilo, os que denunciaron estes feitos. Semanas despois Xosé Cuiña tivo que reconecer que a política levada a cabo era errada, acusando

do a Xan Fernández. Engano, engano.

Cando saíu á luz a utilización ilegal de automóviles oficiais, desde a Xunta negouse até as evidencias que ían aparecendo con nomes e apelidos. Semanas despois regulaba o funcionamento do parque móbil. Engano e máis engano.

'Fraga está tranquilo mentres funcione axeitadamente o seu sistema comunicacional'.

Romay Beccaria e o mesmo Fraga presentaron como prioritario da súa política a diminución das listas de espera nos hospitais. En dous anos a propaganda e o silencio cómplice dos medios convenceron a unha parte da cidadanía de que a sanidade galega funcionaba mi-

llor. Até que, desde estas páxinas afloraron as listas oficiais de espera e o propio Romay tivo que reconecer do Parlamento o fracaso da súa política sanitaria. Logo, en dúas ocasións, anuncia que muda o rumbo para lograr rebaixar o número de enfermos pendentos de hospitalización. De novo outro engano.

Pero, de momento, Fraga está tranquilo. Galiza non pode saír da crise entre outras cousas por falta de infraestruturas e os parques empresariais nos que se despilfarraron centos e centos de millóns, permanecen inzados de xestas e toxos. Os xunteiros seguen a usar os automóviles oficiais o mesmo que hai uns meses. Moitos dos enfermos agardan no campamento para operarse ou ocupan os sanatorios privados. Iso si, de momento, os galegos non se enteiran do fracaso da súa política. O seu sistema comunicacional funciona axeitadamente. ♦

A PESCA NA UE

O Consello de Ministros da U.E. apoia a postura canadiana no fletán


'A este paso Bruxelas acabará coa nosa frota conxeladora' senténcian as patronais Anamer e Anabar

■ SEVERINO XESTOSO

A pesca galega está a xogar unha partida a catro bandas: a plena integración nas augas do mar céltico, o tratado con Marrocos, a ilegalización das artes de deriva e a cuota de fletán nas augas da N.A.F.O. Neste último terreo, e ante a imprevisible postura de algúns países membros da U.E., uns 750 empregos, 20 barcos e un nivel aproximado de negocio duns 10.000 millóns de pesetas, poden ser as primeiras perdas.

Este sério revés para a frota non merece, sen embargo, máis que catro liñas dentro das 15 páxinas do sucinto informe da xuntanza do Consello europeo, que estudou a demanda das delegacións española e portuguesa encamiñada a iniciar o procedemento de obxección ao TAC de 27.000 Toneladas de Fletán Negro no marco da XVI reunión anual da NAFO. A demanda en cuestión non acadou a maioría requirida.

Por suposto as reaccións non se fixeron esperar. O día 24 as asociacións ANAMER e ANABAR, emitían unha nota que baixo o título, "Gran indignación no sector pola decisión do Consello da U.E. de reducir as capturas de fletán negro", dicía entre outras cousas: "O sector atópase sorprendido polo feito de que, países comunitarios sen intereses pesqueiros na área da NAFO, coa súa posición adoptada no Consello de Ministros no día de onte, estean a influir nas posibilidades de pesca dos estados membros directamente afectados, chegando mesmo a impedirle que continúen desenvolvendo novas pesquerías de



Franza, Reino Unido e Irlanda esquilmán fondos. Os galegos levan a fama, sinala a CIG-Mar.

profundidade, non ameazadas de explotación, como é o caso do fletán negro na zona regulada pola citada Organización internacional". O devandito escrito continuaba aínda sinalando que: "Máis inxustificable aínda é o feito de que a Comisión e o Consello avoguen por unha política de redución de capturas da frota conxeladora, sen datos científicos sólidos que avalen dita resolución e cun mercado comunitario totalmente deficitario de produtos pesqueiros conxelados. Por unha banda inudanos con importacións de peixe e pola outra, non nos deixan pescar".

O comunicado concluía que

'A UE ven de avaluar a redución dun 70% da frota do fletán, ignorando unha proposta do Parlamento Española'.

"todo isto vennos demostrar que Bruxelas quere eliminar definitivamente a frota conxela-

dora galega".

A CIG-MAR manifestouse na mesma liña, sinalando ademais que se "achaca á nosa frota unha grande capacidade esquiladora dos recursos pesqueiros, cando en realidade son países como Franza, Reino Unido, Irlanda, etc. os que empregan artes prohibidas, como a volanta, ou son responsábeis da aniquilación do Mar do Norde, onde non faenan os nosos barcos". A CIG lembra tamén que "a U.E. ven de avaluar a redución dun 70% da frota que traballa na captura do fletán, facendo ouvidos xordos a unha proposta que estaba respaldada polo Parlamento Galego, o Español e

máis pola comisión de pesca do Parlamento Europeo".

O parlamento ignorado

Efectivamente, poucos días antes o Parlamento Europeo sacara adiante unha resolución na que despois de varios considerandos, sinalaba que:

1.- Lamenta profundamente a actuación da Comisión, que fixo unha crara deixación da súa obriga da defensa dos intereses pesqueiros comunitarios na reunión anual de NAFO.

2.- Entende que a delegación comunitaria tería que ter obxección a proposta de TAC de 27.000 toneladas de fletán negro, o non contar con xustificación científica válida, sendo a primeira vez que no seo desta Organización se establece un TAC por debaixo das recomendacións do Comité Científico NAFO.

3.- Solicita, polo tanto da Comisión, que argumente ante o próximo Consello de Ministros de Pesca do día 23 deste mes, a conveniencia de que se obxeten ditos acordos e polo tanto non se proceda a súa ratificación.

O debate debeu ser duro, pois o resultado final foi de 32 votos a favor da resolución e 26 en contra da mesma, pero como di o Xerente da Cooperativa de Armadores de Vigo, "o importante foi sacala adiante". Contodo, esta opinión non se tivo en conta.

A respecto do que se pode facer no futuro, Xosé Ramón Fuentetaja, da Cooperativa de Armadores de Vigo, sinala que "estamos desde aquí a respaldar unha iniciativa sectorial que xurxiu desta Cooperativa, para plantexar un cambio, para darlle un impulso á representación que o Estado español ten en Bruxelas. Tamén trataremos de animar ao Goberno para que Pesca conte cun ministerio independente". ♦

A Consellaría de Pesca considera que a postura da U.E. fai medrar o euroescepticismo


Non se pode permitir que a Unión Europea apoie ao Canadá en contra dos intereses dun país membro, sinala a Consellaría de Pesca unha noite feita pública estes días e que polo seu interese reproducimos íntegra a continuación.

"Parécenos incomprendible que, a estas alturas da historia da Unión Europea, aínda se sigan adoptando posturas por parte do Consello de Ministros que prexudican á nosa frota, sen ter en conta a súa importancia social e económica. Non se pode asumir que unha grande parte dos países membros apoiem as teses do Canadá de reducir as cuotas de capturas de fletán negro nas augas da Organización Pesqueira do Atlántico Noroeste

(NAFO), cando este estado non pertence á Unión. Para a Consellaría de Pesca, Marisqueo e Acuicultura esta decisión é un feito gravísimo. Contradi o espírito do Tratado da Unión, polo que cedemos soberanía para que sexa a U.E. quen negocie nos distintos foros internacionais os nosos intereses pesqueiros, coa sorpresa de que finalmente apoiem os dos países extra-comunitarios."

Suponse que unha cesión de soberanía ten que obter unha corresponsabilidade beneficiosa por parte dos estados membros, e non coma neste caso.

"A decisión do Consello de Ministros volve demostrar que na Comunidade pesan máis os intereses particulares que os xer-



Xan Caamaño, Conselleiro de Pesca.

rais. A maioría dos países que aceptaron a postura da NAFO de reducir as cotas de capturas

do fletán negro non teñen intereses pesqueiros nesas augas. Cabe preguntarse por que entón prefiren beneficiar coa súa decisión ao Canadá e non a España. Neste caso, e volve-mos ao de antes, prevalece o proveito propio e o de manter boas relacións económicas e comerciais co goberno canadiano, que a defensa dun sector económico importantísimo para un país membro, como é para nós o dos buques conxeladores. Non é de recibo que unha frota que descubriu a pesca do fletán negro —unha especie da que non hai informe nengun que indique sobre-explotación— comprobe que o traballo realizado para capturar e dar a coñecer esta especie, se poda ir ó traste a causa da decisión duns países que forman

parte do teu clube económico e social, pero que apoiem os intereses doutro que non forma parte do mesmo.

"É criticábel, tamén, a falta de democracia interna dentro da Unión. O pasado Venres o Parlamento Europeo rexeitaba a decisión da NAFO de recortar o nivel de capturas do fletán negro nas súas augas. O Consello de Ministros non fixo caso da toma de postura dun órgano —o Parlamento— que representa o sentir dos cidadáns europeos, e do que forman parte persoas eleixidas libremente e por sufraxio universal. Non nos estraña que con posturas como as que onte asumiu o Consello de Ministros comencen a xurdir nos distintos países membros correntes de euroescepticismo." ♦

MANIPULACIÓN NON, GRÁCIAS RESPOSTA A MANUEL DA CAL

CARLOS VALES

Despois de ler o artigo de Manuel Da Cal no Nº 648, alédome de ter propiciado o debate sobre a protección das Fragas do Eume, aínda que sexa a costa de ser incluído por algúns na lista de individuos baixo sospeita. Todo sexa por contribuir a que algunhas cabeceiras cavilen sobre a complexidade do real e, sobretudo, a que organizacións populares tan importantes para o futuro deste país non cometan erros de análise estrepitosos.

Segundo Manuel Da Cal todo é moi sinxelo: o PP é un partido de extrema-dereita e, portanto, todo o que propoña non pode perseguir outra cousa que prexudicar ao país e ás súas clases populares, neste caso aos labregos. En coherencia co anterior, o Plano de Recursos Naturais das Fragas do Eume é unha coartada que só persegue eliminar a produción agraria que se xera na zona, implantar as cuotas de leite e eliminar explotacións agrarias.

Vaia lucidez. Agora decátome de que os que levamos loitando porque estes bosques se protexan, as plataformas de salvación das fragas criadas, as chamadas e atención dos científicos sobre o seu deterioro e as propostas políticas apresetadas no Parlamento a prol da súa protección, só serviron para darlle cobertura ao PP a fin de que pudiese atentar contra os intereses do país.

É unha mágoa que coa mesma facilidade que o meu interlocutor chega ás súas conclusións non poda preguntarse, por exemplo, como é posíbel que un individuo coma mín, que colaborou na creación do Sindicato Labrego Galego, que sofreu represión e que leva vinte anos de militancia nacionalista defenda algo tan horribel e antisocial como o Parque Natural do Eume ou, como é posíbel que a posición que el defende sexa coincidente coa de Carlos Luís Rodríguez?

Naturalmente, coa súa análise tan simples todo se ve moi claro, o que lle permite reinterpretar o meu anterior artigo, de maneira que le entre liñas cousas

que nen eu dixen, nen penso, nen se poden deducir do meu escrito. Así, utiliza un argumento de estilo literario (usar pola miña parte a primeira persoa do plural, "nós", na vez da singular "eu", como se debe facer neste tipo de artigos), para pretender que falo en nome da Xunta. Deforma a miña proposta de que exista coordinación entre as distintas administracións á hora de facer investimentos na zona —cousa que hoxe non acontece— para dar a entender que me

esquezo intencionalmente dos labregos, confundindo así a súa ignorancia coas miñas auténticas propostas: calquera minimamente informado sabe que a creación dun Parque Natural supón a constitución dunha Xunta Reitora onde os labregos e as súas entidades representativas van estar presentes xunto cos outros estamentos implicados. Difíame ao afirmar que terxiverso as posicións do Bloque mentres non crítico as defendidas polo PP. Naturalmente, non di en que terxiverso ao Bloque —porque non o fago— e mentecando afirma que non son crítico co proxecto da Xunta, porque o son explicitamente no meu anterior artigo neste semanario e o fun en moitos outros medios de comunicación de ampla difusión.

Pero unha cousa é ser crítico cos defectos do proxecto e outra extraer do mesmo conclusións de política-ficción e buscar coartadas ideolóxicas para xustificar posicións que non son máis que produto das demandas —non necesariamente correctas— da base social do sindicato. Pero para Manuel Da Cal todo é moito máis sinxelo. Sataniza ao PP e, de paso,

aproveita para satanizarme a min. O PP é intrinsecamente malo e, portanto, todo o que propoña será necesariamente negativo. Nesa liña de razoamento a miña defensa de crear o Parque Natural das Fragas do Eume só se podería explicar porque me moverían motivos inconfesábeis.

Compre, en calquer caso, que as persoas interesadas no seguimento do tema saiban varias cousas. Que saiban que é falso que o Plano de Ordenación dos Recursos Naturais das Fragas do Eume pretenda eliminar a produción agraria, implantar cuotas do leite ou eliminar explotacións. É un acto de demagogia irresponsábel avalar con mentiras a oposición á creación do Parque Natural. Por non prohibir, nen sequer prohibe a tala das fragas, só pretende que esta se faga de forma regulada. O defecto do proxecto de Parque non reside nesas supostas limitacións, na realidade inexistentes, senón en non contemplar compensacións polas posíbeis limitacións de uso, en recorrer á imposición normativa na vez da vía dos incentivos a prol da conservación, e na inexistencia de diálogo previo da administración cos estamentos implicados.

Compre que saiban tamén que o suposto aval que Miguel Delibes daría na revista *Ecosistemas* ás teses de Manuel Da Cal é falso. Manuel Da Cal afirma que eu defendo que os parques naturais son bons por natureza divina (nunca tal dixen) mentras Delibes estaría en contra da política de parques. Nengunha das dúas cousas é verdade e, ademais, a posición de Delibes é coincidente co enfoque do Parque

do Eume. O que Delibes di é que de pouco vale protexer os enclaves excepcionais se non dispoñemos "asimesmo dunha política e uns recursos eficazmente orientados a preservar o entramado do que aqueles forman parte" porque —e Manuel Da Cal utiliza textualmente esta cita só que non a comprendeu— "entendidos como illas, os parques, por ben xestionados que estexan, por moitos recursos que se volquen neles, non poden garantir a conservación dos valores que os fixeron merecentes de protección". Quer dicer, as áreas naturais máis valiosas (no noso caso as fragas) son parte dunha realidade xeográfica e sócio-económica máis ampla de maneira que ou planifícanos integramente ou será imposíbel garantir a conservación das mesmas porque, como di Delibes, as fragas non son illas. Levo moito tempo traballando nesas perspectiva como para non sabelo.

Por outra banda, pergúntase tamén Delibes se nos parques (el reférese aos parques nacionais) se debe limitar a utilización dos recursos ou, pola contra, deben ser vividos e usados máis intensamente polas poboacións locais. A resposta é a favor da segunda opción e nisto deberíamos coincidir Manuel Da Cal e mais eu, pero se Da Cal le máis lentamente decatase de que Delibes non está en contra dos parques como están el e o SLG, senón a favor de que nos parques viva xente e que sexan usados. Por outra banda, a min non me fai falta recorrer a Delibes para afirmar iso, porque dous anos antes do que el eu xa escribera: "do que se trata non é de conservar lugares virxes, senón lugares onde a actividade humana posibilitou a conservación de paisaxes e ecosistemas interesantes, estábeis e complexos... O conxunto da nosa paisaxe é cultural, desde as fragas e os outos de castiñeiros até o monte onde paze o gado. Polo tanto, apesar de que vulgarmente existe a opinión de que a conservación é incompatíbel co uso tradicional do territorio, acontece xustamente todo o contrario" (C. Vales: *Forgoselo, Espacio Natural, Bahía edicións*, 1992, páx. 66 e 68).

AS CERAMICAS DO
CASTRO E AS DE
SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
E O **SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS**

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Respeito á ENDESA, sabe Da Cal que esta empresa pretende construír un encoro no Eume que afectaría gravemente á calidade da zona e que destruíría para sempre un dos lugares máis emblemáticos e espectaculares da área? Sabe que o Plano de Ordenación de Recursos propón a esa zona como unha das escasas áreas de *Uso Restringido*, o que supón a prohibición taxativa de calquer alteración da mesma? Decátase de que se pode facer máis presión para evitar a chuvia ácida se esta afecta a un Parque Natural e se lles recoñece o seu valor extraordinario ás fragas?

Porque unha das cousas máis chamativas do artigo de Da Cal é que as fragas non aparecen por nengures. Lamentablemente, as fragas están sendo destruídas a un ritmo vertixinoso e con elas pérdese parte do patrimonio natural máis representativo deste país e da Europa atlántica. As fragas do Eume non son máis que a punta do *iceberg* dunha destrución sistemática do noso patrimonio natural forestal sen que até o de hoxe se teñan tomado medidas para evitalo. Eu non pretendo que o Sindicato Labrego inclua a conservación e protección dese patrimonio entre os seus obxectivos, e entendo que ten outras prioridades. Pero cando menos permítasenos aos que consideramos o patrimonio natural da Galiza como un dos nosos recursos máis valiosos, intentar salvar da destrución o máximo que podamos ♦

CUOTAS DO LEITE

O fracaso na aplicación das cuotas permitirá celebrar o décimo aniversario da oposición a esta medida

Aumenta nun 7% a produción de leite

■ X.C. GARRIDO

Na Galiza, onde existiu unha campaña animando á produción por parte do SLG, o incremento pode chegar a un 7%, mentres outras comunidades —que cumpriron a lei— vense agora sen posibilidades de consolidar máis produción.

En Abril deste ano cumpriase o período que fixaba a aplicación das cuotas, para sancionar a aqueles produtores que na campaña 93-94 superaron a cantidade de referencia que tiñan asignada. Mais o conflito desatouse e resolveuse antes de chegar Abril, porque sobre o outono do 93 a maioría dos gadeiros xa sobrepasaran as cuotas, e as empresas tiñan que tomar a decisión de empezar a reter os pagos. Nestes momentos estase a reproducir a situación do ano pasado, os gadeiros galegos non parece que collesen medo, senón que polo contrario están a aumentar a súa produción.

Daquela o SLG, que comezara a campaña cunha manifestación o 1 de Abril do 93 contra as cuotas, xa arrastara aos demais a unha fronte común contra esta medida, e, como ocorrera no 87,

a Plataforma anti-cuotas xa era un feito. As mobilizacións eran iminentes, sobrepasando todas as previsións de asistencia á primeira concentración convocada.

Se os produtores estaban indignados e dispostos ao que fose, a algunhas industrias suporíalle a aplicación de cuotas o seu peche inmediato, non estando estruturalmente preparadas para o previsíbel desabatecemento que isto suporía. Ademais estas empresas non querían cargar co pago das sancións diante do grave risco de cograr *a posteriori* aos produtores, e víanse na obriga de

comezar as retencións de pagos. Esta multa de 2.000 millóns non é previsíbel que a paguen as industrias. É certo que no SENPA en Madrid se están a facer as liquidacións, pero a asesoría xurídica das empresas considera que as irregularidades e incumprimento de prazos do MAPA inviabilizan o cobro desta multa, referida á anterior campaña.

A ameaza de aplicación de cuotas produciu unha redución considerábel da produción en moitas áreas do estado onde non existía un sindicato ou unha organización política que se opuxese ás cuotas e animase á xente a producir. Algunhas empresas españolas —como Pascual— prevendo esta situación foron implantando instalacións de recollida no Sul de Franca, outras, como o caso de Larsa, simplemente son de titularidade francesa, e son utilizadas como canle de distribución dos excedentes galos. Todas, aventuráranse na introdución de produtos lácteos foráneos (iogurtes, queixos, etc.) aproveitando os seus tradicionais canles de distribución de leite líquido.

Esta situación, e sobretudo a raíz da captura polo SLG de alixos de leite francés envasados como marcas galegas, produciu na opinión pública un efecto difícil de contrarrestar. A reclamación do Feoga-Garantía para o conxunto dos exercicios 1989 a 1992, ambos inclusive, supera os 300.000 millóns de pesetas. Desde o Ministerio tentouse facer ver á sociedade a carga que supuña a produción leiteira, e os graves prexuízos económicos que causaba para o Estado. A saída á luz das importacións, desmontoulle o argumento. De feito, a incoerencia da política comunitaria está a ser contestado por cada vez máis sectores sociais: Sanciónase por producir, e obrígase a importar para abastecer o mercado. Asíciase —no caso do viño— a cuota de produción coa demanda interna, mentres que no caso do leite non. A países como Portugal, que entraron conxuntamente co Estado español na CEE, permitiuselle producir libremente até cubrir a súa demanda interna, mentres que ao Estado español se lle impede... As contradicións son numerosas, e a defensa do sistema de cuotas faise difícil ali onde existe oposición organizada.

A ninguén se lle escapa que os criterios para a distribución de cuota da reserva nacional favorece á Galiza, o cal é considerado indignante por parte doutras Comunidades: Galiza é a responsable —coas súas protestas— de que até agora non se aplicasen as cuotas do leite. No 87, tan só se mobilizaron os gadeiros galegos, e eles sós foron quen de impedir a aplicación desta supertaxa; estimábase que coas súas loitas

conseguiron consolidar máis de 700.000 Tm. por riba das que en principio foran asignadas.

En todo caso, a redistribución de cuota non será suficiente para frear as reivindicacións galegas, os abandonos na Galiza non foron os esperados (35.000 Tm.), e os financiados por outras Comunidades Autónomas (Andalucía conseguiu un abandono de 52.000 Tm) non virán para a nosa terra. Gran cantidade da reserva nacional foi empregada en amortizar cuota a respeito da que o Estado tiña asignada no 85, e a que se lle recoñeceu aos produtores no 90, polo que se agarda que de novo fracase o Ministerio no seu intento de aplicar estas sancións. O PSOE galego propuxo unha emenda aos presupostos do estado para que se dedicasen 800 millóns para o sector lácteo (quer dicir, para deixar de producir leite), pero nestes momentos o Estado español está a gastar xca o 66%

O Estado español está a gastar o 66% do presuposto agrícola en retirar xente da actividade agrária.

do presuposto agrícola en retirar xente da actividade agrária. Mentres, nunha recente reunión da Comisión Europea, fronte ao Comisario Steichen favorable ao mantimento do sistema de cuotas despois do ano 2000, o Reino Unido, Países Baixos e Dinamarca pediron a abolición; polo cal se pode dar o paradoxo de que todos os recursos e esforzos dirixidos a aplicar as cuotas se algunha vez se consegue, xa non servirá de nada. ♦

AS CONTRADICIÓNS DUN CONSELLEIRO

EMILIO LOPEZ

Se Hegel coñecese ao actual Conselleiro de Agricultura da Xunta de Galiza probablemente reformularía a súa teoría da dialéctica.

Á vista de como argumentaba o señor Conselleiro para negarse a criar un Grupo Lácteo Empresarial Galego, até o mesmo Aristóteles revisaría as súas teses sobre a relación causa-efecto.

Tese do Conselleiro: as multinacionais da Unión Europea teñen un enorme poder. Antítese: as nosas cadeas de distribución son débiles. Síntese: estamos diante dunha política de prezos pura e dura.

Que as industrias ou cooperativas galegas non podan competir coas multinacionais europeas non é o efecto de falta de poder político das forzas económicas ou políticas galegas, nen da posición de representantes de República bananeira que ocupan o señor Fraga ou el mesmo como Conselleiro, senon que nós non competimos no sector lácteo porque unha Lei natura, a "do máis forte no mercado", é a causante de que os trens de leite circulen de París a Sárria e non en sentido contrario.

Para os asesores do Conselleiro a perda continuada de posicións no mercado interno galego, do Estado, e xa non digamos europeo, do sector lácteo galego é

unha fatalidade derivada da falta de rentabilidade das nosas explotacións. Segundo eles é culpa de que as industrias do sector estiveron protexidas e non atoparon competidores que os obrigase a conquistar custos baixos, etc. A competitividade e rentabilidade do sector lácteo francés ou holandés nunca é froito da intervención e do proteccionismo que nacións e Estados soberanos fan dos seus sectores produtivos, servíndose mesmo de mangantes como os antigos directivos da Unión Leiteira Normanda que hoje están na cadea na Franca.

Para estes lúcidos tecnócratas a lei do

"mercado máis forte" xa existiu desde que Cain matou a Abel. Cain posiblemente naceu en Normandía e Abel en Vilalba. Estaba así escrito nos libros sagrados.

Os pequenos e débiles deben desaparecer como produtores ou competidores comerciais. Por distintos vieiros chegan ao dogma universal de Hitler. O que non sexa árido, e ademais san, forte e poderoso debe desaparecer.

Tivermos a sorte neste debate sobre o Grupo Lácteo de que o señor Conselleiro non consultase co seu antecesor. A bon seguro que subiría á tribuna dicendo: "Deus deunos as vacas, Deus deunos as cooperativas, Deus deunos as multinacionais, e Deus submeteu-nos ao suplicio do 'máis forte no mercado', que Deus se apiade de nós e nos dé unhas pintas de cuota do

‘Para estes lúcidos tecnócratas a lei do “mercado máis forte” xa existiu desde que Cain matou a Abel. Cain posiblemente naceu en Normandía e Abel en Vilalba.

leite no glorioso Instituto Lácteo do señor Cacharro e nos libere da maldición de pagar a multa da supertaxa. Amén”.

Teño que dicirle ao Conselleiro de Agricultura que nunca na miña vida, como o pasado martes 22 de novembro, vin tan de perto aos tecnócratas dos Testigos de Xeová. Estes predicán o fin do mundo por orde de Xeová, vostedes o fin do sector lácteo galego polo poder omnipotente do "mercado máis forte que submete ás vacas do noso país ao irremediábel destino de restos culturais que un día Portomeñe pedirá que protexamos cunha lei para pór a pacer por cada cuneta (e que pagará peaxe), como os famosos e artístico-culturais touros de Osborne”.

Afortunadamente somos moitos, e cada vez máis, os que non cremos nos dogmas da competitividade, do mercado puro e duro, e da satánica perversión da intervención dos poderes públicos, e un día racharemos os tabus interesados de políticos bananeiros para formar unha empresa pública ou mixta que poda comercializar os nosos produtos lácteos. ♦

EMILIO LOPEZ PEREZ é deputado do BNG

A Nosa Historia

¡A PARTIR DO 12 DE DECEMBRO
EN QUIOSCOS E LIBRERÍAS!
¡POR FIN VAI SABER TODO O
MUNDO QUEN FUMOS NÓS NO
MONTE MEDULIO!




A NOSA TERRA
infantil

20 TÍTULOS

2 CADA 2 MESES

1. Os prehistóricos
2. Os habitantes dos castros
3. Os galego-romanos
4. Os Viquingos
5. Bispos e monxes
6. Os reis de Galicia
7. Os nobres
8. Os irmandiños
9. Os habitantes das cidades
10. Poetas e navegantes
11. Piratas e descubridores
12. Os labregos e os novos cultivos
13. Os ilustrados
14. Os guerrilleiros
15. Os carlistas e liberais
16. Os galeguistas
17. Os primeiros industriais
18. Os emigrantes
19. Os galegos do 36
20. Os demócratas



*Os 2 primeiros títulos
á venda en quioscos e
librerías a partir do 12
de decembro.*



SUSCRIBE AOS
TEUS FILLOS CO
20% DE DESCONTO



NOME _____
APELLIDOS _____
ENDEREZO _____ C.P. _____
TELEF. _____ POVOACIÓN _____
N.I.F. _____

Suscríbome a NOSA HISTORIA INFANTIL da que recibirei 2 números cada 2 meses ao precio de 900 ptas. menos o 20%.

PAGO DOMICILIADO
BANCO/CAIXA DE AFORROS _____
CONTA/LIBRETA _____
TITULAR DA CONTA/LIBRETA _____
Nº SUCURSAL _____ POVOACIÓN _____
PROVINCIA _____

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados no seu Banco/Caixa de Aforros por PROMOCIÓN CULTURAIS GALEGAS S.A. (A NOSA TERRA).

ATTE. SINATURA

O PROBLEMA DO LIXO



A. IGLESIAS

Manifestación
veciñal celebrada
o pasado día 29.

CO CONFLITO DA EMPACADORA DE GUIXAR DESBORDADO, MANUEL PÉREZ
AGARDA A RECOLLER O FROITO DA PROTESTA VECIÑAL

PP DE VIGO: COAS ELEIÇÕES MUNICIPAIS A UN TIRO DE PEDRA

MANUEL VEIGA

A actuación policial en Teis é lamentable e odiosa. A policía, no canto de protexer a realización dunhas obras, está a tomarse a lei pola man e persegue aos veciños do bairro, vellos e novos, até o segundo piso das casas, tal como se a democracia e o estado de dereito —que non atende a provocacións, senón a normas feitas para o servizo dos cidadáns— non tivese entrado aínda nas académias. Tampouco son de recibo certas expresións do alcalde Carlos Príncipe que caricaturizan á parte veciñal, ao estilo dos gobernadores civís, con expresións ao xeito de: son catro gamberros. Obviamente, trátase de veciños non de gamberros e desde logo son máis de catro.

Pero estas dúas verdades non deben soslaiar a verdade fundamental. Tal é que en Vigo existe un problema co lixo gravísimo e urxente. A posibilidade de seguir vertendo, irregularmente e sen nengun tipo de garantías ecolóxicas no Zondal, está pendente dun fio e cando ese fio se rompa o lixo ficará ao pe das portas.

Neste intre sería un erro deixarse levar polo calor de quen tira máis pedras ou pola solidariedade con quen neste intre está a ser mallado. Cómpre pensar que en Vigo hai máis cidadáns que os de Teis. Nomeadamente, os miles de veciños de Valadares están a piques de reventar, igual que o vertedeiro. Levan case dous anos coa prórroga vencida, un prazo acordado entre a Xunta, o concello e os propios habitantes do bairro, e a súa paciencia pode esgotarse en calquer momento. En Valadares tamén houbo —compre lembralo— cargas policiais hai poucos meses, porque os veciños impediron o uso do vertedeiro durante dúas noites. Os habitantes deste bairro teñen razón e máis que os de Teis, simplemente porque un vertedeiro como o do Zondal é varios miles de veces máis contaminante que unha estación de transferencia de lixo ou empacadora.

Chegado aquí, o lector pode dicir: pois ben, nen para uns nen para outros. O que pasa é que o concello non sabe resolver o problema. Pero tal conclusión resulta errada. Por que? Pois porque a procura dunha solución é urxente, como xa se dixo. E, ademais, porque non existe nengunha alternativa á de Guixar para a estación de

transferencia. Vexamos senón o proceso que se deu até agora: O concello propuxo outros lugares, entre eles Mos e Puxeiros.

Cando o primeiro deles parecía xa decidido, o seu alcalde (militante do PP) volveuse atrás, presumiblemente por indicacións das xerarquias do seu partido. Unha alternativa tras doutra, todas foron desbotadas, ou ben por SOGAMA ou ben pola Comisión Provincial de Meio Ambiente e en ambas ten maioría o Partido Popular. Estes dous organismos, que son os que deciden e polo tanto os responsábeis principais, cousa que algúns dos máis belixerantes veciños de Teis teñen proclividade a esquecer, estes dous organismos, decimos, non aceptaron nengunha outra alternativa que a de Guixar, aproveitando entre outras razóns que alí existe unha liña férrea que permite o traslado do lixo dunha forma barata e pouco contaminante.

Porque se xerou, xa que logo, o conflito? Resposta breve: porque están perto as eleccións municipais e ao PP convénlle

presentar un clima de inestabilidade cidadán, toda vez que xa lle saíra bastante ben na etapa de Manuel Soto, aproveitando de paso a funesta actitude daquel alcalde. Cal é o siloxismo do PP nesta hora? Pois o seguinte: Parar as obras ante todo. Se o conseguen, o lixo do Zondal desbordará a cidade, o conflito extenderase e o seu mediocre candidato, Manuel Pérez, colocárase a americana e darase un paseo até xornais e emisoras para dicir: este goberno municipal non é capaz de resolver o problema do lixo, pero

non se preocupen porque as eleccións municipais están a un tiro de pedra.

Con todo, poderíase dicir aínda que ao PP, se cadra, non lle falta razón. Poden ser eles os que o solucionen. Sen embar-

‘O PP, através
de todos
os organismos nos
que ten maioría estivo
a pospoñer
o gravísimo problema
do lixo até o día
de hoxe, vésperas de
eleccións municipais’



Policías vixiando as obras.

A. IGLESIAS

go, tal suposición resulta falsa, non xa porque o PP ten na súa man a SOGAMA, á Comisión Provincial de Meio Ambiente e á Consellería de Obras Públicas, senón —e sobre todo— porque o PP vigués nunca deu unha alternativa a Guixar. A súa postura é de todo hipócrita e fraudulenta. Onde colocaría o PP a empacadora? Non o dixo. Pero todo o mundo sabe que, por suposto, en Guixar. Ou, por un acaso, gardan unha alternativa na manga como esa que se rumorea de Porriño, pero prefíren non planteala debidamente por agora, usando os intereses da cidade —e mesmo o alto grado de crispación que hoxe existe— con fins eleitorais?

Que pode facer o concello? Nada que non sexa o que está a facer. A non ser, pedir que a policía se comporte como un corpo europeo é non como unha manda de lobos. Pero —e este é o fondo do problema— non debería deixarse arrastrar na estratexia que procura o PP.


Non é posíbel atopar outra ubicación? Perguntárase aínda o lector. As autoridades municipais din que non hai tempo. Pero iso non sería por culpa do concello, senón porque o PP, através dos diversos organismos que controla, estivo a pospoñer o problema até o día de hoxe, véspera de eleccións municipais, tal e como xa se explicou. Pero hai outra razón, aínda máis importante. Quen se ía fiar de que noutra ubicación non agromarían os mesmos problemas que nesta? Porque, se hai liño en Guixar, lugar aceptado —reiteramos— por SOGAMA e pola Comisión Provincial, é dicir polo PP, quen ofrece garantías de que non habería un liño maior aínda de propoñer un lugar que estes organismos nen sequera aceptan?

Alguén, chegados aquí, pode ter sacado a conclusión, de que no presente artigo se postula que os veciños de Teis mobilizados son do PP ou actúan baixo a instrución deste partido. Tal afirmación sería desde logo simplista e falsa. Os veciños actúan por variadas razóns: en primeiro lugar preferirían lóxicamente que a empacadora, por pouco contaminante que sexa, estivese instalada noutro bairro —interés particular respetable, pero que non coincide co xeral—; por outra parte móvese a desinformación e actúan como se a empacadora fose unha incineradora ou algo así, en terceiro lugar están apoiados nalguns casos por mozos sen futuro, marxinais, froito dunha cidade maltratada como foi Vigo nestes últimos anos e, en cuarto e último lugar, si é certo que hai membros do PP na dirección do movemento, caso dalgunhas persoas da directiva da Asociación de Comerciantes de Teis, militantes con carnet do partido de Fraga. Tamén é verdade, e iso ás veces esquecese, que a Asociación de Veciños de Teis non apoiou desde o principio as mobilizacións salvaxes que incluíron ameazas a persoas inocentes e mesmo golpes, caso, por poñer un exemplo, dos recibidos por un veciño da mesma casa onde ten o local o BNG e que nada ten que ver co conflito, nen con esta forza política.

Pero sexa cal sexa a actuación destes veciños, o certo é que están a levar —queiran ou non— a auga ao caneiro do PP. De seguir e aumentar este conflito, Manuel Pérez será o próximo alcalde de Vigo e a empacadora construírase en Guixar. Para esas quen estará nas barricadas? Ninguén. Haberá un povo derrotado e sumiso, como os cidadáns que antes protestaban polo servizo do Insalud e hoxe calan ante o Sergas, mála que a sanidade galega está infinitamente peor. É un exemplo, poderíase ofrecer outro calquera porque os hai a dúcias, do que pasa cando o PP goberna e se converte en poder omnívoro, con poder na Xunta, nas Deputacións, na Confederación de Empresarios, nos concellos e cos meios de comunicación comprados. Vigo é o castelo que lle falta por arrasar.

Posdata: Manuel Fraga, que non falta a festa do pimento, nen inauguración de correioira, que se lle poña por diante, que pensa deste problema? ♦

DIA MUNDIAL DA SIDA



ANDRÉS PANARO

Campaña de solidariedade. Co lema "É momento de actuar", os Comités Cidadáns Anti-sida de Galiza están a organizar diversos actos con motivo do Día Mundial da sida o 1 de Decembro. Ademais da campaña informativa que se está a desenvolver co reparto de condóns, mesas redondas e conferencias, o día vai camiño de ser nunha xornada reivindicativa. Na fotografía, un acto celebrado en Compostela.

SINDICAL

A F.S.M. RECUPERA O PULSO

MANUEL MERA

O 13 Congreso da Federación Sindical Mundial realizouse entre os días 21 e 26 de Novembro en Damasco, Siria, coa presenza de representantes de 132 organizacións de todo o mundo, das que 60 son filiadas. Cabe destacar a presenza como observadores dos Sindicatos da China, da CUT de Colombia, CGT de Grecia, da CGT de Portugal, da Confederación Nacional de Sindicatos de Xapón, Confederación Democrática de Traballadores de Marrocos, Federación Independente de Sindicatos de Rusia, a CGT de Túnez, da COSATU de Suláfrica...

Durante este XII Congreso houbo un vivo debate, continuación do que se deu no 45 Consello Xeral de Varsóvia. Tratáronse os problemas económicos e laborais da clase traballadora e a postura a manter polas organizacións filiadas á FSM, pero os momentos máis vivos do debate foron cando este xirou sobre a descentralización, os métodos eleitorais e a renovación dos organismos de dirección.

Desde a CGT francesa propúñase unha descentralización total, potenciando as oficinas rexionais e as unións profesionais. Postura que coincidía coa mantida pola América Latina, pero que, ademais, quería conservar unha equipa central que dese unidade a realidade tan diversas. A CGT de Franza, que se retirara de todo cargo de dirección no Consello Xeral de Varsóvia, fixo unha dura defensa das súas posturas, algunhas veces mesmo pareceu utilizar unha linguaxe moi agresiva. Tamén resultou difícil de entender por que se negaba a introducir a definición de clasista nos Estatutos, en referencia á FSM, que se quitara no XII Congreso de Moscú, cando a hexemonía dos sindicatos soviéticos e o desconcerto induciron ao "liberalismo" tamén nas organizacións de clase.

Respeito dos métodos eleitorais, houbo unha verdadeira revolución no Congreso, xa que tanto a América Latina como os pequenos países eran os que máis fortemente defendían que a elección de cargos sempre fose en votación secreta. E a final conseguírono. Os debates foron ágricos, xa que aínda pervivían en motas das organizacións os vellos métodos. O final, unha renovación importante do Secretariado e da Mesa Presidencial, que reflicte unha maior pluralismo.

Durante un Congreso vivimos día a día o cambio de métodos e atitudes. O primeiro día no debate só participaban a América Latina, os países do Leste, Franza e a Mesa Presidencial, e practicamente non se votaba. No último día ao debate xa se incorporaran activamente os países arábicos, África e a India, e só as organizacións de Asia Oriental se mantiñan impasíbeis (con un día de Congreso máis

seguramente tamén eles saltarian ao campo), e as votacións eran cousa común. A revolución dos métodos estaba feita, a FSM era outra.

Como síntese do Congreso tería que destacar:

- A boa organización dos sindicatos sirios de toda a infraestrutura do Congreso.
- A posíbel retirada da CGT de Franza da FSM.
- A entrada da OPZZ, que hoxe é a maior central sindical de Polonia. A participación activa no Congreso dos sindicatos da CEI, especialmente Rusia, así como o da China. O equilibrio e moderación nas propostas de Cuba e Siria.
- O compromiso de apoio en medios de infraestrutura á FSM de varias centrais sindicais (que en parte xa se efectivizou neste congreso).
- A presenza, non casual, de sindicatos da periferia da UE, como son a CGT-INTER de Portugal, STUC de Escocia, CGT de Grecia, CIG e LAB.
- Unha aposta por potenciar as oficinas rexionais e as unións profesionais.
- Unha renovación importante dos organismos de dirección.
- A decisión de potenciar a unidade sindical internacional, como algo necesario para enfrentar a onda neoliberal.

Son pois moitos máis os aspectos positivos que os negativos. Comeza deste xeito a recuperación, que vai ser lenta e difícil. Mais hai que ter en conta, que a Federación Sindical Mundial é a única referencia internacional de clase e combativa que queda para os traballadores, en momentos nos que a negociación sen presión esta chamada ao fracaso, e o neoliberalismo coloca en perigo toda conquista ou mellora laboral. A FSM non vai ter tantos traballadores e organizacións filiadas como hai 4 anos cando era a maior organización sindical mundial, pero, en troques: pode ser

máis forte, por ser máis democrática, plural e achegada ás organizacións sindicais de base.

Como síntese, este foi un Congreso problemático e fundametal, onde ninguén falou de disolver a FSM como no 45 Consello Xeral, pero houbo tensións importantes e debate duro, aberto, e aposta pola renovación. A final todos quedaron satisfeitos e unidos, como se demostrou nun peche emotivo, con canto da internacional a viva voz e sen música de fondo. Á CGT de Franza gárdanlle un posto no Secretariado, e o Terceiro Mundo, como debe ser, ten maioría no organismo executivo e no Consello Xeral, onde todo sindicato, grande e pequeno, ten un voto. ♦

MANUEL MERA é secretario confederal da CIG

Ídolos caídos

MANUEL CAO

A cascata de casos de corrupción pública ten o seu correlato nunha morea de casos de corrupción privada polo xeral maiores en cantidade e calidade, pois non por casualidade están protagonizados por auténticos profesionais. Os políticos corruptos semellan pobres topexos lonxe da sofisticada trama, incomprendible e incommensurable para o común dos mortais e mesmo para os xuíces especializados, urmada e exengada por expertos formados nas mellores universidades, tamén privadas. Realmente, se estes son os proxectos da iniciativa privada española aviados andamos.

Con todo, as semellanzas entre a corrupción pública e a privada superan amplamente ás diferéncias, sendo en boa parte dos casos fenómenos mixtos, pois o Estado non pode estar ausente de nengunha das actividades económicas realizadas no país, non sendo deixación de responsabilidades. Tampouco a sociedade civil pode situarse fora, á marxe da espiral da corrupción e alegar descoñecemento pois, no mellor dos casos, aturou sen dificultade a edificación e encumiamiento dun entramado e duns modelos de comportamento que, como mínimo, eran sospeitosos de imoralidade. Maiorías eleitorais sucesivas sancionaban a bondade do sistema e cando se decidiu apoiar outros proxectos políticos nunca estes tiveron como sinal diferenciadora a moralización da vida pública ou privada.

Na historia da economía do Estado español abundan os casos de corrupción e esecasean os exemplos, ou quizá tamén por iso. Conta Rodríguez Ibarra falando de Extremadura que "cando lle explico ao presidente da Comisión Europea, Jacques Delors, que toureiros e notarios de Madrid reciben axudas comunitarias porque figuran como agricultores, non o pode crer". En verdade parece increíble pero é un indicador do grau de corrupción estrutural moi común e permanente no Estado español. Aquí todos pelexan por sumarse ao carro do triunfador, sen preocuparse pola lexitimidade dos medios utilizados, pasando acto seguido e sen solución de continuidade a facer leña da árbore caída. Nunha sociedade de valores éticos difusos e pouco asentados móvense como peixes na auga dos embaucadores e profetas propietarios de solucións máxicas e eficaces para todo. Felipe González fíxose eco nunha ocasión daquel proverbio chinés: "Gato branco ou gato negro o que implorta é que cace ratos", que como todos os refráns vale para xustificar calquer situación. Quizá sexa esa indiferencia polos medios a que pasa agora unha factura tan elevada e que será difícil de pagar.

A ascensión de Mario Conde, Javier de la Rosa, etc., tivo lugar nunha sociedade permisiva co fraude, pragada de tiralevitas, chea de figuróns, que aborrece o contido e quédase co continente, acostumada á picaresca e que confunde e asocia as liberdades coas liortas, o rebumbio e o barullo permantes. "Isto parece unha república" díciase. Realmente pouco se pode esperar dunha sociedade na que un rei como Fernando VII decide suprimir as universidades e substituílas por escolas taurinas e, para acabar de rematala, indo cara o século XXI o goberno vese obrigado pola opinión pública a declarar os touros de Osborne como monumento nacional. ♦



‘Nunha sociedade de valores éticos pouco asentados móvense como peixes na auga os embaucadores’

EUSKADI

A disputa non é percebida como confrontación civil senón como algo persoal

O enfrentamento PNV-KAS pode paralisar calquer via negociadora a curto prazo

■ B. LAXE

A nova de que ETA proxectou matar ao conselleiro do Interior, Juan María Atutxa e o enfrentamento armado entre membros da policía autonómica basca e de ETA en Loiu, recibiu unha dura resposta por parte da dirección do PNV. Xavier Arzallus non tivo reparos en ameazar con devolver os golpes ao entorno de KAS. As persoas menos radicais de ambas organizacións bascas néganse a creer que exista, polo momento, enfrentamento social entre os bascos, falando unicamente de confrontacións persoais. Aínda así ningún é capaz de aventurar unha saída ao conflito.

Para a maioría dos bascos o enfrentamento que se está a dar entre PNV e HB son "contenciosos persoais", negándose a admitir que hoxe por hoxe exista un enfrentamento civil, como afirman algúns, aínda que consideran que este está máis perto que nunca. Así o poñen de manifesto mesmo militantes *jelkides* e *abertzales*. Desde as mesmas fileiras do PNV fálase xa de situar a Atutxa noutra con-

sellaría, ou de presidente da Diputación de Bizkaia, para "ver se, deste xeito, ETA segue atentando contra o responsábel de Interior". Nunha sociedade na que conviviron nas mesmas familias militantes do PNV e HB, néganse a creer que haxa un contencioso irresolúbel entre ambas formacións.

Desde os sectores máis moderados de HB e do seu entorno, con-

téplase con evidente preocupación "este enquistamento da violencia entre ambos partidos, pois condúcenos a un calexón sen saída e a unha espiral perigosa mesmo para a propia supervivencia de Euskal Herria", en palabras dun antigo dirixente *abertzale*.

Descontento no entorno de HB

Outras persoas do entorno de HB sintense enganados polos dirixentes desta formación. "Convencido polos meus interlocutores de que a trégua de ETA durante os comicios autonómicos era algo buscado, e creendo que o proceso de reflexión emprendido por HB despois dos comicios europeos dera como froito o que os seus portavoces calificaban como unha nova etapa de acumulación de forzas, na que se voltaba ao espírito da fundación de HB, decidín apoiar a súa candidatura. Que non contén máis conmigo", afirma un dos integrantes da Mesa Fundamental da formación *abertzale*.

Outra destas persoas que tivo en tempos moito predicamento en HB, considera que "a actual política semella unha radicalización de KAS dirixida contra a súa propia xente". Considera este ex dirixente que "mentres a Mesa Nacional elaborou unha política, como tantas veces, desde KAS impónse outra totalmente distinta polos feitos consumados polas armas". Afirma así que os elementos máis coñecidos de HB están en contra da política que está a impoñer KAS, laíándose de que persoas como Jon Idígoras, Karmelo Landa, Iñigo Iruin, Táxio Erquícia ou o recentemente caído en desgracia Patxi Zabaleta, "non se atreven a dar a cara e deixen a persoas como Rufi marcar a liña política".

Tamén desde o PNV se agardaba nun primeiro momento a que o enfrentamento entre bascos fose rexeitado por parte de HB, así, nos seus comunicados, diferenciaban a KAS e HB, pero ao continuar as agresións, Arza-

llus xa decidiu "metelos a todos do mesmo saco, a uns por instigadores e a outros por cómplices cobardes".

Sen poder aínda precisar a donde poderán levar socialmente os últimos enfrontamentos entre as cúpulas do PNV e HB, o que si semella claro é que a nova liña política que anunciaba nestas mesmas páxinas Karmelo Landa, (ver número 645 do 27 de Outubro) non van podela levar a cabo. Por unha banda o clima de enfrontamento non é o máis propicio para aislar á cúpula de HB, por outra, EA aposta polo entendemento co PNV no goberno e máis nun clima de radicalización *abertzale*. O mesmo Karlos Garaikotxea declaraba que "na actual situación e mentres non haxa unha trégua é absurdo pensar nun achegamento a HB". O dirixente de EA bota en falta en HB un auténtico líder como Gerry Adams en Irlanda, vaticinando a ruptura da coalición *abertzale*. ♦

LIBERDADE DE EXPRESIÓN

O xornalista de *Egin* Pepe Rei chegaba a Hernani o pasado Venres pola tarde. Detrás quedaban tres meses de prisión, noventa e catro días, desde que o xuíz Carlos Bueren ordeara o seu ingreso en Carabanchel a finais de Agosto. A Audiencia Nacional concedeu, finalmente, o auto de liberdade provisional baixo fianza de dous millóns de pesetas por considerar que non era previsíbel que fuxira da xustiza debido á súa delicada saúde.



A NOSA TERRA

que o diferen- cia do xorna- lismo denun- cia-corrupte- las doutros meios?

A diferenza básica é que ese xornalismo di "este sistema é bó pero mellorable" e nós dicimos "este sistema está podre". Non soamente denunciámos no xornal senón que imos aos xuíces coas probas como no caso das trágicas. Cuestionamos un Estado onde o poder xudicial depende do poder político ao igual que as forzas de seguridade. É un sistema que non ten mecanismos para investigarse a si mesmo, penso que se a corrupción e o narcotráfico se fan necesarios como fontes de financiación do sistema, este non é válido.

En realidade nós, en *Egin*, levamos sobrevivindo desde hai tres anos cun acoso institucional moi forte. Estamos entre os quince xornais de información xeral máis vendidos do Estado cunha difusión media de máis de cincuenta mil exemplares.

Malia isto, o noso nivel de publicidade institucional é cero. Mantémonos cunha conxelación de salários e sen pagas extras pero nós cremos que o importante é que nengun compañeiro teña que irse á rua.

A estancia en prisión radicalizou a súa postura contra a xustiza, en xeral?

Eu sigo pensando que a Audiencia Nacional é un tribunal político. Pero agora estou fóra e penso que a cadea foi unha lección humana moi forte. Vin moita miséria pero tamén moita dignidade, o cal ven a ratificar a expresión de que o cárcere é para os pobres. En Carabanchel, eramos 2.200 presos, dos cales o 85% eran toxicómanos e, deses, o 60% eran seropositivos. Alí ves morrer aos presos e ves a tolos, que non tiñan que estar alí, pechados. Tamén vin presa a xente de sesenta e setenta anos. A miséria no cárcere é total. Pero os presos din que teñen máis dignidade na sola dos zapatos que toda a que teñen os que os pechan.

Despois dunha experiencia tan dura como a que vostede sufriu segue crendo que hai un papel relevante para os disidentes do sistema, como vostede se considera?

Ten que habelo. O sistema está morto e se algunha vida vai ter é grácias aos que somos disidentes, que loitamos pola utopía, pola igualdade do home e da muller, pola xustiza, nunha palabra. O que acontece é que, en canto a xornalismo, sentouse un precedente moi grave co meu caso. Na profesión, hai moitos problemas: de liberdade de expresión, de concentración de medios, de paro. E, ademais, agora abriuse unha porta para que o que me pasou a min, poida pasarlle a outro. ♦

Pepe Rei en liberdade

'O meu ingreso en prisión sentou un precedente perigoso para os xornalistas'

■ A. ESTÉVEZ

Agora, xa en liberdade, como valora a reacción da xente que se solidarizou coa súa situación?

Eu estou fóra grácias ao apoio dos diferentes colectivos que se solidarizaron conmigo. Houbo mobilizacións na Galiza e en Catalunya, o cal me deu moita moral. Sei que tiveron o apoio de moitos xornalistas aínda que os medios de comunicación estatais, que dependen dos centros de poder, fixeron o posíbel porque a noticia non trascendera.

Pero o feito de que un xorna-

lista estea en prisión non é algo que se poida agachar tan facilmente.

Non, nese sentido non o conseguiron porque a información tiña que saír en todos os medios. Pero os medios de comunicación con poder réstanlle importancia simplemente porque eu traballo nun medio non controlado polo sistema e eles si viven nesa dependencia do poder. Os traballos de *Egin* non son investigacións de páxina de coléxio senón que escarban máis. Para min non é nova a persecución do poder, o PNV reprime aos independentistas vascos e a min vencéllame con eles, polo que

fun represaliado ata que me puideron meter na cadea.

A profundidade nos seus traballos de investigación é o

'En Carabanchel, eramos 2.200 presos, dos cales o 85% eran toxicómanos e, deses, o 60% eran seropositivos'

0 NACIONALISMO NO SÉCULO XX

Desde a sua experiencia política e diplomática, como ve o futuro do problema nacional galego?

Existen no mundo, con máis ou menos indefinición, unhas entidades que teñen certos caracteres comúns, sobretudo un sentimento fondo colectivo, que chamamos nacións. A humanidade está organizada en grupos de xentes unidas por determinados vencellos. Unhas veces son maiores ou menores, pero que se sinten comunidade e que teñen tamén, vistos desde fóra, unha personalidade diferenciada. Estas nacións buscan manter as súas características, e para iso dótanse duns aparatos criados racionalmente, que son as institucións administrativas e políticas. Isto son medios, elementos instrumentais para lograr o mantemento e o progreso na cultura, na economía e en todos os aspectos da nación.

Os aparellos para conseguir esa finalidade poden variar, e daquela o principio de que toda nación debe constituírse en estado é inexacto. Toda nación ten dereito a organizar e a que lle permitan ter os instrumentos para o seu mantemento e desenvolvemento. A independencia, os sistemas federativos e confederativos, as autonomías, todos poden ser instrumentos válidos para conseguir o obxectivo principal. Pero non son únicos nen excluíntes e a súa idoneidade depende en parte do grao de conciencia da xente de cada país.

Nacionalismo e internacionalismo

Que senso tiña para o futuro a insistencia en que o Estatuto de 1936 tomase corpo nas Cortes e a fundación do Consello de Galiza ao que vostede lle deu fundamento xurídico?

O Consello de Galiza era un xeito de manter no exilio a personalidade política de Galiza. Cando estábamos aquí na guerra non pensábase até o final que íamos perde-la. Dun xeito ou outro poderíase establecer un sistema potábel, mesmo unha monarquía apoiada polas potencias aliadas. Nesa situación hipotética Galiza debía seguir contando, e posto que se plebiscitara o Estatuto había que darlle o estado parlamentario que frustrara a rebelión dos militares. Sobre esa base tamén se criou o Consello de Galiza. Na transición todos estes feitos, incluído Galeuzca, fixeron que o pleito de Galiza estivese en candealeiro, e iso foi importante. En política non só teñen valor os feitos reais e con-

cretos, tamén hai un aspecto místico ou de lembranza. O mundo esquécense se non mantés viva a reivindicación, mesmo en tempos nos que poda parecer estéril.

Pasou desde Galiza a Europa sen ter feito nen tan sequer unha visita de estudos a Madrid.

No ano 1929 embarquei en Vigo para Hamburgo e de ali saltei a Berlín, onde botei un ano estudando Ciencia Política. Coñecín Alemaña antes que Madrid. O Berlín que coñecín era o da República de Weimar, na altura o centro de Europa. Ao regreso din dous cursos en Santiago de Historia do Dereito e xa en Madrid, que fun a doutorarme, fixen xa as oposicións á carreira diplomática. No tempo entre Berlín e Madrid, e despois Bulgária, participei con certa intensidade na actividade do Partido Galeguista, como antes fixera co Seminario de Estudos Galegos.

No seu libro fala de como a vida o levou por traballo e polo exilio a máis de vinte países; coñece a perfeición varios idiomas. Con vostede fica en todo o seu absurdo aquilo de que o nacionalismo cúrase viaxando.

Cando un vai polo mundo é cando se decata máis da realidade das nacións, porque ve as diferencias que existen entre os povos e chega a unha situación dialéctica: dunha banda o mundo propende á integración e mútuo coñecemento, pero por outro tamén se dirixe a unha particularización que medra. As nacións son a cada volta máis nacións peculiarmente, diferenciadamente, e o nacionalismo é unha corrente que segue e non se deterá a carón da outra gran corrente do internacionalismo e a comprensión entre os povos. O que algúns non entenden é que o mundo é dialéctico, e estas dúas correntes non se opoñen senón que se integran. Canto máis internacionalismo máis nacionalismo e viceversa. Isto descubríno sobretudo na viaxe a Centroeuropa, e canto máis galego máis home internacional me sinto.

Isto non o entende moita xente porque non ve o mundo como é, un mundo dialéctico.

A respeito do nacionalismo establécese unha pauliña reducionista que o asimila coa imposición, coa ditadura?

Aristóteles marca os tres tipos de organización do Estado e inmediatamente sinala a súa corrupción: a monarquía, autocracia; a aristocracia, oligarquía e a democracia, demagoxía. O internacionalismo e o nacionalismo tamén teñen a súa corrupción. O nacionalismo de Hitler foi a corrupción do nacionalismo, fundamentalmente porque non ten en conta o sentido dialéctico: dominación


O diplomático republicano e figura principal do galeguismo publica as súas memorias

Lois Tobio

‘A reacción fronte ao pacto con Pujol amosa que o centralismo está sempre ao axexo’

■ XAN CARBALLA

Lois Tobio é unha das personalidades máis importantes do nacionalismo, que veu truncada a súa carreira de diplomático por ser leal á República. No exilio americano foi o encargado de darlle senso legal ao Consello de Galiza, en estreita colaboración cun Castelaño que confiaba plenamente nel. Nos próximos días vai saír do prelo de Edicións do Castro, *As décadas*, un monumental libro de memorias no que Tobio entrega a experiencia de toda unha vida co pensamento en Galiza. Preside na actualidade o Seminario de Estudos Galegos.



A NOSA TERRA

do m
resto
ción
ou fr

A x
Póde
xene
desp

A xe
créd
da c
trem
perar
sos
xuve
vexo
post
xact
integ
dous
nen
de d
raci
da g
des
dos
anos
ron a
esta
époc
na c
mos
asun
realis
tude

O m
Rep
Esta
men
guist
de fa
muta

A ati
aque
que e
nov
mun
rante
ceron
que e
lanza

A ap
senti
dest
Real
nació
ción

Os d
se qu
somé
total
cons
entid
e isi
gran
país
se p
evolu
o cas
O fin
Mun
ment
nació
dente
Austr
vo u
sión
vime
cióna

No g
co c
rias
ha b
rior,
o fas
por c
ñola,
temp
taba
un m
paga
A po
opoñ
doras
forza

do nacionalismo alemán sobre o resto do mundo. Esa é a corrupción do nacionalismo fascista, nazi ou franquista.

A xeneración do 36

Pódese considerar que na súa xeneración hai un antes e un despois do 36?

A xente era moito máis inxenua, crédula e esperanzada. Despois da catástrofe o sentido crítico extremouse, e perdeuse aquela esperanza un pouco parba dos nosos tempos de xuventude. Pero vexo que ambas posturas son inexactas e hai que integrar estes dous opostos: nen a inxenuidade daquela xeneración de antes da guerra nen a desesperanza dos primeiros anos que seguiron ao 36. Agora estamos nunha época de síntese na que enfocamos en Galiza os asuntos con máis realismo e exactitude histórica.

O momento da República, do Estatuto, de aumento das expectativas galeguistas, salvando esa inxenuidade facia prever unha verdadeira mutación no país.

A atitude e a esperanza de toda aquela xente era sincera. Creían que estaba forzándose un mundo novo, e era un movemento común en todo o Estado antes e durante a República, até que apareceron os obstáculos tradicionais, que están agachados e ás veces lánzanse con toda a forza.

A aprobación do Estatuto aprésentase como a pinga final que desborda o vaso da reacción. Realmente o problema era das nacións no Estado ou da situación internacional en conxunto.

Os dous factores importaban. Via-se que varias nacións que estaban sometidas a estruturas de Estado totalmente anormais, xurdían e constituíanse politicamente como entidades propias, e iso tivo unha gran influencia en países onde non se producira esa evolución, como é o caso de España. O final da I Guerra Mundial, co xurdimiento de todas as nacións independentes do Império Austro-húngaro, tivo unha repercusión forte nos movementos das nacionalidades.

No golpe de Franco contribúen varias forzas. Dunha banda o exterior, o nazismo e o fascismo, son fundamentais; por outra estaba a dereita española, xa coñecida e herdeira dos tempos de Primo de Rivera e estaba a Igrexa, disposta a apoiar un movemento que despois había pagarlle co nacional-catolicismo. A posición da dereita española opoñéndose ás tendencias liberadoras das nacionalidades é unha forza importante, como vemos

hoje que co pretexto do pacto de Jordi Pujol volve a notarse a xauría. O centralismo español está sempre ao axexo dunha situación propicia para botarse enriba. Adoitando disfraces de tolerancia, de transixencia, de comprensión, de autonomismo, pero no fondo segue o vello unitarismo neses sectores da sociedade española. Hai que estar alerta.

Distancia co nacionalismo restaurado

A ruptura que supuxo a guerra marcou unha distancia insalvável entre aquelas xeneracións e a que retoma a actividade nacionalista no interior nos anos 50 e sobretudo nos 60?

O que se produce é que a proxección coa masa, co povo, trónzase por completo. Non hai xeito de chegar como antes, na prensa, nos mítins e nas reunións. Acórdome de moitas intervencións de Bóveda, de Castelao, de Vitor Casas, e a xente fervía. Coa guerra

todo ese contacto desapareceu. O vello lume mantiñase na xente que aquí facía o que podía e sobretudo na emigración e no exilio, onde houbo actos multitudinarios de solidariedade.

As súas Memórias aparecen 19 anos despois da morte de Franco. Coida que é abondo coñecido na Galiza todo o labor galeguista durante a República e no exilio? Neste ano Luís Seoane foi cuase un descubrimento.

Hai varios factores. Por un lado a distancia xeográfica, porque a nosa apoiatura lóxica tería sido Portugal pero non era posíbel pola ditadura de Salazar. Bascos e cataláns tiñan bases nos territorios propios no Estado francés pero a colonia galega estaba lonxe, co océano por medio. Un segundo factor é a situación social de Galiza, que é unha terra aínda esencialmente de primeira e segunda etapa económica, e non da terceira como no País Basco e Cataluña. A industrialización está atrasada e son o labrego e o mariñeiro a base da nosa sociedade. Estes sectores chegan con máis dificultade á concienciación que provén de sectores intelectuais. Hai que loitar coas armas que se teñen e nas circunstancias nas que se atopa un. E non pouco se ten adiantado desde rematou a pauliña do franquismo.

As xentes que tiveron responsabilidade coa República e despois se amañaron co franquismo non teñen xustificación?

O nacionalismo, en certo senso, quedou sen patriarcas. Pero iso tamén pode ser unha vantaxe, porque os patriarcas levan a tradición, o que ven de antes, pero tamén teñen as súas minguas, e moitas veces é mellor facer a obra en boa parte de novo, con elementos do pasado.

'O traballo do Seminario de Estudos Galegos non o cobre nengunha outra institución'

Actualmente é o presidente do Seminario de Estudos Galegos, seguen tendo vixencia as ideas de interdisciplinariedade coas que naceu?

O Instituto de Estudos Galegos ven sendo unha certa continuación, pero o Seminario era un centro de estudos interdisciplinar con seccións moi variadas, que son as que non teñen nen o Padre Sarmiento nen a Academia Galega. Como organismo interdisciplinar o SEG ten un va-

leiro que cobre nas institucións actuais.

Díaz Pardo afirma que a teima en non restaurar o Seminario, ten na súa orixe a obsesión do poder político porque non sexa Galiza o centro das investigacións?

En todos os países civilizados as investigacións fanse por territorios, por países, porque é o mellor xeito de afondar nos temas. Se estudo a historia e a

xeoloxía de Galiza, aprofundará máis que se abordo directamente o conxunto de Europa. Iso é elemental. Ao estudar a historia de Galiza resalta a súa personalidade nacional e iso ten unhas consecuencias políticas. Os que queren borrar as particularidades galegas e o movemento de reivindicación nacional de Galiza tratarán de facer que na orde da cultura e da investigación se esclua Galiza nun fondo máis xeral, en perxuzo da verdadeira investigación.

Nesa época contamos con figuras que alumean toda unha época.

Galiza ten figuras míticas que non teñen outros países nunha situación semellante, e que valen moito. Como doutrina e tese e sentimento desas figuras, pero sobretudo, e para Galiza é moi importante porque é un país esencialmente mítico, como mito. Hoxe as figuras de Castelao e Bóveda e outras moitas, actúan míticamente, ademais do seu valor racional e intelectual, está o seu valor simbólico que para min ten moita importancia e que noutros sitios non se dá tanto.

Son mitos pero cunha realidade

autenticamente pura e valiosa. Hai mitos armados, ficticios, falsos, pero estes son mitos cunha realidade detrás incontestábel. E iso é tremendo, porque eu que os coñecín aos dous persoalmente, que actuei ao seu carón en mítins e en longas parolas, e con outros porque hai unha dúcia de persoas coma eles ou por un estilo como o Antón Vilar Ponte ou Manuel Lugris Freire.

Un país que conta con figuras como Rosalía, Castelao ou Luís Seoane, ten todo para garantir o seu futuro.

Val máis a persoa que está detrás que a obra que fixeron, valendo moito esta. Tiven a sorte de coñe-

celos aos dous que cita e son parente de Rosalía, e sinto moi profundamente todo o que lle digo. Hai que ver a Seoane: era un volcán baixo a aparencia dun home tranquilo. Lembro cando me levou a ollar os seus murais do Banco Israéli en Buenos Aires. Que emoción a daquela obra e que emoción a daquela obra das lendas bíblicas transmudadas en galeguismo. Foi un momento inesquecible. E así habería mil cousas que contar porque eramos como irmáns. Co Seoane estaba Ramón de Valenzuela, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor.

A traición e o medo

Viu de cerca, en círculos do poder, como se xestaba a traición do 36.

A adhesión das persoas a unha ou outra posición durante a guerra dependeu de moitos factores. En Galiza moitos aderíronse a Franco por medo, e a min confesáronmo; outros, os máis heroicos, fóronse ao monte ou foron ao cárcere. Eu estaba na legación diplomática de Bulgaria e no caso do embaixador en Sofía había unha razón familiar, porque a muller era do bando franquista, pero el seguía os acontecementos e era un oportunista: quen vai vencer, penso que Franco e adírome a el. Fíxoo serodiamente porque primeiro sumouse á legalidade da República, pero cando veu que as cousas andaban mal para a República fíxose de Franco.

No libro tamén reflexiona sobre os que aproveitaron a situación para medrar.

Disos houbo moitos casos. Xente que se dedicou a facer méritos na situación do réxime, da Falanxe, que conseguiu altos postos na administración. Coñecín a moitos deses.

O medo conformou psicolóxica e politicamente a toda a poboación. Na súa volta nos anos 60 como se vivía ese temor?

Volvin no 62 e algun amigo meu, moderadamente demócrata antes da catástrofe, veuse disculpar comigo, non porque se aproveitara senón porque en certo senso baixara a cabeza. O que non é perdonábel son os que fixeron negocio a conta da renúncia. O medo é o medo e cada un é dono do seu, e pode ser disculpábel, pero os que se afastaron por medo e despois aproveitaráronse para medrar, non teñen perdón de nengunha caste. As xentes que tiveron responsabilidade durante a República e despois se amañaron co franquismo non teñen xustificación.



Luis Tobío é o cuarto pola dereita, entre Seoane, Velo e Blanco Amor, no Congreso da Emigración Galega.

'Din a primeira clase en galego na Universidade'

Como era a situación do galego na súa infancia e mocidade?

A miña familia era un caso de diglosia curioso. O idioma das familias paterna e materna era o galego, na Amahia no caso de meu pai e en Viveiro no da miña nai. A min falábanme en castelán porque era a moda de falarlle aos rapaces así porque era o elegante. Eu ouvía a miña nai falar con todo o mundo en galego, e tamén a meu pai cos seus cando fun á Mahia. Entre eles fíxéronse mozos en castelán, e pintorescamente seguiron a falar castelán entre eles, un castelán mechado de ditos, frases e refráns contadas en galego, pero que non era castrapo. Na escola o castelán era idioma obrigado, pero os rapaces do meu tempo, case todos eles do barrio da Pescadería, a carón da escola de San Francisco, falaban entre eles, e eu tamén, en galego. Despois, con 10 anos marchei

para Santiago, e nos veráns na Mahia case todo o mundo me falaba galego. Alí recibín unha segunda dose de lingua cos matices daquela bisbarra.

A universidade do seu tempo é toda en castelán, pero vostede foi pioneiro no uso do galego.

A primeira clase que se deu en galego, que eu saiba, dina eu no ano 1931 cando ao rematar o curso de historia do dereito español, coincidindo case coa proclamación da República, din un curso oficial de historia do dereito galego e fíxeno na nosa lingua. A reacción foi moi boa, mesmo cando eu non preguntara a ninguén se se podía ou non. O sentimento galeguista xa estaba larvado e moi logo manifestábase. A proclamación da República en Compostela deuse coas masas cantando o Himno de Riego e o Himno Galego.

A PAZ EN ORIENTE MEIO

Israel pon todo o seu interese en que fracase o goberno palestino 'O problema palestino non é o enfrentamento entre Hamas e Arafat' segundo Hana Ashraui

■ B.C.

A prensa internacional empéñase en destacar as diferéncias xurdidas entre Hamas e Al Fatath (o partido de Arafat) como o grande problema palestino que pode impedir o asentamento deste povo na súa terra. A visión dos propios palestinos é moi outra: a verdadeira causa está na lentitude da aplicación dos acordos.

"O problema dos palestinos non é o enfrentamento entre Hamas e Arafat, senón a lentitude do proceso para a consecución dun estado propio e a oposición israelí a calquer avance neste sentido", afirmou Hanán Ashraui, voceira da Autoridade Nacional Palestina (governo palestino) para Europa e representante da OLP na Conferencia de Paz en Oriente Medio celebrada en Madrid en 1991.

Asraui que despois de 1991 tiu tensións co propio Arafat, chegando a demitir do seu posto, considera que as tensións existentes entre os palestinos veñen dadas pola falla de avances que satisfagan as súas aspiracións nacionais. "O povo impaciéntase porque aínda non ve aparecer o xérmolo do Estado Palestino soberano e democrático", indicaba nunha entrevista publicada días atrás polo xornal suízo *Tribune de Geneve*.

"Non son as diferéncias entre os integristas e socialistas, entre relixiosos e ateos, as que se mentan a tensión, senón a insistente presenza dos colonos e paramilitares xudeus nos enclaves autonómicos", recalca o representante palestina.

Para Hanán Ashraui, o acordo israelo-palestino debe ser modificado, sobre todo nas disposicións que otorgan ao exército xudeu o control dos pasos fronteirizos. Asraui denuncia tamén o retraso da retirada dos soldados israelís da Cisjordánia ocupada, condición previa para a celebración das primeiras eleccións palestinas. Aínda así, Asraui recoñece que a situación favorece a aparición dun clima de tensión que pode desembocar en brotes esporádicos de violencia, pero responsabiliza desta violencia ao goberno de Isaac Rabin. "Os xudeus, coa súa presenza e atitude, están provocando o odio do povo e queren que sexa Arafat quen castigue á súa propia xente, acusándoo de non saber controlar o terrorismo".

Descontrol palestino

Os medios pro sionistas, a maioría dos occidentais, están moi pola labouira de dar unha imaxe na que os palestinos quedan retratados como un povo



"A estes rapaces tiña que preguntarlle eu quen carallo lle ensinou a tirar pedras". Debuxo publicado en portada por *LE MONDE* e que mostra a postura crítica da prensa occidental con Arafat.

imposíbel de gobernarse por si mesmo, seguindo a tónica que sempre empregaron nas últimas fases de presenza colonial, incentivando a disputa entre o propio povo que se estaba a emancipar. Moitas veces a desculpa da desgovernabilidade foi usada para dilatar a presenza colonial. Outras, como no caso sulafricano co movemento zulú, Inkhata, fixo que se formasen regueiros de sangue.



Yasir Arafat. JOHN FIGARA

Non é de estranar así que, preocupados en reflexar o "crecente enfrentamento" no seo da OLP, esquecen noticias tan importantes na Palestina como a de que o xeque Taisir Tamimi, dirixente do Movemento de Resistencia Islámica (Hamas) se incorporase ao Poder Xudicial da Autoridade Nacional Palestina, unha integración de feito ao goberno palestino.

Tamini, vicepresidente da Asociación de Mentores Relixiosos de Palestina, o organismo superior de Hamas para dirimir os asuntos vencellados ao Islam,

ven de saír da cadea despois de cumprir unha pena de prisión preventiva imposta polo goberno militar israelí.

Pero a impaciencia dos palestinos medra ante a demora dos israelíes en cumprir os acordos. Así, o principal partido da oposición israelí, o Likud, pediulle ao primeiro ministro Isaac Rabin que non retire o exército da Cisjordánia, para que así os palestinos non podan celebrar eleccións. No plano contemplábase a retirada das tropas israelíes por tres días, para que voltasen de novo despois de terse celebrado os comicios. Desde o Ministerio de Asuntos Exteriores israelí, o director xeneral, Uri Savir, afirmou que estaban dispostos a replegar as tropas para que se realicen as eleccións.

A convocatória de eleccións, que debe de facerse previo acordo con Israel, segundo o pacto coa OLP, será unha das demandas que Arafat lle espoñerá ao Ministro de Exteriores Israelí, Simón Peres, no encontro de Amberes, no que comezarán a negociar a autonomía de Cisjordánia.

Mentres tanto os palestinos non están dispostos a quedarse apampados agardando a boa vontade israelí. Así pretenden seguir presionando desde a rua, convencidos de que os israelíes só se moverán en función directa da presión realizada polos palestinos.

O 26 de Novembro, Hamas concentrou a unhas 120.000 persoas para recordar a morte dun dos seus líderes, Imad Akel. A concentración, sen precedentes na historia de Gaza, comezou coa queima da bandeira israelí, a aínda que a prensa occidental só se fixo eco dos ataques a Arafat, a maioría dos oradores atacaron ao goberno israelí, esixindo a evacuación de todos os asentamentos xudeus na zona de Gaza. ♦



As cuotas, atranco da industria leiteira

O país conta cunha industria leiteira como nunca tivo e rebórdalle capacidade para producir leite e procesalo, pero Madrid e Bruxelas non llo permiten. As cuotas son o atranco principal da nosa capacidade leiteira. Quen o di é o presidente da Xunta nunha entrevista que publica *LA VOZ DE GALICIA* do día 25. "Non hai dúbida de que se nestes momentos non houbese excedentes de leite no Norte (de España) e no caso de que España tivese reservado un mercado de leite propio, ben sería para Galiza. Pero iso non está dentro das regras do xogo. No canto diso, temos outras vantaxes. Compre explicarlle ben o tema do leite á xente. Nuca tivera a Galiza tanto leite como no de hoxe nen tan bos prezos, nen tanta capacidade para procesala aquí. Pero a resultados das cuotas, ás veces temos que importar leite... Esa é a historia! Acaso queremos as vantaxes e non os inconvenientes? Daquela estamos a falar de utopías, que é o que fan o profesor Beiras e outros. Non si?". Fraga Iribarne tamén se manifesta sobre o tren de alta velocidade. "Ao meu ver, antes de facer o tren de alta velocidade, España tiña que ter potenciado ao máximo todas as súas liñas e introducir as do ancho europeo. (Mellor era) que empregase trens de algo menos velocidade coma o Talgo, por exemplo, pero fabricado en España e levando conta das características da nosa xeografía (española). O primeiro, autovías! Depoís virá o resto." ♦

Os espías descubren a esquerda

O *Servizo Nacional de Informacións (SNI)*, servizo de espionaxe militar brasileiro, chegou á conclusión de que o Partido do Trabalho de Lula está inspirado na loita de clases e ten no seu interior grupos de tendencia radical. Cóntao a revista *RESUMEN, PERIODICO LATINOAMERICANO*, no número 13, correspondente a Novembro e Decembro. "As forzas armadas, poder fáctico de primeira orde no Brasil aínda hoxe, e máis no ano 89, puxéronse de cuñas ante a posibilidade de que gobernase o Lula. A sombra do golpe de Estado volveu pairar sobre a testa de millóns de brasileiros. O mes de Maio (1994) publicouse parte dun informe secreto elaborado polo SNI, principal elemento represivo da ditadura, disolto despois por Collor, no que se sintetizaba o labor de espionaxe que varios organismos estatais fixeran sobre o Lula. O coronel retirado, José Luis Savio Costa, que pertencera ao SNI recoñeceu que onde hai un grupo radical sempre vai haber infiltración dos servizos secretos. O coronel sinala que non infiltraran directamente ao PT senón a grupos clandestinos que había dentro do partido. Unha das conclusións alarmantes que tiraba o informe, entregado ao presidente Sarney en man, despois dunha pescuda realizada desde Marzo a Novembro do 89, era que dentro do PT existían 17 grupos de tendencia radical e que o partido tiña o seu fundamento na loita de clases". ♦

Timor non estaba de moda

Diana Andringa crítica no diário *PUBLICO* de Lisboa os comentarios da prensa portuguesa que reduciran o xesto dos ocupantes da embaixada norteamericana de lacarta a un fracaso, ao non ter conseguido falar con Clinton. "Não seria essa a intenção de quem escreveu os textos, mas a verdade é que me soou como um encolher de ombros, como uma desistência, algo como *E tudo isto para quê, se não conseguiram nada daquilo que pretendiam obter?* E comecei a lembrar-me de tudo quanto é a resistência timorense. Com a sua luta, com o apoio de pequenos grupos irredutíveis apoiantes em Portugal e no resto do mundo, tem vindo a conseguir ao longo destes anos. A lembrarme como antes da prisão o Xanana Gusmão, antes de Santa Cruz, antes das imagens de terror apanhadas pelas câmaras, Timor, pura e simplesmente não estava de moda". ♦



EL ROTO / DIARIO 16

CAMBIOS EN LATINO AMÉRICA

A coalición herdeira da *Frente Ampla* a 30.000 votos da vitória **Encontro Progresista** ábrese espazo nas eleccións uruguaias

■ H.V.

O resultado das eleccións uruguaias do 27 de Novembro xa era esperado, máis a sorpresa manifestada en Europa. Todo indicaba que o *Encontro Progresista*, coalición de esquerdas e herdeiro político do *Frente Ampla*, ía conservar a alcaldía de Montevideo, unha cidade na que reside a metade da poboación do país. *Encontro Progresista* conseguiu na capital o 45% dos votos e en todo o Uruguai subiu do 22% ao 30% dos sufráxios.

O *Partido Colorado* acadou 617.470 votos, seguido do *Partido Nacional* —tamén coñecido como o *Partido Branco*—, con 595.536 sufráxios e do *Encontro Progresista*, con 585.109 votos. As tres forzas quedaron practicamente equiparadas, cando anteriormente o *Partido Nacional* e o *Partido Colorado* se repartían a maioría nun bipartidismo que só fallaba na capital.

A vitoria do *Partido Colorado* significa a volta ao poder de Julio María Sanguinetti, o home coñecido como o condutor da transición democrática. Máis esta carta de presentación, un destacado intelectual uruguio,



Luis Alberto Lacalle, presidente de Uruguay, durante a súa visita ao Parlamento Galego.

Mario Benedetti, asegurou que o regreso de Sanguinetti é "unha máa nova para o país". Na opinión de Benedetti non houbo transición porque nen Sanguinetti

nen Luis Alberto Lacalle (do *Partido Nacional* e que perdeu a Presidencia) foron quen de facer comparecer aos militares diante dos tribunais de xustiza civís pa-

ra renderen contas dos seus crimes nen apartaron do mando aos militares gopistas.

O avance da esquerda é, para Benedetti, evidencia de que o país comeza a se decatar de que non hai democracia sen soberanía nacional e que tanto o *Partido Colorado* como o *Partido Nacional* son instrumentos ao servizo de intereses alleos ao país.

O *Frente Ampla* naceu en 1971, agrupando a distintos sectores da esquerda, dese socialistas cristiás até ex tupamaros. Agora chámase o *Encontro Progresista*.

Para explicar o ascenso do *Encontro Progresista* cómpre ter en conta que en 1992 un referendo, cun saldo de 83% contra 17%, botou abaixo unha iniciativa privatizadora e que a pretendida reforma constitucional deste mesmo ano tamén foi desbotada via consulta popular.

Lei de Lemas

Se na práctica o *Partido Colorado* venceu, esta vitoria é máis discutíbel se se analiza a Lei de Lemas. O candidato presidencial do *Encontro Progresista* era o anterior alcalde da capital, Tabaré

González, que será substituído en Montevideo polo seu correligionario o arquitecto e ecoloxista Mariano Arana. González non conseguiu ser presidente, aínda que obtivo 574.383 votos, unha cantidade maior que a acadada por Julio María Sanguinetti, con 522.886 sufráxios. A Lei de Lemas permite que varios candidatos sumen os seus votos en beneficio do máis votado, aínda que teñan programas opostos. Desta maneira, os candidatos colorados Jorge Batle e Jorge Pacheco Areco, cederon os seus votos a Sanguinetti. Tabaré González non puido sumar os votos do candidato do pequeno partido de esquerdas *Novo Espacio*, xa que esta forza e o *Encontro Progresista* non compartían o mesmo lema. Deste modo será Sanguinetti quen xure o cargo de Presidente o Marzo vindeiro.

Con respecto ao Parlamento bicameral da República Oriental do Uruguai, o Senado estará integrado por 11 membros do *Partido Colorado*, 10 do *Partido Nacional*, 9 do *Encontro Progresista* e 1 do *Novo Espacio*. No Congreso haberá 34 Deputados colorados, 31 brancos, 30 do *Encontro Progresista* e 4 do *Novo Espacio*.

A era Salinas deixa as pegadas da política privatizadora **Zedillo, o novo presidente de México** para cuarenta millóns de pobres

O 1 de Decembro, Ernesto Zedillo, do PRI, tomou posesión como presidente de México, cargo que deixa Carlos Salinas. Tras unhas eleccións calificadas de fraudulentas por outros grupos políticos, Zedillo recolle un país marcado polas secuelas da política privatizadora de Salinas.

Dende o primeiro de Xaneiro de 1994, e por mor do levantamento dos zapatistas en Chiapas, a opinión pública deixou de ver a México como o país dos multimillonarios e descubriu a cara que o Goberno evitaba: corenta millóns de pobres e sete millóns

de desempregados.

Dende 1988, a Bolsa mexicana sufriu un fortísimo crecemento pero tamén tremendamente especulativo, cun incremento do 1.106% do índice de prezos e cotizacións. Reduciuse a inflación pero a cambio de que os empresarios mantivesen os salarios a un nivel inferior que o dos prezos. Alguns analistas económicos sinalan que na década 1983-1993, os traballadores perderon 252.503 millóns de dólares, que deixaron de percibir do produto interno. Os analistas máis críticos aseguran

que foron eses cartos os que fixeron posíbel que trece familias mexicanas estean entre as máis ricas do mundo.

A apertura económica a investimentos extranxeiras e a privatización de empresas públicas produciu millóns de pobres e desempregados. Só a Federación de Sindicatos de Traballadores ao Servizo do Estado perdeu en dous anos 700.000 postos de traballo. Ante esta situación de extrema pobreza, o Exército Zapatista de Liberación Nacional surxi en Chiapas e propiciou en Agosto a creación

da Convención Nacional Democrática. O levantamento estendeuse máis alá de Chiapas e conta co apoio de miles de labregos, que conforman un dos sectores máis castigados pola política do PRI.

Se ao inicio do mandato de Carlos Salinas, estableceíase a necesidade de crear 800.000 postos de traballo anuais, agora os analistas fixan nun millón a cantidade por ano. As causas son a destrución de empregos dos últimos anos e unha taxa dun 2% de crecemento poboacional.



Ernesto Zedillo, o home que substituíu ao asasinado Luis Ronaldo Colosio na carreira de sucesión do presidente Carlos Salinas de Gortari.



NADAL ESTÁ



AO CAER



Lotería Nacional

AGORA: BORTOS DE LOTERÍA XOVES E SABADOS



Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

Fraga presentou o *Libro Branco das Telecomunicacións* en Silleda. Fíxoo en castellano e seica se puxo rúbio como un tomate cando o que o seguiu, o Conselleiro Delegado da Telefónica Xerman Ancochea, realizou todo o seu discurso en galego. Fraga, que nesa altura tiña máis cores que unha carta de axuste, enmendouse e posteriormente falou tamén no idioma propio.

Tanto problema co lixo! Que se vertedeiros incontrolados, que se incineradora contaminante en Meirama, que se é preciso pagar a Fenosa... Pero non hai unha **telebasura**? Pois que manden o lixo en camións para San Marcos ou que llo vendan ás cadeas privadas que teñen moita demanda. Conste que a idea xa é vella. Ocurréuselle a Woody Allen nun paseo por Beverly Hills. Alguén lle preguntou ao artista: "e como está todo tan limpo? Pois porque recollen o lixo e fan programas de televisión". Mágoa que Cuiña

Exixo responsabilidades

A xeito de aclaración prévia, quixera dicir que ao escribir estas liñas que seguen sobre o recente proceso vivido no Consello da Xuventude de Galiza (C.X.G.) co gallo da elección dun Xerente, pensei que non será difícil que no lector se suscite un comentario do tipo "Claro, que vai dicir este, se é irmán de Antón Insua, o candidato "defraudado" no proceso?". Sería este artigo unha sorte de "arrauto de indignación de orixe sanguínea", ou algo así. Non me deterei a matizar o que deses ingredientes poda haber neste alegato que lanzo através de A Nosa Terra, mais compre que aclare que se acudo a esta tribuna para exixir responsabilidades é, sobretudo e ants que nada, movido por unha indignación profunda de nacionalista galego, fundador no seu día de Galiza Nova e militante do B.N.G. Non podo calar diante dunha actuación que entendo deturpada do espírito de honestidade e democracia do nacionalismo galego xuvenil. non podo consentir que fiquen silenciados e impunes un comportamento tan impróprio e incorrecto. Non quero renunciar ao meu dereito a solicitar do BNG a abertura inmediata dunha investigación sobre o tema e a pór en coñecimento de todos/as os lectores deste xornal estes feitos.

O comportamento do núcleo dirixente de GN, co seu Secretario Xeral á fronte, no proceso de elección dun Xerente para o CXG afecta no fundamental a estes tres extremos:

- a) a limpeza e transparencia do proceso en si.
- b) a soberanía das organizacións nas que Galiza Nova ten presenza através dos seus militantes.
- c) os dereitos e dignidade dalguns militantes da organización.

O 2 de Setembro, varias entidades nacionalistas mantiveron un contacto previo ao dito proceso co fin de aunar criterios para o establecemento dos méritos avaliábeis. Chégase así a un acordo, que se fai extensivo ao Movemento Junior de Acción Católica e que, semella, é definitivo. Desde o entorno da UMG, porén, e de xeito unilateral, propónse a inclusión, contra o parecer cando menos de dúas das organizacións, de novos elementos de mérito que claramente só poden favorecer a un dos aspirantes e son pouco pertinentes para o tipo de posto-praza que se oferta no concurso (p.ex., posuir experiencia de deseño gráfico [sic]).

Inconcebibelmente nunha organización dita democrática e defensora da limpeza nas institucións, comeza desde entón un continuo proceso de interferencias no concurso público. Interferencia, por non usar outro termo máis grave, é, p. ex., que a Permanente de GN (sesión do 14 de Outubro) acorde (é literal) "que a militancia de GN no Comité Permanente do CXG apoie a ratificación de Roberto Vilameá". Repárese no feito de que a orde afecta non só propriamente ao representante de GN no organismo do CXG, senón a



calquer outro militante que poda estar en calidade de representante doutra organización soberana. Desde cando é cometido dun organismo como a Permanente de GN decidir sobre tais aspectos dun concurso público?; en base a que documentación e/ou argumentos decide a Permanente de GN o apoio a un e non a calquer dos outros concursantes, entre os que figura outro militante da organización? Consteiuse acaso a Permanente de GN en comisión avaliadora (CA) "en paralelo" á do CXG? Se isto fose un proceder correcto, normal e admisíbel, a que agarda a Permanente do BNG para cursar instrucións aos compañeiros/as concelleiros Aquí ou Acolá para que apoiem a Mengano ou Citano nos concursos públicos para a provisión de prazas de varenheiros, policias municipais ou funcionarios da administración local? Que o PP. tece a sua rede caciquil a base deste tipo de prácticas e conceptos é ben sabido. Entraremos os nacionalistas do BNG tamén nesta dinámica? Alguns, semella, comezan az facelo.

É curioso que nesa mesma sesión onde se decide o apoio a Vilameá se constitua, ao tempo, unha comisión de investigación porque voces da propia GN denuncian que o proceso non está a ser, cando menos, claro. Como se explica que se unha organización vai investigar unha denuncia interna por irregularidades, tome xustamente ao mesmo tempo a decisión que a xuízo dos denunciante consagra, en último extremo, esas irregularidades?... Preosigamos.

Tres representantes doutras tantas organizacións na CA manteñen unha valoración favorable a outro candidato (membro de GN tamén). Que fai o nú-

cleo dirixente de GN ante esta "discrepancia" de Manrique (GN), Rubén (M. Junior de AC) e Susana (CAF), membros lexítimos da CA? Pois, nen máis nen menos, pór a maquinaria a andar para "sacar de en medio" a estas persoas. Chegamos así á falta de respecto total pola soberanía das organizacións nas que os militantes de GN se integran, concretamente os CAF: o 18 de Outubro a Dir. Local GN-Santiago acorda transmitir á militancia que na vindeira Asemblea de Campus dos CAF de be *Non avalar*, isto é *recusar e solicitar a retirada* da representante dos CAF na CA, Susana. Que nome ten isto? Instrumentalización? Concepción dirixista? Inxerencia? "Papel de avangarda"? Mais a xogada non vai: nesta Asemblea de Campus non resulta revocada Susana.

Lonxe de desanimarme por este "fallo", o núcleo bieitista opta entón por probar con algo "máis de man": trátase agora de ir a por Manrique, vicepresidente do CXG e representante oficial de GN na Com. Permanente do mesmo, tamén "discrepante" co candidato "oficializado". O 25 de Outubro, o mesmo Lobeira que días máis tarde negará diante dos "mass media" calquer intervención nos asuntos do CXG (alegando que nen sequer pertence formalmente a el) envía un fax (entrada nº 000741) no que, *o mesmo día que se vai celebrar a sesión final da comisión avaliadora*, comunica á Permanente do Consello que GN decidiu (literal) "desautorizar a Francisco Manrique como representante de Galiza Nova no Comité Permanente do CXG, suspendéndoo desta función mentres dure o proceso de avaliación e selección para a praza de xerente".

Pode dudar alguén xa a estas alturas de que o fio das actuacións da cúpula de GN neste asunto vai encamiñado, por veras tortas abofé, a *colocar* ao seu candidato custase o que custase e polos meios que fose? Repárese, de novo, no que exactamente di o documento citado: a desautorización-suspensión é só mentres dure o

proceso...

Chegadas as cousas a este punto, as persoas da CA que mantínan o criterio de que o candidato a elixir non era Vilameá, senón Insua, vendo as manobras e trapazarias que se acumulan no proceso, deciden presentar a sua demisión e facer pública a sua denuncia. Comeza o "escándalo público" e comezan as "interpretacións": a denuncia está instigada pola propia administración fraguista, dise; quen a promove representa o nacionalcatolicismo, engadese; é unha operación contra o BNG e o nacionalismo, acréscentase; trátase dunha manobra para acceder pola "porta de atrás" á presidencia do CXG por parte de "tres ambiciosos descubertos a tempo"; ... para que seguir? O Bieito presenta entón querela por inxurias contra o representante do Mov. Junior e intenta que todo pareza obra da "direita cavernícola e catolicista" que ataca de novo. Que burda manipulación para quen coñeza o grau de nacionalismo e apoio ao SLG-CCLL dos militantes cristiáns rurais de base que conforman este Mov. Junior! A quen pretendia enganar Bieito con estes "desvios para incautos"? O caso é que a unha demisión segue outra e outra máis? E axiña tamén, demisións no seo da propia Dir. Nacional de GN. A Bieito e os seus ficalles o consolo (respirarian aliviados) de que a nada dereitista nen nacionalcatolicista, amén de aliada ideal do nacionalismo xuvenil galego, Nuevas Generaciones (sic) avale finalmente a "limpeza do proceso". Hai que pagar os favores?!

Non acabou aquí a cousa, por desgracia. Que agardar de quen tivo estes comportamentos senón outros máis polo estilo? Na hora de hoxe, en Galiza Nova estanse incoando sancións de expulsión para Manrique, Antón Insua, Emilio González Avión (militante de GN e do Mov. Junior, ex presidente do CXG, quen dimitira hai pouco desde cargo para provocar todo efecto menos que GN, de ganchete coas NN.GG., revalidase un modelo de CXG esgotado e corrompido até a médula), e outros. Nen sequer neste mester reparan en formalidades: débese garantir sempre o dereito do acusado a ser escoitado e esa audiencia debe ser previa a calquer decisión de sanción. Non se cumpríu tal e non se falou máis: o seguinte papel que entregaron foi o de expulsión, sanción e censura, incluíndo esta frase que paga a pena traer aquí e que cada quen entenda o que ben quixer: "terase en conta o teu comportamento político no futuro".

Poño fin a esta seguramente demasiado longa crónica e alegato sobre a actuación do núcleo dirixente de GN no proceso de concurso para a provisión da praza de xerente no CXG. Exixo responsabilidades, que o BNG no que eu milito investigue os extremos que aquí se denuncian, que depure chegado o momento o corpo da organización. No xornal ANT deixo depositadas, con estes fólhos, cópias de diversos documentos do proceso que sustentan todo o dito por min. Con carraxe e esperanza misturadas, un saúdo nacionalista. ♦

EMILIO ÍNSUA LOPEZ
(CAMBADOS)



Independentes na Universidade de Vigo

A situación na que subsisten certas institucións galegas fan pensar máis en tempos pasados que en evolucións lóxicas ante o paso dos anos.

Voume referir nesta breve misiva a unha institución en concreto, a Universidade, aínda que en Vigo, parece vivir de costas á cidade, polos últimos acontecementos darralle as costas á sociedade na que se inscrebe.

Vou falar, por centrar máis o debate, dos estudantes. Pois ben, nos últimos anos parecería que certas ideoloxías foran extirpadas, pero a realidade é que latían esquecidas, que non mortas.

**Ameazan con
constituír unha
delegación á
semellanza do
sindicato
vertical
franquista**

Agochados tras unha falta de ideoloxía aparente, chámanse a si propios "independentes", trunfaron nas eleccións ao claustro, en pouco tempo demostraron a "democracia" e "respeito" polas minorías que levan dentro.

Así deixaron fora da Xunta de Goberno a unha opción, os CAF, que acadaron 1/3 dos postos do claustro; seguiron sacando adiante os contratos lixo para estudantes a costas doutros estudantes. Man de obra barata pouco cualificada e perfectamente manipulábel polos docentes. Perfeita definición dun "independente" na universidade.

Pero o máis grave é que ameazan con constituír unha delegación única de estudantes, á imaxe e semellanza do sindicato vertical franquista coa san intención de converter aos colectivos independentes na nova OJE, iso si, profundamente democrática.

Como estudante da universidade sintome na obriga de denunciar o que creo tapadeira dunha evolución reaccionaria de certo estudantado. Teño a obriga de desmascarar a quen se oculta tras vestimentas asépticas porque son os máis perigosos e antidemocráticos.

Tamén debo denunciar a atitude do Reitorado que se apoia en semellantes organizacións. Hai apoios que matan.

Por todo o anterior é máis preciso que nunca que os estudantes democratas e con certa conciencia de seu empuñen a bandeira da dignidade e reclamen o dereito a seren a vangarda da sociedade. ♦

XOSE GONTA SOBRINHO

Sobre a homenaxe a Picallo

A Nosa Terra adica unha importante reseña ao feito de que por parte da CIG se conmemorase a data do nacemento de Ramón Suárez Picallo, descubrindo un

DE TÍTULOS E REALEZAS

NANINA SANTOS

Ecantado o mundo submetido á monarquía borbónica co anuncio de voda da infanta. Por fin voda de príncipes desde non sei cantísimos anos!, proclamaron os máis dos meios de comunicación entusiastas de poder relatar os regalos dos noivos na petición de man (obsérvese que se pede a man dela e non se pede a man del), os modelos da infanta e de Jaime de Marichalar, os naturais, espontáneos e discretos que son todos os membros da familia real. O disimulo fantástico en que os prometidos mantiveron a súa relación despistando a torto e a dereito, etc.

A chusma, segundo a prensa, encatada tamén, pois teñen un "conto de fadas" para rexoubar e facer especulacións a respeito deses seres privilexiados e nada comuns que son os membros da realeza.

"Nese sentido Jaime (de Marichalar, claro) ten moito mérito pois sempre tivo que traballar), declaraba un tío do interfecto.

Aí se aprecia a distáncia que separa aos membros da plebe (cheos de dita de poder traballar), dos das clases nobres para quen traballar resulta impróprio dos seus títulos e do seu sangue azul. ♦

ha placa na súa casa de nacencia en Velloi, Sada.

Na reseña futura o pensamento dos vellos galeguistas de Sada que recordan como, "precisamente 18 anos tivo que estar sin colocar unha praca na que se recordaba as palabras do sindicalista-galeguista: quero ser enterrado no Fiunchedo (cemiterio local). Aquela placa, enviada pola sociedade galega da Arxentina, entrou de matute polo porto de Vigo, recolleuna Ricardo Flores, pero, por imposición dos mandatários locais predecesores de Rodríguez Ares, non puido ser colocada até 1976".

O mandatário local naquel momento era eu. Non nos 18 anos, pero cando Ricardo Flores trouxo a praca era eu. Por se a referéncia do artigo é feita con base ao sucedido naquel ano, escribo esta carta.

Nada mais lonxe da miña intención que discutir a figura de Suárez Picallo. Son viciño e penso que benquerido da familia Velloi. Teño a miña opinión sobre os que se foron e os que se quedaron, sen dúbida influído porque eu quedei aquí e coñezo máis a María e non coñecín a Ramón. Ricardo Flores era irmán dun tío político meu. Vivin, todo o tempo de neno e mozo, no meio da realidade dos mortos, suicidados ou paseados, dos escapados, dos desaparecidos, e dos agachados. Esta realidade sempre me impuxo respeito.

Digo isto para que se entenda en que ámbito de opinión me interesa a min aclarar o que di o seu periódico. Non me interesa o que se fale en Bos Aires ou en Nova York. Penso en onde vivo, en Sada, en Riobao, en Velloi.

Aparte outras consideracións que se poden facer, falar e aclarar, non existiu tal imposición

nen podía existir. Non se impuxo nen se dispuxo anda. Non se era quen, e ademais esta circunstancia sabíase. A placa estivo sen colocar porque non a colocaron. Así de sinxelo. O resto é botar culpas a outros para ocultar o que non se quixo facer de maneira que se podía facer. Como aínda hai xente viva, se alguén interesado ten algunha dúbida, pode aclararse.

Agora, as celebracións de feitos que deberían ser ensinanzas, son festas, festas políticas que facemos os vivos utilizando os mortos e os familiares dos mortos.

Agradézolle a publicación desta carta e quedo a disposición de quen poda estar interesado no que aquí se fala.

XAN FERNANDEZ AREVALO
(SADA)

A Xalgarete con agarimo

O grupo Xalgarete vén de pór a súa primeira gravación de música galega no mercado, e a xulgar pola boa acollida e boa crítica, agóirase un bon futuro.

Nesta gravación obsérvase impresa unha relación de nomes, que corresponden aos compoñentes do grupo que participaron no traballo, pero non é de todo fiel pois falta o nome da pandereteira Teresa Vieira Rodríguez, que deixou de formar parte do grupo despois de se gravar dito traballo.

Ignoramos as razóns polas que se omitiu o seu nome e por iso desde

o colectivo de amigos que nos xuntamos na Gaita Grileira para tocar, cantar, bailar, falar, etc. coa intención de formar unha familia ben avinda dentro do noso folclore, denunciámos este feito de má educación por parte de Xalgarete e manifestamos o noso apoio a esta boa amiga que posúe unha voz de luxo.

**Falta o nome da
pandereteira
Teresa Vieira
Rodríguez.**

Aproveitamos para facer un chamamento á concórdia e ás boas artes, que boa falta nos fan para potenciar o noso folclore. ♦

ANTON SANCHEZ FERNANDEZ
(EN REPRESENTACION DO
COLECTIVO DE COMPONENTES DE
DISTINGOS GRUPOS DE VIGO QUE
SE XUNTAN OS XOVES NA GAITA
GRILEIRA)

Censura lingüística

O pasado día 25 de Novembro presentava Fraga Iribarne, na vila de Silheda, o *Libro Branco das Telecomunicacións en Galicia* (LBT), tras ter sido submetida a versom galega do mesmo á censura do Departamento de Política Lingüística.

Os assinantes deste escritor aceptamos o encargo de traducir a versom espanhola do libro para galego com apenas quince días de anticipación sobre o comezo de impressom do mesmo. Trantando-se dum projecto da Junta, devimos ater-nos ás *Normas ortográficas e morfolóxicas* do ILG-RAG, mas acordamos adoptar, naqueles aspectos nos que nessas normas se establecem duas opcións, as formas mais próximas do reintegracionismo. Assim, escrevénos *ao*, e nom *ó*, para representar a contracción de preposición e artigo, e non representamos em momento nengum a chamada "segunda forma do artigo" (v. Normas, p. 55. Consideramos que, apesar de nom concordarmos coas citadas normas, podíamos realizar, partindo delas, un traballo no que se observase um uso do galego bem mais acurado do que estamos afeitos a ver e no que se corrigissem, por omisom, muitos erros (vulgarismos e castelhanismos sobretudo) mais freqüentes no galego, e especialmente no galego oficial, do que seria desejábel.

Quanto ao léxico, decidimos utilizar o recolhido nos dicionários galegos que seguem a normativa oficial, e especialmente os Xerais (Xr.) bilingüe e monolingüe, mais rejeitando as palabras sospeitosas de castelhanismos e preferindo as comuns co resto do sistema lingüístico galego-portugües. Destarte, escolhemos a palabra *cabo* (Xr., p. 792) e nom *cable*, como traduçom do espanhol *cable*; *relatório* (Xr., p. 792) e nom *informe*, para traduzir *informe*, ou *inquérito* (Xr., p. 506; Xr. bil.p. 273) e nom *enquisa* pola espanhola *encuesta*.

Contodo, ao se tratar da traduçom dum livro com grande quantidade de vocábulos técnicos (principalmente relacionados co campo das telecomunicacións e a economía) encontramos coa problemática da falta de dicionários ou vocabulários galegos especializados neste tipo de léxico. Assim as cousas, e dado o pouco tempo existente e a falta de qualquer tipo de assessoramento neste aspecto por parte da Junta, decidimos incorporar, quando nos parecesse oportuno, as palabras destes campos técnicos pertencentes ao portugués e brasileiro, seguindo assim um dos principios da normativa da ILG-RAG ("valora-lo" aporte (sic) do portugués no facto de nom existir un vocabulário oficial da lingua ga-

vaia tan pouco ao cine.

O rei suspendeu a visita a Vigo ao enteirarse a Casa Real das mobilizacións previstas polo naval. Ao dia seguinte chamaron de Madrid aos sindicatos convocándoos a duas reunións negociadoras. Pena que a **familia real** non seña de sesenta membros.

Dixo Bautista Alvarez, no congreso da UPG, que a xustiza non se conseguia con cuotas como o 0,7% para o terceiro mundo ou o 25% para as mulleres. O seu partido, en coerencia con ese principio, só nomeou a 7 mulleres para os cincuenta postos que ten o Comité Central.

Fernando Ramos, na entrega dos Prémios de Comunicación da Xunta, fixo duas afirmacións para o recordo: "Pido aos políticos encarecidamente que nos exixan máis aos **xornalistas**" e "xa que meten a fillos e familiares a ocupar postos de funcionarios, lémbrense tamén dos mágnificos profesionais que saen das duas facultades de Ciéncias da Información de Galicia".



Semana de Médio Ambiente no recinto ferial da *Semana Verde de Silleda*. Venres 25, tarde. No *stand* da Consellaría de Agricultura, Gandeiría e Montes, unha azafata, única rexentadora do espácio, di non coñecer o nome do **Conselleiro**. Vagamente precisa que o organismo tópase en Santiago. Sendo baixiño e por riba calado, o señor Pérez Vidal non é de extrañar o lapsus do persoal que ten conta do *stand* oficial.

Convocan a un enxeñeiro para unha entrevista despois de cinco anos no paro e recomendacións a mancheas. O primeiro que lle espetan é que "hai moitos na lista". A seguir que non hai horario nen Domingos libres. Atrévase por fin a falar: "E canto **cobrareis?**". O entrevistador revira o fuciño: "mal comeza quen pregunta isto". ♦

lega, mas apenas umhas "normas ortográficas e morfolóxicas" oficializadas. Deste jeito, para traducir o termo económico que designa a palabra española *demanda* escolhemos a galego-portuguesa *procura*, usada já em textos galegos de economía (v. López Suevos, R. *Dialéctica do Desenvolvemento*, p. 87) e caso paralelo ao da incorporación no galego da palabra portuguesa *orçamento*. As incorporación deste tipo, que achamos lícitas, convenientes e, em todo o caso, preferíveis á galeguización dumha palabra española, estiveron limitadas polo noso escaso coñecimento do vocabulario técnico de telecomunicações, e nalgum caso, vimos na obriga de escolher a tradución de determinados vocábulos técnicos dum jeito quicá um tanto arbitrário.

Todas estas decisións foram tomadas de acordo coa filosofía lingüística exposta nas normas do ILG-RAG e, porém, a tradución foi objecto de cambios fundamentais em cada um desses aspectos por parte de dous funcionarios da Junta destinados a Madrid para supervisar o noso traballo nos dous dias anteriores á impressom do libro.

Assim, onde nós pugemos ao eles impugeron ó, *corrigirom* a omisson da segunda forma do artigo em todo o livro e incorporaron muitos daqueles erros (vulgarismos e castelhanismos sobretudo) tam comuns nos textos oficiais e que nós deliberadamente evitáramos, como p. ex. o uso do substantivo *fronte* (que designa a parte da anatomía humana que se encontra por cima das sobrancelhas) no lugar de *frente* na locución prepositiva *frente a* (que é da única forma que aparece nas Normas, p. 130) ou o uso da forma apocada do adjectivo *grande* ("gran tamaño", LBT p. 315) conforme á gramática do español.

Igualmente sofreu cambios o léxico. Os galegos *cabo*, *relatório*, *cartón*, *empréstimo*, *cadro*, *seguraza*... passaram a *cabale*, *informe*, *tarxeta*, *préstamo*, *marco*, *seguridade*... de harmonia co castelhanu.

Expressões como *procura* (LBT p. 321), *banda ampla* (p. 309) ou *ligazón*, tornaron ás formas

REALEZAS

XAN PIÑEIRO

Antes de que as monarquías fosen o referente das campañas de imaxe corporativa dalguns Estados, aínda quedaban tolos que pedían cabezas reais, e mesmo as conseguían, a razón de unha média dúcia por século.

Antes de que os reis fosen os relacións públicas con máis moreas de colorins nas revistas do corazón, aínda era posíbel discutir os sistemas de goberno de acordo con criterios medianamente racionais.

Dun tempo a esta parte, para a continuidade das realezas só importa asegurar aos reais gomos, é dicir aos descendentes, contra os posíbeis cornos que os consortes cos que emparenten lles podan superpor na real coroa.

Debe ser que a evolución leva a iso. Así, se algun día cai a monarquía británica, esa que cos catro reis da baralla formaba o selecto quintecto dos inextinguíbeis, din os realólogos, é dicir os expertos en realezas, que cairá tan só polas falcatuadas cornamentais desa plebeia venturera e xa afastada da corte que pudo ser a ruína dun herdeiro orelludo e seica astado, que é tanto como dicir unha fendá na institución.

Así, se algun día se proclamase nestes Estado nos unha Terceira república, os mesmos realólogos aseguran que o principal motivo non poderá ser outro que os posíbeis cornos dunha consorte mal escollida. E o curioso é que falan da tal cornamenta como a única razón de peso para o republicanismo, xusto despois de asegurar que a realeza é un sistema sumamente avanzado, superador de prexuízos, un auténtico privilexio para certo Estados ao longo do próximo milénio. ♦

españolas *demanda* (p. 309), *banda ancha* (p.288) e *enclace*. Mesmo o substantivo "frota" (que aparece assim expreso na p. 25 das Normas) foi castelhanizado para "flota" em várias ocasións (pp. 275, 384...).

Há, como estes, muitos outros exemplos, mas queremos salientat que todos estes cambios foram realizados sem sermos consultados ao respeito em momento nengun polos revisores e apesar de termos exigido um debate prévio á supervisom. Só umha vez acabada a mesma, e quando já era impossível qualquer corrección, pudemos expor os nosos protestos aos funcionarios da "Xunta".

Se bem poe ser mais ou menos razoável a existência dum departamento administrativo que supervise as traducións que para

galego sejam feitas por encargo da Junta, cremos que, em todo o caso, a función de tal departamento sería fiscalizar o emprego correcto da nosa lingua, especialmente no léxico e a gramática, e *corregir castelhanismos*, de havêlos, mas nunca impor determinadas opções normativas aos tradutores, nem fazer cambios absolutamente arbitrários na terminologia utilizada. De outra forma, e como aconteceu no noso caso, a supervisom devém censura e

Estas decisións foram tomadas de acordo coa filosofía das normas do ILG-RAG e, porém, a tradución foi objecto de cambios fundamentais.

imposiçom ao nom respeitar o livre desenvolvemento do traballo dos tradutores. Tanto mais, quanto que esta corrección impujo formas vulgares de mais para um texto culto e especializado, introduziu um boom número de vulgarismos e castelhanismos, e causou umha vacilaçom no nome de determinados conceitos que deveriam aparecer designados com um só termo e nom de duas ou três formas diferentes (qual o caso de *banda ampla*, *banda larga*, *banda ancha* ou o de *enlace* e *ligazón*)

O que parecerom intentar os supervisores foi manter o texto galego sempre a umha distancia prudencial do texto español, aproximando-o deste, mesmo coa introduçom de castelhanismos, quando se afastava de mais. Para nós, com açoes deste tipo o único que se consegue é dialectizar, aínda mais do que já está, o galego com respeito ao español.

Melhor teria sido que, no canto de censurar a nosa tradución castelhanizando-a e crivando-a de vulgarismos, os responsáveis de política lingüística da Junta de Galiza se tivessem preocupado de fazer um glossário de termos específicos da telecomunicação para o uso dos tradutores, o que teria contribuído á fixaçom e normalizaçom desse léxico na nosa lingua.

Finalmente, consideramos que, á hora de fixar o léxico técnico dos campos como a telecomunicação, deve levar-se em conta o contributo do português peninsular e brasileiro, tal e como se diz nas Normas do ILG-RAG (p. 8). Temos a sorte de ser a nosa lingua a mesma de Portugal e do Brasil, a segunda lingua românica em número de utentes, e nom podemos virar costas a isto.

Foi por esta razón, e pola desnormalizaçom que afecta o galego-portugués na Galiza, que decidimos subsistir o concepto "lingua minoritaria", que aparece na versom española do libro em referência ao galego, polo de "lingua minorizada" (LBT p. 221). Substitución que, ao parecer, passou desapercibida aos censores lingüísticos. ♦

XURXO VALINHAS, CRISANTO VEIGUELA E JOSÉ MANUEL OUTEIRO



Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo
CULLEREDO (A Coruña)

Tel. (981) 66 62 28
Fax (981) 66 17 75



Radio Fene
Casa do Concello
15500 Fene (A Coruña)

Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
34 24 11 - 34 30 56
Telefax (981) 34 27 51

Os académicos galegos e cataláns desvirtuaron por completo a carta de Lázaro Carreter a Felipe González, ao dar

a coñecer un escrito que nega que existan os *síntomas de marxinação do castellano* que xustificaban a *alarma* da

Académia. A Xunta queca desautorizada ao non producirse nengun apoio en Galiza en favor da súa postura.

Cela e Torrente rectifican, pero a Xunta non retira o seu apoio á carta da Académia Española

A Mesa prepara un manifesto para recoller o apoio ao galego da sociedade

■ XAN CARBALLA

A reacción unánime nas tres nacións con lingua propia, coa única disonancia da Xunta de Galiza (ver números 648 e 649 de *A Nosa terra*), á alarmante carta da Real Académia Española clamando contra "a discriminación do castellano", topou un novo respaldo, ao se desmarcar do escrito os acadé-

micos cataláns e galegos.

Con efecto, o chamamento que emprazou aos académicos a definirse, toda vez que a Académia declarou que a resolución se tomara por unanimidade, obrigou á elaboración dun escrito de emenda asinado polos cataláns Pere Gimferrer, Martí de Riquer e Francisco Rico e os galegos Ca-

milo Xosé Cela e Gonzalo Torrente Ballester.

O comunicado destes catro académicos é taxativo no seu arranque: "os abaixo asinantes, numerarios da RAE, non suscribiron nen suscribirían o documento que esta Real Corporación dirixiu ao presidente do Goberno", para extenderse despois en catro puntos.

A Mesa pola Normalización Lingüística prepara un manifesto, especialmente dirixido á mocidade, reivindicando un impulso a fondo da normalización do galego, volveu reiterar a petición de cese do Director de Política Lingüística, Manuel Regueiro Tenreiro. "Cando falta a primeira voz galega con autoridade que apoie a súa posición afirman nun comunicado- é

imposible que se afronte a política necesaria de promoción do idioma galego".

Asemade a Mesa pédelo ao Presidente da Xunta unha rectificación da posición mantida pola Xunta ante a "falta de representatividade do sentir que produce a carta da Académia no mundo cultural e na cidadanía". ♦



Os académicos afirman que "todas as linguas que se falan e escriben en España, merecen o mesmo respecto tanto na súa difusión como no seu ensino", para afirmar a continuación que non observan nengunha caste de conflito, "é evidente que por razóns históricas, as diferentes comunidades comunícanse entre si en lingua castellana ou española, que non pode ser ignorada por nengun español. Non observamos nengun síntoma que permita sospeitar que socialmente esta situación poda mudar".

O escrito nega que as políticas de normalización lingüística de galego, catalán ou euskera sexan discriminatórias cando concluen o seu escrito afirmando que "o cultivo, o pulo, a propagación e o ensino a todos os niveis das diversas linguas que se falan en España, de maneira nengunha poden nen deben interpretarse como un menoscabo para a lingua castellana".

Sen apoios políticos

A declaración dos académicos galegos na RAE, deixou en coiros a posición do Director de Política Lingüística, que se significara como a única autoridade política das tres nacións con lingua propia, que se apresurou a dar o seu apoio ao escrito de Lázaro Carreter.

Cela e Torrente únense aos académicos cataláns en condenar a carta de Lázaro Carreter. Fotos: XURXO LOBATO



O Òmnium Cultural reivindica o catalán como lingua propia e aportación á humanidade

A institución catalanista Òmnium Cultural está a difundir e procurar apoios de distintos colectivos e persoas a un manifesto "Per la llengua catalana", que supón a contestación social máis importante á carta da RAE. Entre os apoiantes do manifesto do *Òmnium* están os académicos Pere Gimferrer e Martí de Riquer.

O escrito do *Òmnium* é unha auténtica declaración de principios pola normalización. Afirma na apertura que "os cidadáns das terras do Estado español co castellán como lingua propia pretenden ter o dereito para eles e a súa descendencia a ser e manterse monolingües por todo o territorio estatal perpetuando a situación de privilexio da lingua española. A ignorancia, porén, do marco legal, fomenta a idea de que os catalán-parlantes estemos na obriga de ser bilingües na nosa propia terra. Unha consecuencia desta ignorancia sería a imposición do bilingüismo á toponimia. Por tradición imemorial, e agora por lei, ha ser somentes en catalán".

Segue a discriminación O *Òmnium* non só pon de mani-

festos a legalidade da normalización lingüística, senón que advirte da necesidade de lle dar un impulso renovado. "Quince anos despois da promulgación do Estatuto a lingua catalana continúa discriminada en determinados ámbitos públicos, entre os cales, significativa e maioritariamente na Administración de Xustiza, nos medios de comunicación e no ámbito socioeconómico. O feito de presupor unha marxinação da lingua castellana en favor da catalana ignora que, despois de séculos de persecución, agresión e marxinação política e xurídica que culminan no réxime franquista, resta aínda moito camiño para arribar á normalización plena da segunda".

A seguir dóense da falta de rigor científico da Académia Es-

pañola "porque dispoño dos medios idóneos, mercé aos orzamentos públicos, puidendo ter unha información correcta da realidade lingüística catalana, falséaa".

Consecuencias políticas

"Constatamos a supervivencia de sectores importantes da sociedade española que non queren asumir a realidade plurinacional do Estado. Esta realidade vai facer necesaria unha nova organización política, coa correspondente distribución territorial do poder, unha vez fracasado, por antidemocrático, o sistema unitario da dictadura. De xeito que se continúa contemplando a diversidade de linguas como un problema incómodo de asumir, mais non co-

mo unha expresión da riqueza cultural dos povos", di o *Òmnium*.

Finalizan cun chamamento á cidadanía "de todos os territorios que teñan o catalán como lingua común, con independencia d'outra orixe xeográfica familiar" e expresan a vontade de avanzar nunha nova Europa "basada no respecto ao dereito á diferenza e na diversidade de todos os seus povos, linguas e culturas".

No chamamento os asinantes proclaman lealdade persoal e colectiva á lingua catalana "porque é o instrumento insubstituíbel e orixinal da nosa aportación colectiva ao patrimonio cultural da humanidade, como o español pode selo para aqueles que o teñen como lingua propia". ♦

7 DIAS

■ Prémios para Dame lume

Dame Lume de Hector Carré recebeu o galardón do público no Festival de Cinema de Alcalá de Henares, que conta cunha sección para longametraxes. Carré xa fora premiado neste festival cos seus anteriores traballos, as curtametraxes *A Sorte cámbia e Coitadiños*. Esta fita será estreada en Ourense antes da súa distribución oficial para poder competir nos Premios Goya, instaurados pola Academia das Ciencias Cinematográficas do Estado. Neste certame, optará a premio no apartado adicado aos novos realizadores. ♦

■ Música galega no Festival Womad

O Sábado 3 de Decembro celébrase o Festival de Música Womad en Cáceres, informa Oscar Losada. Este evento acostuma a durar tres días pero este ano, por mor de problemas organizativos, todo quedará concentrado nunha noite. O Womad é un festival de sona que reúne a músicos e artesáns de diversos países do mundo. Este ano, o certame terá representación galega co grupo *Matto Congrio*, que terá como

As Xornadas de Banda Deseñada de Ourense en fanzine

O que aconteceu nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense xa está publicado, se ben chega con algo de retraso pero listo para o que queira disfrutar de bó comic galego e internacional. O Fanzine das Xornadas non pretende ser só unha publicación oficial do evento, como aseguran os seus responsábeis, o Colectivo Phanzynex, senón un instrumento de lectura independente. De certo, que a súa presentación e contidos non son simplemente fórmulas de publicidade; o fanzine quer ser a recolla do máis destacábel do mundo do comic concentrado en Ourense.

Un dos protagonistas do fanzine é Miguel Anxo Robledo, gañador do premio do Certame de Banda Deseñada deste ano, que foi convocado para xoves creadores galegos e portugueses. *O anel encantado* foi a historia galardonada, que tiña guiñón de Margarita Becerra. Robledo, que pertence ao Frente Comixario é entrevistado no fanzine e, ademais, publicase unha

compañeiros na noite musical a Francis Bebey (Suráfrica), The Four Brothers (Zimbawe), Inmaculate Fools (Inglaterra) e o acordeonista Martin O'Connor, que hai uns meses deixou mostra da súa calidade no excelente concerto que deu no festival folk de Ponteceso. ♦



histórieta inédita deste xove debuxante: *Os cabezóns*. Estas viñetas forman parte dunha serie futura que prepara Miguel Anxo Robledo e que xira ao redor duns seres fantásticos na busca dunha casa flotante que sofre

unha forte crise de identidade.

A publicación conta tamén coas viñetas de varios debuxantes internacionais, cuxas obras pasaron polas exposicións do certame ourensán. As paranoias nocturnas de Maria Björklund, a emoción de ser funcionario de correos de Steve Willis ou as violentas aventuras dun ciruxano narradas por Marcel Ruijters. Hai unha mención especial para o debuxante destes lares, Tito, que foi o autor do cartel de promoción do Certame de Banda Deseñada de Ourense deste ano. A súa aportación é a historietta *Casei cun maricalla*.

O apartado *Expofanzines* do certame tamén merece unhas páxinas. Nelas revísase a saúde destas publicacións en Europa e América. Trescentos fanzines estiveron expostos en Ourense, moitos deles elaborados dentro do Estado como *TMEO*, *Paté de marrano* ou *Mono Gráfico*. Dende agora, O fanzine das Xornadas quere ser un máis. ♦

■ Xabier Garcia gañou o Rosalia de Castro

Na pasada fin de semana, entregáronse os premios da VIII edición do Certame Nacional de

Poesía en Língua Galega *Rosalía de Castro*, organizado pola asociación cultural do mesmo nome en Cornellá de Llobregat, en Barcelona. O primeiro premio, de 80.000 pesetas, foi para Xabier Garcia Fernández pola obra *Papel de néboa*. O segundo galardón, dotado con 45.000 pesetas, foi

para Martín Veiga por *Os restos dun naufraxio* e o terceiro, con 35.000 pesetas, acadou Heriberto X. Villar Patiño con *Poesía Urbana*. Houbo unha mención especial do xurado para Miguel Anxo Hermida Carballo por *Andante Sostenutto* e para Edelmiro Vázquez Naval por *Sónos e fumaradas*. ♦

■ Semana das Embarcacións Tradicionais, en O Grove

Do 5 ao 11 de Decembro está programada en O Grove a *Semana de Actualidade das Embarcacións Tradicionais*, organizada pola Asociación de Amigos da Dorna Meca e a Consellería. O obxectivo desta convocatória, que se vai celebrar na Casa de Cultura Manuel Lueiro Rei de O Grove e a difusión do acervo marítimo de O Grove e bisbarra e dar a coñecer proxectos de recuperación de embarcacións tradicionais.

O luns 5 ás 19 horas inaugurarase a exposición de proxectos para a recuperación. O martes ás doce os Amigos da Dorna Meca darán a coñecer ao público o seu proxecto de recuperación da dorna meca.

O día 7 ás 19 horas o historiador Dionísio Pereira dará unha conferencia titulada *Informe dramático sobre o patrimonio marítimo do Salnés*, adicando o xoves e venres á proxección de vídeos sobre proxectos de recuperación de embarcacións. ♦

HISTORIA DE GALICIA

Desamortización e réxime de propiedade

Ramón Villares


PRESENTACIÓN EN SANTIAGO

Na Galería Sargadelos o día 13 ás 20 horas coa participación de:

Ramón Villares
Xosé Ramón Barreiro
Cesáreo Sánchez

XA Á VENDA

EDICIONS
A NOSA TERRA




Leituras

Sabor
de *Heloísa*,
leve e fonda

1991, tempo de *Uránia*⁽¹⁾, pudor nu, a mensaxe insinuada, cincel de Penélope, beleza da palabra esmerilada. É difícil definir a poesía de M^o Xesus Pato: amor e ódio. Amor pola palabra, Ódio porque a palabra di. Podería ser, pero seguramente é falso, que será verdadeiro? *Uránia* era unha máscara, tras de si: Propércio, Mozart, Cunqueiro, Passolini... A máscara *Uránia* axudaba a vencer o pudor, o medo inocente a falar do propio. Rosa Luxemburgo, Pio X, Curros, Rafael... xogaban a despersonalizar, evitaban a identificación do emisor. Eran unha trampa: nós sabíamolo, apenas estaban ali como referentes dun momento, dunha idea, dunha estética, da historia, da propia historia interior de M^o Xesus Pato, emarcaban. Sábese que Heriberto Bens non soese enganar cando apadriña. Aquel manantial fresco saciou moitas sedes.

Desde aquela reflectiuos algun grolo e *Sete Poetas Ourensáns*⁽²⁾, 15 poemas novos. Dous deles, os dous primeiros, pertencentes ao poemario *Heloísa*, o segundo deles impreso agora cunha levisima variante. Finais de 1992. Chus Pato é a integrante máis nova do Grupo Dolmen, Grupo que neste 1994 de á luz *Poesía dos Aléns*⁽³⁾, unha experiencia editorial necesaria e clarificadora. *Poesía dos Aléns* compárteno poetas das dúas bandas do Miño e constitúe proba patente da (aínda) identidade cultural galegoportuguesa. Empresas desta índole serán sempre urxentes. Ademais, o corpus poético presenta tamén interese *per se*. Son pouco os poemas de cada autor, certamente, porque son moitos os autores. A pesar de todo, finalizamos a lectura cunha inequívoca sensación de



unidade. Do primeiro Grupo Dolmen non están Manuel de Dios nen Millán Picouto, no seu canto aparecen as voces de Marifé Santiago Bolaños e Carme Lobón Aguiar: a primeira desde a súa alofonía, a segunda desde un cripticismo fragmentario feito de, tamén, pudor e aparicións ensoñadas.

A quen desexe máis información verbo do devir da escrita de Chus Pato, ha de serlle de utilidade o artigo de Mónica Bar "Da mitoloxía ao escepticismo por mil camiños", in ANT Nº 369.

Nós, agora, entremos en *Heloísa*⁽⁴⁾. Pero antes deteñámonos un intre, desgastemos a morfoloxía dos dous nomes. *Uránia*, *Heloísa*. *Uránia*: misterioso e profundo, sonoro e agreste. *Heloísa*: no teu nome encérranse mel e fel, frío e ouro, silencio, segredo e tempo, memoria.

Agora xa podemos viaxar. Que *Heloísa* é itinerario. Itinerario que retrata retallos secretos (íntimos) através do tempo fixados na memoria (íntima, pero colectiva) com diademas de ouro ou cintos de frío, como rosas de mel ou espiños de fel; abonda saber escoitar no silencio de un mesmo cando é o silencio de todos nós. Fuga en vintecatro tempos, consecutivos, alternos, superpostos, memoriais. Dos Céus aos Infernos, da terra á auga, da palabra ao silencio. *Heloísa* é máis que unha máscara, é

máis que un símbolo, é testemuña intemporal. Áxil pitonisa contemplativa e contadora, cun verso candoroso, persoal, sonoro, puro ritmo da introspección e lembranza da historia comun como parte da historia propia: detalle este que identifica o lirismo de Chus Pato desmarcándoo das encadeamentos de palabras bonitas, canto máis raras máis preciosas e poéticas. Ninguén pode discutir que M^o Xesus Pato sexa unha poetisa eminentemente lírica, porque a lírica é precisamente o feito de falar de un mesmo, de si. Pero a poesía de Chus emerxe do fondo, do que foi, do que explica que somos e por que somos así.

Velai a meta. Porque toda viaxe ten unha finalidade, mesmo que sexa o propio pracer de camiñar. Aquí, a meta é asunto de moita transcendencia: a procura da entidade. Apontaba *Uránia* e confirma *Heloísa* o reto que a busca, en *Heloísa*, é moito máis transparente do que for en *Uránia*. O cripticismo, a imaxe crua, ceden perante un imaxinismo máis

Consigna:
léase
con tempo,
despácio,
degóstese
íntima e
caladamente
palabra
a palabra

translúcido, o que coadruva moito á interpretación. Avantouse un grau na perda do medo ao que a palabra di, non se observa tanta dureza nese pracer que é contar. Agora dispoñemos do cadro que emarca o lenzo, da paisaxe que sostén a figura, da figura que contén a paisaxe. Revela isto maior seguridade nun mesmo cando se escribe? É difícil aseguralo. Nen en *Uránia* hai fisuras nen *Heloísa* é a súa confirmación. Si é óbvia certa evolución — lembremos que evolucionar significa simplemente cambiar, moverse — constatable facilmente e da que xa falamos. Evolución que, en definitiva, afasta da senténia brillante pero aséptica, da expresión críptica e dunha imaxe tanto céptica canto é o seu medo a mostrarse a si mesma en palabras, do que se colixe a extraordinaria demostración de amor e coraxe que representa o exercicio lírico. Tal como se manifesta en *Heloísa*: "...as funcións da linguaxe non se definen pola comunicación senón polo principio do pracer"

Consigna: léase con tempo, despácio, degóstese íntima e caladamente palabra a palabra, sob pena de perder o tempo e a *Heloísa*. ♦

XOSÉ M. EIRÉ

- (1) *Uránia*: M^o Xesus Pato, Editorial Calpurnia, 1991. Primeiro poemario de Chus Pato.
- (2) *Sete Poetas Ourensáns*, Grupo Dolmen, editado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, Xullo de 1992. Integran o Grupo Eduardo González Anín, Vitor Camaño Pereira, Manuel de Dios, Manuel Blanco Luís, Edelmiro Vázquez Naval, Millán Picouto ademais de M^o Xesus Pato.
- (3) *Poesía dos Aléns*: Grupo Dolmen, impreso nas Gráficas Rodi de Ourense en 1993. Ademais dos integrantes de Dolmen, cos cambios arriba indicados, están José João Sardiña, José Carlos Barros, Otilia Monteiro, Fernando Ribeiro, João Augusto Madureira, José António Queirós, Júlio Teles Grilo, Norberto Cardoso e José Diaz Baptista, ademais de Egito Gonçalves e Pura Vázquez.
- (4) *Heloísa*: M^o Xesus Pato, Edicións Espiral Maior, A Coruña 1994.

conta de libros



Recetario
estacional

Co libro *A Cocina do Outono*, de Pepe Iglesias, afondase na bibliografía gastronómica galega, á que Xerais ten adicada unha colección específica, na que proximamente o autor entregará os títulos de primavera, verán e inverno. Neste volume que agora sae danos máis de 50 receitas con 100 variantes. Receitas como as filloas de centolo sobre puré de pementos de Mondoñedo, os caracois en salsa de estrugas ou os roliños de grelos recheos de facón son algunhas das delicias presentadas. ♦



O primeiro
sobre Dieste

Arturo Casas publica en Galaxia o primeiro achegamento ao escritor e intelectual de Rianxo, ao que se adica o Día das Letras Galegas de 1995. En *Rafael Dieste e a súa obra literaria en Galego* Casas aborda a obra galega procurándoa no seu contexto, pero tamén ofrece importante información complementaria, biográfica, cronolóxica e bibliográfica. O autor xa ten abordado a obra diesteana coa edición dos seus libros *Encontros e vieiros* e *Frágua íntima*. ♦

Ciencia
e tecnoloxía


Ramón Caride Ogando, gañador do Blanco Amor no 1992, publica na colección de narrativa de Xerais *Lumefrio*, no que aborda temas claves contemporáneos: o conflito ciencia-tecnoloxía; a loita do criador por facer real unha obra que ninguén poida volver contra el ou as reaccións humanas ante o cancro, a sida ou a droga. ♦

Barco de Vapor

A Editorial SM publica dous novos títulos da súa colección adicada aos máis novos. *Un cachiño de Bica?*, unha obra para iniciarse á lectura, está escrita por María Victoria Moreno e conta coas ilustracións de Manuel Uña, e *Sa'taricando de aquí para ali* realizouna a catalana Mercè Company e é para lectores de máis de doce anos. ♦


GRAN MERLIN

A nosa literatura de tradición oral



Novos contos populares de Galicia.
Bernardino Graña recrea unha nova serie de contos populares de Galicia que recollen o mellor da nosa literatura de tradición oral, nunha edición especialmente cuidada, ilustrada por Luís González e encadernada en cartón.

CRISTO E SAN PEDRO PEREGRINOS
Bernardino Graña



Adiviñas de creación. Gloria Sánchez recrea, desde a tradición da literatura de tradición oral, novas adiviñas para xogar e reflexionar, nunha edición especialmente cuidada, ilustrada por Peixe e encadernada en cartón.

303 ADIVIÑAS
Gloria Sánchez

XERAIS



Música

Rock
pola auto-
determinación

O pasado día 25 de Novembro a NASA acolleu unha maioría de estudantes, nun concerto musical a prol da autodeterminación da Galiza. Ocuparon o cenário os grupos *Os Skornaboís*, *Os Túzaros* e a agrupación de *Folk Arco de Mazarelos*. Cada unha destas formacións soubo amenizar o festexo cheo de reivindicacións desta noite.

Os Skornaboís, que chaman ao seu estilo propio "romantismo vergallán" participaron no acto co seu facer musical e nacionalista. Os seus integrantes din do Vergallán da Monteira que é "un home poderoso que vive nunha casa baixo unha ponte". O cantante do grupo ia con el gadañar a erva e aquel labrego é hoxe o ídolo deste grupo galego.

Un grande cartel dicendo "Autodeterminación: átrévete" chamada á desinibición da mocidade e á entrada en acción. Bailouse un pouco de todo: muiñeiras, pasodobles e sobretudo rock. As proclamas, en altísima voz foron "Galiza ceibe, poder popular" ou "Cuba si, ianquis non", entre outras. O espectáculo máis dinámico foi o do Skornaboís. O cantante, que ben falaba ben cantaba, non parou quedo nen calado un intre.

Moitos dos asistentes tiñan menos de 20 anos. Tucho, de 15, dicía que "decidinme a vir a este concerto porque fun a unha charla de Darío Xohán Cabana e el contestou a unha pregunta miña que na man da miña xeración estaba que Galiza tivese un bon futuro". Marta Lombán, outra asistente, presenciou o concerto porque cre que "a nosa cultura ten que renacer e temos que arrincala da submisión na que está postrada".

A voz feminina do grupo *Arco de Mazarelos* tivo os maiores e máis longos aplausos da noite. Exaltou, cun tenso canto, diversas pezas tradicionais. O grupo *hard core Os Túzaros*, que ven de gravar un *single* en colaboración coa sala Nasa, afirma que reclaman a autodeterminación para Galiza aínda que non confien en nengun partido político existente. Participaron no concerto con cancións nunha liña ideolóxica de protesta como "Onde está o futuro que nos prometiches, que nos ias dar?".

Este concerto integra a campaña por todo o país de Galiza Nova a prol da autodeterminación da Galiza. Ignacio Pavón, membro da Permanente da formación nacionalista, declara que "é un bon xeito de chegar aos mozos e mozas galegas facéndoo através de grupos musicais comprometidos". No acto recolléronse numerosas asinaturas dos asistentes opóndose ao servizo militar obrigatorio, ao ensino desgaleguizador. ♦

LUPE GÓMEZ



Os integrantes de Luétiga.

Forza
Cántabra
Nel "El vieju"

O grupo Luétiga naceu hai sete anos en Torrelavega e é a banda que goza de maior predicamento pola zona cántabra. Do seu primeiro disco, "La última cajiga" venderon a moi estimábel cantidade de tres mil exemplares, o que para un conxunto de folk é unha venda realmente importante.



Violinista e pandeteira cántabros. Cantos da Montaña, 1901

Este é o seu segundo traballo, no que amosan unha interesante concepción e poderío dos temas tradicionais cántabros que interpretan. Cinco pezas son cantadas e sete instrumentais. Nos temas con voz, os Luétiga acadan altas cotas de calidade, especialmente na sentida "El jardín de la alegría", a fortaleza de "Ya no van las Mozas" ou a especialmente poderosa "Nel, El Vieju", unha visión do mundo da caza visto desde o prisma dun corzo, que conta cun-

ha magnífica letra de Roberto Diego. É esta unha peza que engaiola á primeira audición. Os temas subliñados destacan por estaren moi ben construídos e cantados, en dialecto cántabro, con soltura e precisión.

De entre os instrumentais compresalientar "Jota de Lara" cun ar irlandésido, a potente "Una Nochi más", ou a fundamentalmente gaiteril (gaita asturcántabra) "Camín Polaciones". No grupo non hai nengun instrumento que sobrancee especialmente, aínda que algúns se deixan notar máis como a flauta de R. Diego, o violín de Kate Gass e a guitarra de Marcos Bárcena. Os demais cumpren a súa función con eficacia, cando unha boa consistencia ao son da banda. Mágoa que os tres últimos instrumentais incluídos na obra baixen unha miga o alto nivel xeral (un deles só es'ta presente no C.D. e non no disco, con bon crítico) deste traballo do grupo cántabro máis reputado.

A banda adica o disco a un dos seus compoñentes, Raúl Molleda, que foi o primeiro insumiso da rexión que ingresou no cárcere e a quen desexamos que retorne canto antes á súa actividade musical para seguir facendo bons temas co seu grupo.

ÓSCAR LOSADA

conta de discos

Música
para desaparecer
dentro (II)

Duplo CD que, curiosamente, se algun fio conductor ten é o do selo discográfico que o edita—Sonifolk, serie Lyricon—, caracterizado por unha tendencia á *new age*, da que xa temos comentado abondo nestas páxinas. Despois de orientar, en reiterados comentarios, o uso desta música cara perrucarias, grandes armacéns, ximnasios, hostalaría, para degostación de *yuppies* ou bandas sonoras, xa queda pouco por engadir. De todas formas, convén non pasar de longo ante esta afianzada tendencia estética, xa que, en

xeral, hai bons músicos, e no meio de moda, escóitanse sons dignos de quedaren perpetuados no futuro: hai de todo, e entre o máis digno: Paul Winter Consort, Tomás San Miguel, Oni Wytars, Luis Delgado ou os nosos paisanos Emilio Cao e *Matto Congrio* están entre o máis interesante da gravación antolóxica, xa que se trata dunha escolma de discos editados ou distribuídos anteriormente. Daquela, os intermediarios do asunto—casa discográfica—deron coa fórmula de compaxiar función comercial con orientación artística, ou dito doutra forma, esta empresa é algo máis que un simples negocio. Non é a primeira vez que acontece. Casos ten habido en que un selo discográfico se distingue por un catálogo que cria escola estética. ♦

X.M.E.

Gaiteiro Casamaria, (Jerrerías) anos 20.



GLORIA
AMPLITUDE DE ÉPOCAS E ESTILOS
NO CENTRO DE MÚSICA
PII MARGALL 94
VIGO
TEL. 21 13 55

- * DANCE
- * DARKWARE
- * INDUSTRIAL
- * INDIES
- * BEAT
- * POP
- * PUNK
- * HARDCORE
- * METAL
- * BLUES
- * ROCK 'N' ROLL
- * COUNTRY
- * FOLK
- * RHITHM & BLUES
- * SOUL
- * FUNK
- * REGGAE
- * SKA
- * ROCK NACIONAL
- * GALEGA
- * MÚSICAS DO MUNDO

EDICIÓNES ESPIRAL MAIOR



A CASA NA BRÉTEMA
LUIS REI NÚÑEZ
PVP: 1.700 Ptas.

A casa na brétema,
unha poética aberta
á claridade do "real",
á vibración da sensibilidade.

Despois de seis anos ausente
da letra impresa,
volve o Novoneyra clásico,
intenso e elixiaco.



POEMAS DA DOADA CERTEZA
UXIO NOVONEYRA
PVP: 1.600 Ptas.

EDITORIAIS
EN DISTRIBUCIÓN

Edicións Espiral Maior
Edicións Laiovento
Edicións da AS-PG
Edicións Sementeira
Edicións Toxosoutos
Edicións PP. CC. Artesa
Cadernos da EDG
Edicións Elsinor Teatro
Editorial Hiru Argitaletxea
Edicións de autor
Revistas culturais galegas
Edicións bibliográficas

PRODUCCIÓN CULTURALS
ARTESA

Rua A. Martínez Salazar, 3
15011 A CORUÑA - GALIZA
Telf. (981) 27 83 99
Fax (981) 25 02 12

A industria audiovisual galega move 23.000 millóns anuais

Para os profesionais a TVG é clave no desenvolvemento do sector

■ ÓSCAR LOSADA

Un informe presentado na pasada *Xociviga*, estimou en 23.057 millóns a facturación anual do sector audiovisual galego, que ocupa da orde de 3.200 traballadores. A estrea recente de dúas novas longametraxes galegas deu pé a unha serie de debates cos traballadores do sector sobre a importancia de rendabilizar estas cifras e darlle unha orientación renovada.

O desglose da industria audiovisual comprende desde as televisións ao servizo de produción (empresas auxiliares, estudos de dobraxe, vestiário, maquillaxe...),



De esquerda a dereita Raul Veiga, Héctor Carré, Óscar Losada e Xavier Villaverde, nos recentes debates de *Imaxe Galega*. LALO

da distribución e exhibición cinematográfica ao equipamento profesional. Daniel Domínguez, pro-

fesor na Escola de Imaxe e director de diversas producións, considera que o apoio á industria "é

practicamente inexistente. Ao mellor o problema non é que haxa industria, senón o xeito de como a temos artellada, porque movéndose máis de 20.000 millóns non existe nen un cinema nen unha TV con ficcións galegas".

O xornalista Santiago del Valle, membro do Consello de Administración da CRTVG polo PSOE, cre que se gastan 1.500 millóns en retransmisións deportivas, quedando poucos cartos para outras cousas. "Debemos ter claro que o audiovisual serve para nos coñecer a nós mesmos e ao mundo que nos rodea e dependendo da sensibilidade que teñamos seremos capaces de vendelos produtos fóra, pero tamén debemos contar con documentais para consumo propio. O que non se pode facer é tirar os cartos e que un guionista como Alfredo Conde lle dean máis de 20 millóns polos guiños do documental sobre o Camiño de Santiago e que nesa mesma serie a súa muller cobre 4,5 millóns por ser a que escolma a música".

O contraste destas cifras milloná-

rias oferceo o que a TVG pagou 60.000 pesetas polo pase da curtametraxe de Antón Simón «Un café de ollos verdes», de 25 minutos de duración. O traballo tivera un orzamento de 11,5 millóns, e Simón considera que aqueles gastos "son unha afronta ao audiovisual galego. Aquí, como en todas partes, é imprescindible o apoio da televisión para que poda haber continuidade e que o cinema non sexa cousa de *francotiradores*. Teríamos que buscar as axudas a produtos feitos e ter previstas axudas bancarias con cetros brandos".

O intento da Escola de Imaxe

Entre os logros importantes destes anos cóntase coa Escola de Imaxe e Son, que unha ex-alumna, Lhosca Arias, considera que debe ser un punto de partida, aínda que ela só botou un ano, e agora a dirección do centro conseguiu ampliar os cursos un ano máis.

Xabier Villaverde, director de *Continental* que está preparando *A alma da cidade*, alerta sobre a falta de apoios da Escola "que sae adiante por mor dos esforzos persoais", e abonda na necesidade da colaboración institucional, "é imposible desenvolver proxectos sen o apoio institucional e da TVG. Se o único que se intenta é imitar modelos alleos para acadar éxito, é un camiño abocado ao fracaso. A xente do audiovisual debemos facer unha reflexión sobre como e que queremos facer".

Héctor Carré, que ven de estrear "Dame Lume", premiada polo público en Alcalá de Henares, crítica a política de subvencións ao audiovisual, "porque non hai que dar cartos a xente que fai filmes que non olla ninguén". Raul Veiga, que tamén estreou hai unhas semanas "A metade da vida", lembra outro dos grandes atrancos cando finalmente se remata unha película "na distribución e na exhibición -ves que non significas nada, e estás en mans de mercaderes que só van ao seguro e non asumen risco nengun". ♦

II ANIVERSARIO

DUBLIN
MARTIN CODAX 11 VIGO

6
Decembro

PRESENTANDO
ESTE ANUNCIO,
UN JAMESON DE BALDE II

Dimensións do sector audiovisual

Antecedentes

Nos primeiros anos oitenta, a chegada das equipas de produción, un tímido apoio institucional e a aparición da TVG supoñen o principal impulso a un sector que até entón só nos campos de exhibición e distribución tiña presenza efectiva na Galiza.

Produción (incluíndo televisións)

1640 traballadores
Facturación 12.000 millóns
Capacidade de xeración de emprego indirecto, revulsivo da economía local

Servizos de produción

Inclúe empresas de: dobraxe, auxiliares (material eléctrico e gravación, decorados, atrezzo, vestiário, maquillaxe, localizacións, axencias de modelos e selección de actores), sonorización (sen incluír as rádios), infografía e postprodución.
800 traballadores

Facturación: 3.000 millóns

Distribución e Exhibición cinematográfica

450 traballadores
106 salas e 6 empresas distribuidoras
Facturación: 1.457 millóns

Equipamento profesional

Delegacións das grandes marcas. Televés. Non inclúe electrónica de consumo.
300 traballadores
Facturación: 6.600 millóns
Subsector que experimentará un grande medre coa incorporación de novas tecnoloxías.

Dados globais

3.190 traballadores
Facturación: 23.057 millóns
Sector identificado polo Libro Branco do Crecemento, Competitividade e Emprego da UE, como un dos que contan con meirande potencial de creación de emprego. ♦

(Fonte: Proposta para unha política audiovisual galega. Xociviga, Agosto 1994)

Aberta en Compostela a mostra José Afonso, andarinho, poeta e cantor Un encontro que revive a presenza do Zeca

■ CARME VIDAL

Zeca Afonso cantou a *Grândola* por primeira vez en directo en Compostela. Eran tempos nos que o cantor non podía actuar en Portugal e na Galiza as letras das súas cancións pasaban unha censura eficaz pero ignorante. Os vampiros non descubriron que tamén contra eles ían os cantos do Zeca. Da man de Benedicto, Bibiano, Quico de Cariño ou Miro Casabella, José Afonso encontrou unha realidade pouco diferente daquela contra a que el loitaba no seu país. A súa compañeira Zélia Afonso lembra que "era a mesma represión pero tamén unha cultura irmán á nosa que nós vimos sempre diferente á que impuñan desde o centro".

A *Associação José Afonso*, á que pertence Zélia, é a organizadora da exposición que agora chega a Compostela da man da Universidade e a Fundación 10 de Marzo. Composta de fotografías e textos tirados de entrevistas con Zeca a mostra percorre a traxectoria do cantor portugués e o seu encontro con Galiza que acrecenta aquela outra inaugurada no se de Lisboa Capital Cultural.

Historia sen imaxe

Alí está caste todo o Zeca, pero con dificultades. "Hai moitas cousas importantes das que non hai fotografías, a clandestinidade non permitía tirar imaxes" di Zélia durante a montaxe da exposición. Pero o transcorrer marcado deixa ver con claridade o obxectivo que nunca perdeu o Zeca: "Continuo a pensar que debemos lugar onde existe opresión, seja a nivel que for". Por iso seguiu sempre fiel aos ideais de solidariedade que deron pé ao 25 de Abril do que foi moito máis que o seu cantor oficial. Zélia sinala que "non era convidado só para



LUIS PAULO DOURA

cantar, senón por moitas outras razóns, el significaba uns valores que logo se esqueceron en Portugal". A pesares de ter visto como se lle puña fin aos ideais revolucionarios, o Zeca non perdeu nunca a ilusión porque, segundo a súa compañeira, "non era optimista, mais si combativo, era un andarinho, alguén que anda e aprende e está sempre preparado para calquer cousa".

As conmemoracións do vinte aniversario do 2 de Abril serviron tamén para lembrar á figura de José Afonso pero as homenaxes non conseguiron facer xustiza cunha voz que segue a ser incómoda para a oficialidade portuguesa. É a *Associação José Afonso* quen sen axuda institucional, está a gardar en Portugal a memoria viva do autor de *Grândola* cun centro de documentación en Lisboa e a organización do festival de música popular "Cantigas do maio".

A exposición que agora acolle o pazo de Fonseca é un encontro coa memoria cultural colectiva galega e portuguesa. O colonialismo, a opresión, a dictadura e a revolución pasan pola vida de José Afonso dun xeito reflexivo e serven para ter presente unha historia na que el deixou unha consciente pegada. ♦

MUSEO DA FONSAGRADA, UNHA PERDA PARA A CULTURA ETNOGRÁFICA

X.M. FERNANDEZ COSTAS - XAN CASABELLA

Nesta semana lemos con preocupación e tristura a nova da posibilidade do traslado dos fondos do Museo Comarcal da Fonsagrada para o Museo de Grandas de Salime, pola postura adoptada por parte do grupo de goberno do Concello de non ceder a totalidade do denominado "hospitalillo" para a súa nova ubicación, dada a falta de espazo e o progresivo deterioro dos actuais locais. Esta decisión resulta fora de toda lóxica, cando a cesión xa fora aprobada hai uns anos nun pleno municipal.

Non debemos esquecer que este Museo naceu pola preocupación dun grupo numeroso de xente da Fonsagrada polas raíces e pola cultura material e imaterial da comarca. O museo nítrese das pezas cedidas desinteresadamente por moitos viciños que viron na iniciativa un motivo de orgullo e de salvaguarda da cultura herdada dos seus devanceiros e que os cambios históricos e tecnolóxicos condenaran a desaparecer.

O traballo, a ilusión, a constancia e a planificación son ingredientes que normalmente producen bons resultados, e isto é o que lles ocorreu aos viciños co seu Museo Comarcal. Un Museo que con 12 anos de vida e un amplo labor cultural conta con inúmeras pezas e seccións que o fan un dos máis interesantes e completos de toda a alta montaña oriental galega.

Entre as diversas seccións de que consta o Museo cabe subliñar a adicada á Arqueoloxía, na que se atopan restos arqueolóxicos da comarca a carón doutros restos mexicanos cedidos por un estudos latinoamericano, á artesanía do Liño con todos os elementos imprescindibles para o proceso de transformación da planta até esta se converter en peza elaborada para o seu uso, á relacionada cos traballos agrícolas e apícolas, contendo desde o carro do país até o proceso de recollida e transformación do mel, á da moblaxe doméstica e arquitectura popular na que figuran xunto da lareira as maquetas, fotografías e planos de significativos exemplos de arquitecturas domésticas e adxectivas. Tamén acaban de adquirir, coa axuda da Xunta de Galiza, un precioso e impresionante retábulo barroco dun Pazo destruído da zona. Qudan aínda por expor abundantes pezas que por falta de espazo vense

condenadas ao obstracismo e a ficaren ocultas en escuros e mal acondicionados armacéns, co conseguente perigo para a súa conservación.

Alén disto o Museo estase a enriquecer coa colaboración e participación dos profesores e alumnos dos Centros educativos, nun importante labor pedagóxico impulsado polo Padroado coa recollida de lendas e contos populares e a elaboración temática de aspectos etnográficos da comarca. Os responsábeis do Museo non só se ocupan deste labor, senón que recentemente se fixeron cunha pequena colección de esculturas e pinturas de artistas contemporáneos galegos (Manolo Modes, Ingácio Basallo, Manolo Paz, Paco Pestana, etc.) que basean o seu traballo, conceitualmente moi

avanzado, na utilización de materiais achegados á cultura popular acadando unha perfecta simbiose entre tradición e modernidade.

Toda esta bagaxe cultural pódese ver triste e irremediabilmente perdida para Galiza se as autoridades locais, provinciais e autonómicas, dunha vez por todas, non deciden dotar ao Museo dun local axeitado acorde coa importancia e riqueza que contén, deixando de lado mesquinos intereses con-

xunturais e partidistas. Apelamos ao Director Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, Ánxel Sicart, a que medie neste asunto e non permita que unha parte importante do noso Patrimonio se derrame para sempre ou se translate a outra Autonomía que xa demostrou unha alta sensibilidade no coidado do seu Patrimonio cultural, como o mostra a recente concesión do Premio Príncipe de Asturias ao Museo de Grandas de Salime.

Estamos seguros de que se o Museo consegue o tan desexado local, a súa importancia dinamizadora veras incrementada non só nos seus aspectos culturais senón tamén naqueles outros turísticos e xa que logo económicos dos que tan necesitados está esa comarca deprimida da montaña luguesa. ♦

XOSÉ MANUEL FERNANDEZ COSTAS, XAN CASABELLA LOPEZ. Historiador e arquitecto. Directores da Equipa que realizou o Inventario e Catalogación da Arquitectura Popular da Comarca da Fonsagrada coa axuda da Consellería de Cultura da Xunta de Galiza.

.....
‘Estamos seguros de que se o Museo consegue o tan desexado local, a súa importancia dinamizadora verase incrementada’

UN LIBRO.
UN ALIMENTO
NATURAL

Non é casualidade que os pobos que máis len vivan e se desenvolvan máis.

Porque un libro é un alimento natural imprescindible para o desenvolvemento das persoas, alimento de imaxinación, de creatividade, de experiencias, de cultura...

...Ler, para ser máis libres, para vivir máis e mellor.

Imaxina a vida. Vive un libro.

Os POBOS QUE LEN MÁIS.
VIVEN MÁIS.*



ler é vivir

* HONDURAS: POBOACIÓN LECTORA 60 %, ESPERANZA DE VIDA 64 ANOS. • CHINA: POBOACIÓN LECTORA 73 %, ESPERANZA DE VIDA 69 ANOS. PORTO RICO: POBOACIÓN LECTORA 89 %, ESPERANZA DE VIDA 74 ANOS. • SUECIA: POBOACIÓN LECTORA 99 %, ESPERANZA DE VIDA 78 ANOS.



CONSELLERÍA DE CULTURA
Dirección Xeral de Cultura



Imaxes do primeiro
album de *Mafalda*,
editado por *Souto*
en 1984 e traducido
por Ramón Reimunde e
Xoán Ramón Díaz.



'Facer cada tira levábame un día enteiro' lembra Quino o seu criador **Mafalda cumpre trinta anos**

■ M.V.


Umberto Eco calificara en 1969 a *Mafalda* de "heroína do noso tempo". Hoxe podería decilo con máis razón aínda á vista de que os seus debuxos, reunidos en 10 álbumes, foron traducidos a 27 idiomas —entre eles o galego— e só na Arxentina venderon 20 millóns de exemplares. Pero o máis relevante é que estas series de viñetas que preconizan a curiosidade e a crítica, baixo un aspecto de espontaneidade infantil, seguen a ter a mesma frescura que o 29 de Setembro de 1964, día no que a primeira tira foi publicada.

Quino, o seu criador, lembra, no último número do periódico latinoamericano *Resumen*, que "o ano pasado, sen ir máis lonxe, saíu en Italia un libro coas viñetas que acompañaban ás tiras de *Mafalda*. E o curioso —aponta o debuxante— é que moitas parecían facer referencia directa á campaña de Berlusconi". O prestixio deste comic superou cos anos todo o previsto polo seu autor. O escritor Julio Cortázar chegou a dicir: "Non ten importancia o que eu penso de *Mafalda*. O importante é o que *Mafalda* pensa de min".

Co equilibrio exacto entre simpleza e profundidade, *Mafalda* foi o exemplo das actitudes constestatarias en Latinoamérica ou máis precisamente "nas zonas metropolitanas máis adiantadas" deste continente, como apuntou con acerto Umberto Eco. *Mafalda* é unha heroína das clases

médias e de aí o éxito non menos notable que acadou en Europa.

O relevante traballo artístico de Quino deu pe a que o semiólogo italiano, autor de *O nome da rosa*, lle dedicase un texto específico no que lembra que "o comic, cando logra niveis de calidade, é unha testemuña do momento social". Este mérito non naceu da casualidade. Quino



Joaquín Labado, Quino

confesa que a cada tira lle dedicaba "un día enteiro de traballo, desde as nove da mañá até as cinco da tarde".

Ao universo de *Mafalda* pertencen persoaxes máis unidimensionais, como Susanita, enferma de espírito materno e narcotizada polas súas arelas pequenoburguesas; Felipe, un tranquilo soñador, ou Manolito, tendeiro de barrio que sabe que o valor principal neste mundo é o diñeiro.

Precisamente sobre este último personaxe ten escrito Antonio Pérez Prado, unha das figuras máis destacadas da emigración galega en Bos Aires, calificándoo de clásico representante dos "estereotipos raciais". Manolito ofrece a imaxe do galego brután que ademais ten cara do que é, un parvo sen cultivar. "*Manolito* —sinala Pérez Prado (Grial 118)— é un bon exemplo, mesmo lle poñen frores na cabeza para honrar, en culto funerario, a súa falta de viveza". Un estereotipo que non fai xustiza, dito seña de paso, aos tendeiros galegos que durante tantos anos, grácias á súa práctica de venda ao fiado, mitigaron a fame de tantas familias porteñas.

Mafalda deixou de publicarse o 25 de Xuño de 1973. Pero aínda conserva unha pequena vida privada. "Cando vou a algun lugar onde non atenden ben á xente —di Quino— ou cando quero laíarme por algo, en vez de escribir unha carta debuxo unha *Mafalda*: ela é a portadora da miña bronca". ♦

TRES EN RAIA

Da pel do arnao

■ G. LUCA DE TENA

Polo visto xuntouse na Toxa a primeiro de mes unha man de xornalistas para discutir asuntos profesionais. Non era sen falta de tempo. O congreso contaba coa bendición de Fraga Iribarne, que leva moitos anos preocupadísimo polo pulso dereito da información.

Cóntame que a tal xuntanza resolveu un novo formato de carnet de xornalista, con tapas de pel de arnao tinguidas de vermello de Creta. Non deu tempo a tratar dos xornalistas que venden publicidade ao tempo que se ven obrigados polas súas empresas a facer entrevistas ou reportaxes aos mesmos anunciantes; non se falou moito do paro nen da consigna dalguns editores de cansar aos reporteiros novos con promesas falsas, para recambialos á primeira queixa por calqueroutro da cola do paro. Cabalo reventado, orxo ao rabo.

Para ser xustos, os que defendemos a vía sindical e de clase para abordar os problemas profesionais, non damos un peso pola utilidade destas mariscadas maratónicas, con curita do Opus a bendecir a mesa.

Algo se perde pero temos compensacións como poder botarlle unha man a Pepe Rei, ao que encerraron no trullo de Carabanchel por ser un profesional de bandeira que denunciou a corrupción. Un congreso tan serio e nen tempo tiveron de tratar deste asunto. Mágoa, hom.

Agora choutamos de ledicia porque Pepe xa está fora da cadea e pasado mañá celebraremos cun xantar na nosa terra o seu regreso.

Evidentemente non será como o da Toxa porque aquí cadaquén ten que pagar o seu. ♦

VOLVER AO REGO

A versión oficial española é que o "non" á Comunidade de Noruega é perxudicial para a pesca. Esta idea é repetida no seu editorial polo xornal madrileño *El País*. O mesmo diário, nunha información sobre o tema, chega a dicir citando a "fontes dos armadores de Vigo" que o resultado é moi negativo.

Sen embargo, tal información é redondamente falsa. A Cooperativa de Armadores de Vigo, por boca do seu presidente, Xosé Ramón Fortes, mostrou a súa "satisfacción" polo resultado. Entre outras razóns porque as negociacións levadas a cabo con Noruega sobre os caladeiros de bacallau foran pésimas para os intereses dos pesqueiros galegos. A situación chegara a tal punto, que a UE xa tiña nomeado un Comisario de Pesca noruego, ou seña o colmo. Isto non se di aquí.

Cando deixará de estar Galiza hipotecada polos criterios e as informacións da *Villa y Corte*? ♦

